

Xeografía e Historia 2 ESO

AVANZA

O libro **Xeografía e Historia** para 2.º de ESO é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no departamento de Edicións Educativas de Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L., dirixido por **Antonio Brandi Fernández** e **Ana María Guerra Cañizo**.

Na súa elaboración participou o seguinte equipo:

Álvaro Bellón Mena
José M.ª Caballero Martínez
Lourdes Etxebarria Orella
Gabriela Martín Bermejo
Raquel Rubalcaba Bermejo

EDICIÓN
Gabriela Martín Bermejo
Raquel Rubalcaba Bermejo

EDITORA EXECUTIVA
Lourdes Etxebarria Orella

DIRECCIÓN DO PROXECTO
Teresa Grence Ruiz

Proxecto **Os Camiños do Saber**

SANTILLANA OBRADOIRO

Índice










1. O inicio da Idade Media

1. O imperio bizantino 8
2. Mahoma, o fundador do islam 10
3. A relixión islámica 10
4. A expansión do islam e o goberno do territorio 12
5. A sociedade islámica 12

Paso a paso: Interpretar liñas do tempo 14
Paso a paso: Comparar liñas do tempo 15

2. O nacemento de Europa

1. O imperio carolinxio 18
2. O feudalismo 20
3. Uns reis débiles 20
4. A nobreza 22
5. O feudo 22
6. O poder da Igrexa 24
7. Os campesiños 24

Paso a paso: Analizar un mapa histórico 26

3. A época do Románico

1. Unha arte relixiosa 30
2. A arquitectura románica 30
3. A escultura románica 32
4. A pintura románica 32

4. A consolidación dos reinos europeos

1. A prosperidade económica do século XIII 36
2. O renacer das cidades 38
3. O auxe da artesanía 38
4. O reforzamento das monarquías 40
5. A crise do século XIV 42

5. A época do Gótico

1. Unha cultura urbana 46
2. A arquitectura gótica 46
3. A escultura gótica 48
4. A pintura gótica 48

Paso a paso: Analizar o alzado dun edificio 50

6. Al-Andalus

1. A historia de Al-Andalus: da conquista ao califato 54
2. A historia de Al-Andalus: das taifas ao reino de Granada 56
3. A economía e a sociedade andalusís 58
4. O legado cultural e artístico 58

Paso a paso: Extraer información dun documento 60

7. Os reinos cristiáns hispánicos

1. Os núcleos occidentais de resistencia cristiá 64
2. Os núcleos pirenaicos de resistencia cristiá 64
3. O avance dos reinos cristiáns 66
4. A repoboación 66
5. A Coroa de Castela 68
6. A Coroa de Aragón 70

8. A orixe do mundo moderno

1. O mundo coñecido polos europeos no século XV 74
2. Causas dos descubrimentos 74
3. As exploracións portuguesas 76
4. As exploracións castelás 76
5. A repartición do mundo 76
6. Os cambios económicos e sociais 78
7. O nacemento do Estado Moderno 80
8. Os Reis Católicos 80











9. O cambio cultural: Renacemento e Reforma

1. O Humanismo 84
2. Un novo estilo artístico 84
3. A arquitectura renacentista 84
4. A pintura renacentista 86
5. A escultura renacentista 86
6. A Reforma 88
7. A Contrarreforma 88
8. As consecuencias da Reforma 88

Paso a paso: Comentar un edificio renacentista 90
Paso a paso: Crear un informe a partir de documentos históricos 91

10. O apoxeo do imperio español

1. O imperio de Carlos V 94
2. A Monarquía Hispánica de Filipe II 96
3. A organización do imperio 98
4. A conquista de América 100
5. O imperio americano 100

11. A crise do imperio español

1. O final da hexemonía española 104
2. A diminución da poboación 106
3. O retroceso económico 106
4. O empobrecemento da sociedade 106
5. A hexemonía francesa 108
6. As potencias parlamentarias 108

12. A Europa do Barroco

1. A mentalidade barroca 112
2. A arquitectura barroca 112
3. A escultura barroca 114
4. A pintura barroca 114
5. A arquitectura e a escultura barrocas en España 116
6. O Século de Ouro da pintura española 116

Paso a paso: Analizar un cadro barroco 118
Paso a paso: Analizar unha escultura barroca 119

13. A poboación do mundo

1. A distribución da poboación 122
2. A natalidade e a fecundidade no mundo 124
3. A mortalidade e a esperanza de vida 126
4. Os países ricos e os países pobres 128
5. As migracións 130

Paso a paso: Interpretar unha pirámide de poboación 132

14. Unha poboación diversa

1. As sociedades segundo a estrutura económica 136
2. A diversidade cultural no mundo 138
3. Grandes retos culturais de hoxe 138
4. A sociedade occidental 140
5. Desigualdades e conflitos sociais 140

Paso a paso: Elaborar e interpretar gráficos sectoriais 142

15. Poboación e sociedade na UE e España

1. A poboación da UE 146
2. A poboación española 148
3. Dun país de emigrantes a un país de inmigrantes 150

Paso a paso: Facer e interpretar un mapa de coropletas 152

16. Cara a un mundo de cidades

1. O espazo rural 156
2. O espazo urbano 158
3. A explosión urbana 160
4. A rede urbana mundial 160
5. As cidades dos países desenvolvidos 162
6. As cidades dos países en desenvolvemento 162

Paso a paso: Analizar un plano urbano 164

17. As cidades en Europa e España

1. A longa historia das cidades europeas 168
2. As cidades españolas 170

Anexo cartográfico 173

Esquema do libro

Ao comezar a unidade...

Unha breve **introdución** e unha grande **imaxe** presentan o tema e relacionan contidos e obxectivos.



A sección **Vas aprender a...** recolle os aspectos máis importantes que desenvolve o tema.

Cada tema está composto por varias páxinas de información e actividades.

O texto, de carácter informativo, explicativo e descritivo, vai acompañado de distintos elementos.

A información organízase en **epígrafes** e **subepígrafes**, cunha programación que é paralela á do libro do alumno.

O **Dicionario visual** apoia con fotos, debuxos, mapas, gráficos ou esquemas a aprendizaxe dos conceptos.



As **Actividades** están secuenciadas en categorías (**Comprende**, **Razoa**, **Aplica**, **Elabora a túa conclusión**) para facilitar a comprensión.

Unha serie de **fichas** (*Sabías que…*, *Non te confundas*, *Un personaxe*, *Ten en conta*…) complementan o texto informativo.

Cada tema péchase cun **Resumo**.



O **Resumo** axuda a repasar as ideas e os conceptos fundamentais do tema. Pode ter o aspecto dun esquema, unha táboa ou unha ficha.

As páxinas de **Paso a paso** explican os procedementos fundamentais da Xeografía e a Historia.

A sección **Que pasos debes seguir?** recolle as pautas que hai que seguir para aplicar a técnica ou o procedemento.



A sección **Faino ti** propón a realización da técnica de maneira pautada e sinxela.

Os procedementos de maior dificultade incorporan un **Exemplo resolto**.



Ademais, un **Anexo cartográfico** completa o libro. Incorpora os mapas políticos de España, de Europa e do mundo.







TEMA 1

O inicio da Idade Media

No ano 395, o emperador Teodosio dividiu o imperio romano en dúas partes: o imperio romano de Occidente, que desapareceu no ano 476, e o imperio romano de Oriente, que perviviu ata o século XV co nome de imperio bizantino.

Por outra parte, ata o século VII, Arabia estivo apartada dos grandes centros históricos. Non obstante, a relixión predicada por Mahoma uniu os seus habitantes baixo unha brillante civilización, o islam.

Nas seguintes páxinas coñecerás como evolucionaron estas dúas grandes civilizacións.



VAS APRENDER A...

- Localizar a civilización bizantina e a civilización islámica, e distinguir as súas etapas históricas.
- Explicar as principais características do imperio bizantino e da civilización islámica.
- Identificar os trazos fundamentais da relixión islámica.
- Interpretar e comparar liñas do tempo.

1. O imperio bizantino

No ano 476 desapareceu o imperio romano de Occidente, pero o imperio romano de Oriente perviviu co nome de **imperio bizantino**. A súa capital foi **Constantinopla**. A época máis brillante coincidiu co reinado de **Xustiniano** (527-565). Os seus exércitos conquistaron numerosos territorios.

O imperio bizantino estaba gobernado polo **emperador ou basileus**, que dirixía o exército e a administración, e era o xefe relixioso. Os **funcionarios** executaban as súas ordes e os **diplomáticos** encargábanse das relacións con outros territorios. Ademais, o imperio contaba cun poderoso **exército**.

Non obstante, as conquistas de Xustiniano non se conservaron durante moito tempo. A principios do século XV só quedaba Constantinopla en mans bizantinas. Os **turcos** conquistárona en 1453 e o imperio bizantino desapareceu.

A vida no imperio bizantino

As **cidades** tiveron moita importancia. Os bizantinos dominaron o comercio no Mediterráneo e gozaron de gran **prosperidade económica**.

En 1054, a **Igrexa bizantina ou ortodoxa** recoñeceu ao patriarca de Constantinopla en vez de ao papa e separouse da Igrexa católica. Esta separación coñécese como o **Cisma de Oriente**.

DICIONARIO VISUAL



O imperio bizantino



ACTIVIDADES

Comprende

1. Cronoloxía. Observa a liña do tempo e responde.



- Que feito sucedeu no ano 476?

- Que feito marcou o final do imperio bizantino?

- En que séculos viviu a súa época de esplendor?

- E a época de declive?

2. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda. As afirmacións que consideres erróneas escríbeas debaixo correctamente.

☐ O reinado de Xustiniano foi a época de maior esplendor do imperio bizantino.

☐ A rede de funcionarios e o corpo de diplomáticos concentraban todos os poderes.

☐ O imperio bizantino terminou en 1453, coa conquista de Constantinopla polos turcos.

3. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Basileus:

- Igrexa ortodoxa:

- Cisma de Oriente:

Razoa

4. Analiza. Cres que o imperio bizantino era unha civilización rural ou urbana? Xustifica a resposta.

Aplica

5. Interpreta o mapa. Observa o mapa do imperio bizantino e responde.

- Que territorios abrangueu no século VI?

- Que territorios perdeu primeiro?

- Cal foi a última zona que conservou?

Elabora a túa conclusión

6. Sintetiza. Completa a táboa.

Imperio bizantino	
Quen gobernaba	
Actividades económicas	
Relixión	

2. Mahoma, o fundador do islam

O **islam** naceu en Arabia no século VII, cando **Mahoma**, un comerciante da Meca, se sentiu chamado por Deus e predicou unha nova relixión.

Os ricos comerciantes da Meca consideraron as súas predicacións unha ameaza para a orde social. Por iso, Mahoma tivo que trasladarse á cidade de **Medina** no ano 622.

3. A relixión islámica

As predicacións de Mahoma recolléronse no **Corán**, o libro sagrado dos musulmáns. Todo musulmán debe cumprir cinco obrigacións fundamentais:

- Testificar que non hai máis Deus que **Alá**, que é como os musulmáns chaman ao único Deus, e que **Mahoma** é o seu profeta.
- **Orar** cinco veces ao día. Os musulmáns rezan na **mesquita**.
- **Peregrinar** á cidade santa da Meca polo menos unha vez na vida.
- **Facer xaxún** durante o mes de Ramadán.
- Dar **esmola** aos pobres.

Nun principio, os musulmáns tiñan obrigación de estender a súa relixión mediante a **yihad ou guerra santa**. Hoxe, esta obrigación só é respaldada polos máis extremistas.

NON TE CONFUNDAS

Non é o mesmo árabe ca musulmán.

Árabe é o habitante de Arabia, unha extensa península de Asia situada entre o mar Vermello e o golfo Pérsico.

En cambio, **musulmán** é a persoa que profesa a relixión islámica. Un musulmán pode ser árabe ou non.

SABÍAS QUE...

Para medir o tempo, os musulmáns toman como referencia o ano en que Mahoma se trasladou á cidade de Medina. Esta data recibe o nome de **héxira**.

Por iso, o ano 622 da nosa era corresponde ao ano 1 na civilización islámica.

DICIONARIO VISUAL

Estrutura da mesquita



ACTIVIDADES

Comprende

7. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda. As afirmacións que consideres erróneas escríbeas debaixo corrixidas.

- ☐ O islam é unha relixión politeísta, coma o cristianismo.
- ☐ O fundador do islam foi Alá, un comerciante da cidade da Meca.
- ☐ A peregrinación á Meca é unha das obrigacións que manda o islam.

8. Describe. Responde as preguntas.

- Cando e onde tivo a súa orixe o islam?
- Quen foi o seu fundador? Que sabes del?
- En que ano se trasladou Mahoma da Meca a Medina? Por que razón o fixo?

9. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Yihad:
- Islam:
- Alá:
- Corán:

Razoa

10. Compara. Cres que existe algún parecido entre o islam e o cristianismo? Explica por que.

Aplica

11. Interpreta a fotografía. Escribe os números onde corresponda: patio (1), sala de oración (2).



Elabora a túa conclusión

12. Resume. Completa o esquema.

Obrigacións do islam

4. A expansión do islam e o goberno do territorio

Tras a morte de Mahoma no ano 632, os exércitos musulmáns expandiron a relixión e crearon un grande imperio. Este atravesou varias etapas:

- **Califato ortodoxo.** Os parentes de Mahoma gobernaban o imperio. Chegaban ao poder por elección. Controlaron toda a península Arábiga.
- **Etapa Omeia.** O título de califa fíxose hereditario entre os membros da familia Omeia. Conquistaron moitos territorios, desde Persia ata a península Ibérica. No ano 750 produciuse unha **rebelión** que puxo no poder a dinastía dos Abasidas.
- **Etapa Abasida.** Nesta etapa multiplicáronse as loitas polo poder e o imperio empezou a desintegrarse.
- **Desintegración.** A partir do século XIII, os **turcos**, un pobo musulmán procedente de Asia, convertéronse no pobo máis poderoso do mundo islámico.

A máxima autoridade do imperio era o **califa**, que dispoñía do poder político e relixioso. Asistíano os seus conselleiros, chamados **visires**, e numerosos funcionarios.

5. A sociedade islámica

Na sociedade islámica convivían persoas de distintas relixións e etnias. Por enriba destas diferenzas, existía unha división social baseada en criterios económicos.

- A **aristocracia**, formada polos gobernantes e os grandes propietarios, tiña o poder político e económico.
- Os **notables** eran os comerciantes, artesáns con obradoiros propios e pequenos propietarios rurais. Tiñan un nivel económico medio, pero non interviñan na política.
- **A maioría da poboación** estaba composta por vendedores ambulantes, artesáns sen obradoiro e campesiños que carecían de propiedades.

As **mulleres** estaban supeditadas á autoridade do seu pai ou do seu home.

DEREITOS HUMANOS

Na cultura islámica, as **mulleres** eran consideradas como unha das posesións máis valiosas dun home.

O Corán permitía a cada home ter ata un máximo de catro mulleres, ás que debía tratar de igual maneira.

As mulleres casadas tiñan a obrigación de obedecer o seu home e coidar dos fillos e da casa, da que non podían saír soas nin sen permiso.

A educación estaba reservada aos fillos homes.

Etapas da historia do islam



ACTIVIDADES

Comprende

13. Sitúa no mapa. Observa o mapa da expansión do islam e responde.



- Que zona controlaba o islam á morte de Mahoma?

- Que territorios abrangueu na súa maior expansión?

- Baixo que dinastía chegaron os musulmáns á península Ibérica?

- Nomea algunhas cidades importantes.

14. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Califa:

- Visir:

- Omeia:

15. Cronoloxía. Escribe en orde cronolóxica as etapas do islam medieval.

Razoa

16. Analiza. Observa a pirámide social e responde.



- Quen formaba a minoría?

- Con que criterios está organizada esta pirámide: económicos, relixiosos ou raciais?

Elabora a túa conclusión

17. Pensa. Parecíase a organización política do islam á do imperio bizantino? Por que?

Paso a paso: Interpretar liñas do tempo

A **liña do tempo** é un debuxo que representa diversos acontecementos ordenados no tempo.

As liñas do tempo permiten observar dunha ollada a orde en que se sucederon os feitos e a duración das etapas a que corresponden.

Cada etapa represéntase **cunha cor** diferente.

Os **anos de referencia** axúdannos a situarnos no tempo.



A **lonxitude de cada período** debe ser **proporcional** ao tempo que durou.

Os **acontecementos** sitúanse sucesivamente e en orde cronolóxica.

Que pasos debes seguir?

1 Fíxate no aspecto histórico que representa.

Fíxate no título. Se carece del, ten en conta as datas de inicio e final da liña do tempo, así como as etapas e os feitos que aparecen nela para coñecer o momento histórico ou o aspecto que se representou.

2 Ten en conta o período histórico que abrangue.

Observa a data de inicio e a data final da liña do tempo. Despois, sitúa ese período na etapa da Historia que lle corresponda.

3 Observa se se sinalaron etapas diferenciadas.

Analiza se na liña do tempo se sinalaron períodos. Escribe os seus nomes, a data de inicio e final e a duración de cada un. Valora cales foron os máis extensos, os máis breves, as épocas de crise, as de maior desenvolvemento…

4 Por último, analiza os acontecementos que se representaron.

Enumera os feitos que localices na liña do tempo e indica a data en que sucederon. Despois, relaciona cada acontecemento cunha etapa. Finalmente, valora a transcendencia histórica dos feitos sinalados.

LEMBRA

Cando interpretas unha liña do tempo debes ter en conta unha serie de aspectos:

- Lembra que os historiadores estableceron unha división da Historia en cinco etapas: **Prehistoria**, **Historia Antiga**, **Idade Media**, **Idade Moderna** e **Idade Contemporánea**.
- Lembra tamén que **cada civilización mide o tempo tomando como referencia un acontecemento que considera esencial**.

  Por exemplo, nós contabilizamos o tempo a partir do ano do nacemento de Xesucristo. Pero os musulmáns cóntano a partir do ano 622, cando Mahoma fuxiu da cidade da Meca a Medina. Por iso, ese ano da nosa era corresponde ao ano 1 da civilización islámica.
- Aínda que este aspecto non afecta á Idade Media, lembra que os anos anteriores ao nacemento de Xesucristo son **anos a.C.** e cóntanse de atrás cara adiante, e que os anos posteriores a este acontecemento son **anos d.C.** e cóntanse de maneira consecutiva ata a actualidade. Pasamos directamente do ano 1 a.C. ao 1 d.C.

Faino ti

18. Analiza a liña do tempo do imperio bizantino da páxina 14.

- Cando comezou o imperio bizantino? Que feito marcou o seu final? En que ano sucedeu?

- Que séculos abrangueu?

- Marca as afirmacións que son verdadeiras (V). Na liña do tempo…
  - ☐ … diferéncianse as etapas do imperio bizantino.
  - ☐ … reflíctense as causas do declive do imperio bizantino.
  - ☐ … represéntanse os feitos máis destacados sucedidos no imperio bizantino.

- Completa a táboa.

Etapa	Inicio	Fin

- Sinala os feitos máis significativos.

Feito	Ano	Etapa

19. Completa a liña do tempo do islam. Fíxate na liña do tempo da páxina 12. Colorea as etapas e escribe o nome de cada unha.



Paso a paso: Comparar liñas do tempo

Comparar dúas ou máis **liñas do tempo** é unha ferramenta moi útil para establecer parecidos e diferenzas entre distintas civilizacións ou entre diferentes aspectos dunha mesma civilización.

Que pasos debes seguir?

1. **Fíxate nas datas iniciais e finais** dos fenómenos representados.
2. Se hai **etapas**, compara se coinciden no tempo.
3. **Compara os feitos e os personaxes** que aparecen representados. Na historia hai feitos que se producen de forma sucesiva e outros de maneira simultánea.

Faino ti

20. Compara a liña do tempo do imperio bizantino coa que completaches do islam.

- Que civilización comezou antes?

- Coincidiron no tempo? Cando?

- A que etapa bizantina corresponde o período Omeia, ao esplendor ou á crise? E a época de Mahoma?

Resumo

O IMPERIO BIZANTINO		
Evolución histórica	Datas	• Data inicial: • Data final: • Datas do reinado de Xustiniano:
	Territorios que abrangueu	
Economía	Cidades	
	Comercio	
Relixión		

O ISLAM MEDIEVAL			
O islam	Fundador		
	Preceptos		
Evolución histórica	Etapas	Datas	Características
Sociedade	Grupos sociais		

TEMA

2

O nacemento de Europa

No ano 476, desapareceu o imperio romano de Occidente. O espazo que ocupara fragmentouse en numerosos reinos independentes, onde se asentaron tribos xermanas. Concretamente, nas terras da actual Francia establecéronse os francos, que deron paso ao imperio carolinxio.

Os primeiros séculos da Idade Media foron unha época de división e de inseguridade. Diferentes pobos arrasaron Europa. Os reis eran débiles e non tiñan medios para protexer os seus reinos. Por iso, os campesiños buscaron a protección dos nobres. Así foise tecendo unha cadea de lazos persoais que cambiou a política e a sociedade.

Neste tema coñecerás as orixes de Europa e aprenderás como se organizou a sociedade feudal.



VAS APRENDER A...

- Comprender a organización do imperio carolinxio e explicar as súas características principais.
- Coñecer os trazos das invasións viquingas, maxiares e sarracenas.
- Explicar o concepto de feudalismo.
- Describir a sociedade medieval.
- Analizar mapas históricos.

1. O imperio carolinxio

Tras a desintegración do imperio romano de Occidente, no territorio actual de Francia estableceuse o **reino dos francos**. Os reis francos deixaron o goberno nas mans de altos funcionarios chamados **mordomos de palacio**. O mordomo máis importante foi Carlos Martel, que derrotou os musulmáns na batalla de Poitiers (732).

Pipino o Breve, o seu fillo, derrocou o último monarca franco e coroouse rei. A este sucedeuno **Carlomagno**, que ampliou as fronteiras do reino. O seu poder foi tan grande que no ano 800 foi coroado polo papa como emperador de Occidente.

A organización do imperio carolinxio

Carlomagno dividiu o imperio en **condados**, gobernados por un conde. Nas zonas de fronteira creou **marcas**, que eran territorios cun exército mandado por un marqués. Tanto os condes coma os marqueses debían xurarlle **fidelidade**.

A maioría da poboación residía no campo. As cidades eran pequenas, e a artesanía e o comercio escasos.

A disolución do imperio carolinxio

Tras a morte de Carlomagno, o seu fillo Luís o Piadoso herdou o imperio carolinxio. Pero cando este faleceu, o imperio dividiuse entre os seus tres fillos, Carlos, Luís e Lotario.

No ano 843, os tres irmáns asinaron o **tratado de Verdún**, polo que recoñecían a repartición do imperio.

SABÍAS QUE...

Na época carolinxia produciuse un auténtico renacemento cultural.

Carlomagno rodeouse dalgúns dos grandes sabios da época. Ademais, creou escolas nas catedrais e nos mosteiros para ensinar gramática.

Carlomagno estableceu a capital do seu imperio na cidade alemá de Aquisgrán. Nela mandou construír o seu palacio, que constaba de varios edificios. De todo o conxunto arquitectónico só se conserva a Capela Palatina, onde se situaba o trono do emperador. Alí foi coroado Carlomagno e alí coroáronse os emperadores alemáns ata o século XVI.

O imperio carolinxio



O tratado de Verdún



ACTIVIDADES

Comprende

1. Cronoloxía. Responde as preguntas.

- En que ano foi coroado emperador Carlomagno?
- A que século corresponde esa data?
- En que ano se desmembrou o imperio carolinxio?

2. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda. As afirmacións que consideres erróneas escríbeas debaixo correctamente.

- ☐ Os mordomos de palacio adquiriron moito poder no reino franco.
- ☐ No imperio carolinxio, a poboación era maioritariamente urbana.
- ☐ Carlomagno herdou o trono do último rei dos francos.
- ☐ O tratado de Verdún supuxo a repartición do imperio carolinxio.

3. Conceptos. Une cada cargo coa súa función.

Marqués	Alto funcionario no reino dos francos
Conde	Gobernador dun condado
Mordomo de palacio	Gobernador dun territorio fronteirizo

Razoa

4. Compara. Explica en que se parecían e en que se diferenciaban un conde e un marqués.

Aplica

5. Interpreta o mapa. Observa os mapas da páxina 18 e responde.

- Por que territorios se expandiu Carlomagno? Marca a resposta correcta.
  - ☐ Pola península Ibérica.
  - ☐ Polo centro e polo oeste de Europa.
  - ☐ Pola península Escandinava.
- Cantas marcas creou Carlomagno? Enuméraas.
- Algunha delas estaba na península Ibérica? Para que cres que se creou?
- En cantas partes se dividiu o imperio carolinxio?

Elabora a túa conclusión

6. Resume. Completa a táboa.

O imperio carolinxio	
Orixe	
Organización	
Disolución	

2. O feudalismo

A segunda metade do século IX e o século X foron tempos de inseguridade en Europa. Os reinos europeos loitaban entre si, o que facilitou unha segunda ondada de invasións. Estas invasións proviñan de diferentes lugares: do norte de Europa chegaron os **viquingos**; das estepas de Asia, os **maxiares ou húngaros**, e do norte de África, os **sarracenos** ou piratas musulmáns.

Esta situación de inseguridade transformou profundamente a sociedade e deu lugar ao **feudalismo**.

Como os reis non tiñan medios para protexer os seus súbditos, os campesiños buscaron a **protección dos nobres**. A cambio desta protección, o nobre esixíalles que traballasen para el e se sometesen á súa autoridade. Así, os campesiños pasaron a ser **servos** dos nobres.

Á súa vez, os nobres aceptaron a superioridade do rei mediante un pacto denominado **vasalaxe**. A través da cerimonia da **homenaxe**, xurábanlle fidelidade, apoio militar e consello. O rei, pola súa parte, cedíalles unhas terras ou **feudo**.

Os nobres podían tamén ter vasalos, que adoitaban ser nobres menos importantes. Desta maneira estableceuse unha **cadea de lazos persoais** que ligaba o rei cos nobres do reino.

A sociedade medieval

A sociedade medieval quedou dividida en tres **estamentos** aos que se pertencía por nacemento:

- Os **nobres** eran os cabaleiros e defendían a poboación.
- Os **clérigos** eran os monxes e sacerdotes. Rezaban para lograr a salvación espiritual das persoas.
- Os **traballadores** eran os campesiños, artesáns e comerciantes. Producían alimentos e produtos para a sociedade.

Os nobres e os clérigos eran o **estamento privilexiado**: non pagaban impostos.

DICIONARIO VISUAL

As relacións feudais



3. Uns reis débiles

Tras a fragmentación do imperio carolinxio, Europa dividiuse en numerosos reinos, que tiñan á fronte reis moi débiles. En gran medida as súas decisións só afectaban ao territorio baixo o seu dominio, xa que a súa fonte de ingresos proviña das cidades e dos seus feudos.

O rei tiña unha **corte** que axudaba o monarca nas súas decisións. O seu **exército** era moi reducido e por iso debía contar co apoio de exércitos privados.

ACTIVIDADES

Comprende

7. Identifica no mapa. Observa o mapa e responde.



- Cales eran os dous reinos europeos máis extensos?

- Como era o poder dos reis nesta época?

8. Conceptos. Explica o significado dos seguintes termos.

- Cerimonia da homenaxe:

- Vasalo:

- Estamento:

Razoa

9. Explica. Que diferenzas había entre os privilexiados e os non privilexiados?

Aplica

10. Interpreta o debuxo. Explica en que consistían os lazos persoais entre un señor e o seu vasalo.



Elabora a túa conclusión

11 . Resume. Que é o feudalismo?

4. A nobreza

Non todos os **nobres** eran igual de poderosos. Algúns eran donos de grandes feudos e de inmensas riquezas, mentres que outros só posuían as súas armas e o seu cabalo.

A **guerra** era a súa principal actividade. En caso de guerra, o rei convocaba os cabaleiros, que acudían coas súas tropas e formaban unha **mesnada**.

As **mulleres nobres** estaban sometidas ao seu home, ao que non podían desobedecer.

DICIONARIO VISUAL



5. O feudo

O **feudo** era a terra que os nobres recibían a cambio de xurar fidelidade ao rei. Esta terra dividíase en dúas partes:

- A **reserva** era o conxunto das terras de cultivo, prados e bosques cuxa explotación se reservaba o señor.
- Os **mansos** eran porcións de terra que o señor entregaba aos campesiños para o seu sustento a cambio dunhas rendas.

Ademais, os señores feudais **impartían xustiza** no feudo e **cobraban impostos**.

DICIONARIO VISUAL



ACTIVIDADES

Comprende

12. Lembra. Responde as preguntas.

- Cal era a función dos nobres na sociedade medieval?

- Que diferenzas había entre os nobres?

- Que tipo de dereitos tiñan os señores feudais sobre os seus feudos?

13. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Mesnada:

- Feudo:

14. Identifica. Marca verdadeiro (V) ou falso (F) segundo corresponda.

- ☐ Os mansos eran propiedade dos campesiños, aínda que entregaban unha parte da colleita ao señor feudal.
- ☐ Os nobres posuían moito poder e inmensas riquezas.
- ☐ A principal actividade dos nobres era a guerra.
- ☐ Os señores feudais impartían xustiza nos seus feudos, pero non podían cobrar impostos.

15. Compara. Explica as diferenzas entre a reserva e os mansos.

Razoa

16. Pensa. Responde as preguntas.

- Os nobres formaban parte dos estamentos privilexiados ou dos non privilexiados?

- Un campesiño rico podía converterse en nobre? Xustifica a resposta.

- A situación das mulleres nobres era a mesma ca a dos homes? Por que?

Aplica

17. Interpreta o debuxo. Escribe os números no lugar correcto: manso (1) e reserva (2).



Elabora a túa conclusión

18. Resume. Completa a táboa.

O feudo	
Definición	
Partes	

6. O poder da Igrexa

A **cristiandade** era o territorio por onde se estendía o cristianismo, a relixión maioritaria dos europeos.

Á cabeza da Igrexa encontrábase o **papa**, a máxima autoridade relixiosa. Por debaixo do papa, a Igrexa estaba dividida en clero secular e clero regular.

- O **clero secular** estaba formado polos sacerdotes e os bispos. Estes últimos controlaban as **dioceses**, constituídas por varias **parroquias**, onde realizaban o seu labor os sacerdotes.
- O **clero regular** estaba integrado polas ordes relixiosas. Á fronte de cada orde encontrábase o abade, e por debaixo deste, os freires, os monxes e as monxas.

A Igrexa tiña moito poder: os papas interviñan nos asuntos dos Estados cristiáns, e os mosteiros e as catedrais posuían grandes extensións de terras. Ademais, os campesiños pagábanlle á Igrexa o **décimo**, que equivalía a unha décima parte da colleita.

A expansión da cristiandade

Entre os séculos XI e XIII a Europa cristiá foi ampliando as súas fronteiras a través de diferentes vías.

- En Europa, os católicos alemáns e os ortodoxos bizantinos cristianizaron os pobos eslavos, e os cristiáns da península Ibérica conquistaron territorio musulmán.
- Organizáronse **Cruzadas**, que eran intervencións militares para conquistar Terra Santa aos musulmáns.

Ademais, os principais lugares do cristianismo (Xerusalén, Roma e Santiago de Compostela) atraeron moitos peregrinos.

DICIONARIO VISUAL

Estrutura da Igrexa



7. Os campesiños

A maioría da poboación estaba formada por campesiños. Non obstante, a súa situación non era sempre a mesma.

- Os **servos** estaban sometidos completamente á autoridade do señor. Non podían abandonar o feudo sen o seu permiso e traballaban gratuitamente para o señor. A condición de servos pasaba de pais a fillos.
- Os **campesiños libres** podían abandonar o feudo. Traballaban os mansos e pagábanlle rendas ao señor.

En xeral, os campesiños vivían en pequenas aldeas, en vivendas moi pobres que tiñan un único cuarto. Os campesiños eran autosuficientes, é dicir, producían todo aquilo que necesitaban.

ACTIVIDADES

Comprende

19. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Cristiandade:
- Cruzadas:
- Décimo:
- Diocese:
- Abade:

20. Compara. Explica a diferenza entre estes conceptos.

- Clero regular e clero secular:
- Servo e campesiño libre:

Razoa

21. Analiza as causas. A Igrexa tiña moito poder na Idade Media. A que se debía?

Aplica

22. Clasifica. Completa o esquema sobre a estrutura da Igrexa na Idade Media.



23. Interpreta o mapa. Observa o mapa das Cruzadas e responde.



- A que cidade se dirixían os cruzados?
- De onde partiu a primeira Cruzada?

Elabora a túa conclusión

24. Resume. Explica brevemente como estaba organizada a sociedade medieval.

A sociedade medieval estaba organizada en tres estamentos, que eran:

Paso a paso: Analizar un mapa histórico

Un **mapa histórico** é unha representación gráfica que permite recrear un territorio nun momento determinado da historia.

Nun mapa histórico reflíctense feitos ou situacións do pasado, como a expansión ou fragmentación dun imperio, o desenvolvemento dunha batalla, etc.

Lenda. Explica o significado dos signos e das cores utilizadas.

Título. Informa sobre os feitos ou aspectos que se representan.



Territorio. Informa sobre a zona xeográfica representada.

Rotulación. Son os textos que acompañan o mapa.

Que pasos debes seguir?

1. **Fíxate no tema.** O título ou o pé que adoitan acompañar un mapa así como a lenda proporcionan moita información sobre o tema.

2. **Ten en conta o territorio que se representa no mapa.** Observa se se trata dun mapamundi en que se representan todos os continentes ou se reflicte un territorio máis reducido, como un continente, un país, unha rexión, unha cidade… É importante que te fixes tamén en se só se indican aspectos políticos, é dicir, as fronteiras dos territorios, ou se tamén se inclúen accidentes xeográficos (ríos, sistemas montañosos, lagos…).

3. **Non esquezas a cronoloxía**, é dicir, situar o mapa nun momento da Historia. Os mapas históricos poden describir un feito (unha batalla, por exemplo), pero tamén poden recoller a evolución dun fenómeno ou dun territorio ao longo do tempo (unha guerra, por exemplo).

4. **A lenda é fundamental.** Nela recóllense todos os símbolos e as cores utilizados no mapa e o seu significado.

5. **A rotulación axuda a comprender o mapa.** Chamamos rotulación a todos os nomes que acompañan o mapa, como cidades, datas, batallas, nomes de Estados, etc.

TEN EN CONTA

Moitas veces, a análise dun mapa histórico permítenos comprender fenómenos ou situacións que suceden na actualidade.

Por iso, sempre é interesante comparar o mapa do pasado cun dos nosos días.



Europa na actualidade.

Faino ti

25. Observa o mapa da páxina 26.

- Que tema representa?

- Onde encontraches esa información?

- Que zona xeográfica representa? Marca.
  - ☐ O mundo.
  - ☐ Europa.
  - ☐ A península Ibérica.
- A que séculos corresponde a información?

- Fíxate na lenda. Que significan as frechas?

- Por que se utilizaron tres cores nelas?

- A que fai referencia a rotulación que aparece no mapa?

26. Analiza o mapa.

- Fíxate na dirección das frechas no mapa. Cara a que zonas se dirixiron os viquingos, os sarracenos e os maxiares? Completa a táboa.

Pobos	Destino
Viquingos	
Sarracenos	
Maxiares	

27. Interpreta o mapa. Observa o mapa da Europa actual e sinala que países se viron afectados polas segundas invasións.

Invasións	Países actuais
Viquingos	
Sarracenos	
Maxiares	

Resumo

O NACEMENTO DE EUROPA	
O imperio carolinxio	• Orixe: • Organización política: – Emperador: – Condados: – Marcas: • Disolución:
O feudalismo	• Orixe: • Características: • Organización da sociedade medieval:
Os reis	• Características:
Os nobres	• Características:
A Igrexa	• Organización: • Expansión:
Os campesiños	• Características:

TEMA

3

A época do Románico

A partir do século XI estendeuse por Europa occidental un novo estilo artístico ao que chamamos Románico, porque algúns elementos lembran á arte romana. Por primeira vez desde a desaparición do imperio romano, o territorio europeo quedou unificado por un mesmo estilo artístico.

A arte románica estivo moi vinculada aos mosteiros, que, nesta época, ademais de lugares de oración, eran auténticos centros de cultura.

Neste tema aprenderás a recoñecer as principais características da arte románica, o primeiro estilo artístico verdadeiramente europeo.



VAS APRENDER A...

- Comprender o concepto de arte románica.
- Coñecer os trazos fundamentais da arquitectura, da escultura e da pintura románicas.
- Valorar as achegas da arte románica ao patrimonio cultural europeo.

1. Unha arte relixiosa

A partir do século XI estendeuse por Europa occidental a **arte románica**. A súa característica máis importante é a **relixiosidade**, é dicir, que o seu obxectivo principal non era buscar a beleza, senón achegar os fieis a Deus.

Outro trazo da arte románica é a **utilización de símbolos**. Todo transmitía unha mensaxe, desde a forma dos edificios ata os materiais empregados ou a decoración.

2. A arquitectura románica

Os principais edificios románicos eran as **igrexas**, as **catedrais** e os **mosteiros**, que se construían en **pedra**. Ao principio, cubríanse con teitos planos de madeira, pero despois empregáronse **bóvedas de canón** e **cúpulas**.

As bóvedas e as cúpulas descansaban en **arcos de medio punto** e en **columnas**. Como as cubertas eran moi pesadas, construíanse muros moi grosos e reforzábanse no exterior con **contrafortes**. Ademais, abríanse poucas fiestras e de reducido tamaño. Por iso, o interior era escuro.

Os templos adoitaban ter **planta de cruz latina**, polo que un dos brazos é máis longo ca o outro. O brazo máis longo terminaba nunha **ábsida**.

DICIONARIO VISUAL

Arco de medio punto

Ten forma de media circunferencia.



Bóveda de canón



Fórmase ao prolongar arcos de medio punto.

Cúpula

É unha bóveda con forma de media laranxa.



DICIONARIO VISUAL

Igrexa románica



Planta de cruz latina



ACTIVIDADES

Comprende

1. **Lembra.** Escribe as dúas características principais da arte románica.

2. **Relaciona.** Une cada concepto coa súa definición.

Cúpula	Arco con forma de media circunferencia.
Ábsida	Cuberta con forma semiesférica.
Contraforte	Parte dunha igrexa que sobresae do brazo máis longo nunha planta de cruz latina.
Arco de medio punto	Piar que se une a un muro para reforzalo.

Razoa

3. **Analiza.** Explica por que se di que o Románico é unha arte principalmente relixiosa.

Aplica

4. **Interpreta a imaxe.** Observa a igrexa da páxina 30. Por que dirías que é un edificio románico?

5. **Interpreta a imaxe.** Escribe estes elementos arquitectónicos onde corresponda: ciborio, contraforte, arco de medio punto, torre campanario. Despois, completa a ficha.



- Tipo de edificio:
- Material de construción:
- Elementos románicos:

3. A escultura románica

As esculturas románicas tiñan unha **función educativa e relixiosa**. Como a maioría das persoas non sabía ler nin escribir, as imaxes mostrábanlles os personaxes e temas relixiosos.

As esculturas **adaptábanse á arquitectura**, é dicir, alongábanse, acurtábanse ou retorcíanse en función do espazo do que dispoñían. Ademais, estaban pintadas con **fortes cores**.

As figuras humanas eran **esquemáticas** e non representan a realidade tal e como é. Por exemplo, o personaxe máis importante dunha escena adoita ser de maior tamaño ca o resto.

4. A pintura románica

As pinturas románicas tiñan as **mesmas características ca as esculturas**. Os artistas pintaban temas relixiosos e utilizaban **cores intensas** para que fosen máis expresivas e se visen mellor dentro dos templos. Ademais, perfilaban o contorno das figuras cunha grosa liña negra.

DICIONARIO VISUAL

Pintura románica



DICIONARIO VISUAL

Escultura románica



ACTIVIDADES

Comprende

6. Describe. Responde as preguntas.

- Cal era a función da escultura e da pintura na arte románica?

- Que temas se representaban na escultura e pintura románicas: relixiosos, mitolóxicos ou retratos?

- Por que se usaban cores intensas nas pinturas románicas?

7. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda.

- ☐ A escultura e a pintura románicas eran naturalistas, é dicir, representan a realidade tal e como é.
- ☐ Nas pinturas, as figuras perfilábanse cun groso contorno negro.
- ☐ As esculturas románicas adaptábanse ao marco arquitectónico.
- ☐ As obras tiñan unha función exclusivamente estética na arte románica.

Razoa

8. Explica. Responde as preguntas.

- Poderíase dicir que as igrexas románicas eran «Biblias en imaxes»? Xustifica a resposta.

- Por que cres que as esculturas se pintaban con cores fortes?

Aplica

9. Interpreta a imaxe. Marca as características que se aprecian nesta pintura realizada sobre táboa.



- ☐ As figuras representan fielmente a realidade.
- ☐ Os personaxes máis importantes son de maior tamaño.
- ☐ As cores son suaves e delicadas.
- ☐ Os personaxes situados no primeiro plano son de maior tamaño.
- ☐ As figuras adoptan posturas ríxidas.
- ☐ As cores son intensas.
- ☐ As figuras son esquemáticas.

Elabora a túa conclusión

10. Resume. Observa esta escultura, que representa *A dúbida de San Tomé*, e explica tres trazos da escultura románica.



Resumo

A ÉPOCA DO ROMÂNICO	
A arte românica	• Características principais:
A arquitectura	• Principais edifícios:
	• Tipo de planta:
	• Tipo de cubertas:
	• Outros elementos característicos:
A escultura	• Finalidade:
	• Características principais:
A pintura	• Finalidade:
	• Características principais:

TEMA

4

A consolidación dos reinos europeos

Durante os séculos XII e XIII, Europa viviu unha época de prosperidade económica. A agricultura, a artesanía e o comercio experimentaron un gran desenvolvemento, e a poboación aumentou. Os reis aproveitaron este período de crecemento para incrementar o seu poder e estender os seus territorios.

Con todo, a expansión económica e demográfica europea freouse no século XIV e o continente entrou nunha fonda crise.

Neste tema coñecerás o auxe europeo, pero tamén os terribles efectos da peste negra que arrasou Europa desde 1348.



VAS APRENDER A...

- Analizar as causas e as consecuencias do desenvolvemento económico e demográfico do século XIII.
- Explicar o renacer das cidades europeas.
- Describir o grupo dos burgueses.
- Comprender o desenvolvemento da artesanía.
- Analizar o fortalecemento das monarquías europeas.
- Identificar os trazos principais da crise do século XIV e valorar as súas consecuencias.

1. A prosperidade económica do século XIII

A agricultura e o crecemento da poboación

A partir do século XII, a produción agrícola incrementouse.

- Aumentou a superficie cultivada e introducíronse **novos cultivos**.
- Empregáronse **novas técnicas** que facilitaron o traballo agrícola. Por exemplo, o arado de veso labraba a terra máis profundamente.

Como consecuencia, a produción de alimentos aumentou e mitigouse a fame. Por iso, a poboación creceu moito.

O desenvolvemento do comercio e da banca

O aumento da poboación xerou a necesidade de produtos. Había dúas grandes rutas comerciais marítimas:

- A **ruta do Mediterráneo**, que relacionaba as cidades españolas e italianas cos portos musulmáns e do imperio bizantino.
- A **ruta do Atlántico e do Báltico**, que comunicaba os portos portugueses e do Cantábrico coas cidades flamengas, alemás e rusas. Esta ruta estaba dominada por unha asociación de comerciantes denominada **Hansa**.

Ademais, os mercadores reuníanse en **feiras**. Como as viaxes comerciais eran moi custosas, empezaron a financiarse con **créditos**. Para evitar os roubos apareceron as **letras de cambio**, que permitían viaxar sen diñeiro en metálico.

SABÍAS QUE...

A partir do século XII, nalgúns lugares de Europa implantouse a **rotación trienal** da terra, que substituíu a rotación bienal e mellorou o rendemento da terra agrícola.

Este sistema consistía en dividir a parcela agrícola en tres partes e cultivar cada ano dous terzos desta. O terzo restante deixábase en **barbeito**, é dicir, en repouso.



Principais rutas do comercio medieval



ACTIVIDADES

Comprende

1. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda. As afirmacións que consideres erróneas escríbeas debaixo corrixidas.

☐ Na Idade Media, as mercadorías transportábanse unicamente por terra.

☐ A mellora da agricultura debeuse, entre outras razóns, ao uso de novas técnicas.

☐ O aumento da produción agrícola favoreceu o crecemento da poboación.

☐ As letras de cambio permitían pagar en efectivo os produtos máis caros.

2. Conceptos. Explica que era a Hansa.

Razoa

3. Clasifica. Enumera as causas e as consecuencias do desenvolvemento agrícola do século XIII.

Desenvolvemento agrícola no século XIII	
Causas	Consecuencias

Aplica

4. Interpreta o mapa. Observa o mapa das principais rutas comerciais e contesta.

- Enumera as cidades españolas situadas nas principais rutas terrestres da Península.
- Por que cres que era importante a rexión de Champaña?
- Onde estaba a área dominada pola Hansa, no norte ou no sur de Europa?

5. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico da evolución da poboación e responde.



- Que poboación había aproximadamente en Europa no ano 1000? E en 1300?
- Canto creceu a poboación europea entre os anos 1000 e 1300?

Elabora a túa conclusión

6. Resume. Explica brevemente por que Europa viviu unha época de prosperidade no século XIII.

2. O renacer das cidades

As cidades medievais eran pequenas; as máis grandes (París, Bruxas, Florencia…) tiñan uns 50.000 habitantes. A partir do século XII as cidades creceron por varios motivos:

- Moitos campesiños emigraron a elas para buscar traballo e fuxir da servidume do señor. Nas cidades había mellores condicións de vida, porque os seus habitantes eran libres.
- O comercio reactivouse e moitos mercadores instaláronse nas cidades, onde se celebraban os mercados.

Cada cidade tiña o seu **concello**, presidido polo **alcalde**. Co paso do tempo, esta institución quedou nas mans das familias máis ricas.

Os habitantes das cidades chamábanse **burgueses**. Entre eles había grandes diferenzas:

- Uns eran moi ricos, como os propietarios dos maiores obradoiros e os grandes mercadores.
- A maioría da poboación eran artesáns, tendeiros modestos e persoas que traballaban no servizo doméstico.
- Por debaixo estaban os pobres e marxinados.

3. O auxe da artesanía

O crecemento das cidades supuxo unha maior necesidade de produtos artesanais.

Os artesáns traballaban en **pequenos obradoiros**, situados na vivenda do propietario, en que se levaba a cabo todo o proceso. A produción realizábase á man e vendíase no propio obradoiro.

Cada oficio estaba dividido en tres categorías: o **mestre**, que era o dono do obradoiro, da ferramenta e das materias primas; o **oficial**, que era o traballador experto e recibía un salario polo seu labor; e o **aprendiz**, que non cobraba salario e vivía na casa do mestre.

A partir do século XII, os artesáns dun mesmo oficio asociáronse en **gremios**. Os gremios controlaban toda a produción e tamén se ocupaban da asistencia aos membros do oficio e das súas familias. Ninguén podía dedicarse a un oficio se non se asociaba ao gremio correspondente.

SABÍAS QUE...

As **cidades medievais** estaban rodeadas de **murallas**, cuxas portas se pechaban polas noites.

Organizábanse en **barrios**, agrupados arredor da súa propia **parroquia**. As rúas eran estreitas e sinuosas, e había poucas prazas.

Os edificios máis importantes eran a **catedral**, o **concello**, a **lonxa** comercial e os **palacios** dos nobres e burgueses.

O ambiente era moi insán, porque non había rede de sumidoiros nin servizo de recollida de lixo. Os desperdicios botábanse á rúa.

DICIONARIO VISUAL

Vivenda obradoiro dun artesán



ACTIVIDADES

Comprende

7. Lembra. Responde estas preguntas.

- Por que moitos campesiños emigraron ás cidades?

- Como se organizaba o traballo nos obradoiros dos artesáns?

- Como se gobernaban as cidades?

8. Identifica. Marca as afirmacións verdadeiras sobre as cidades medievais do século XIII.

- [ ] As cidades máis grandes excedían os 500.000 habitantes.
- [ ] A maioría dos seus habitantes eran libres; só uns poucos eran servos.
- [ ] As cidades estaban gobernadas polo concello.
- [ ] Os habitantes das cidades recibían o nome de burgueses.
- [ ] Nas cidades instalábanse os mercados.

9. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Gremio:

- Burgués:

- Obradoiro artesán:

Razoa

10. Explica. Cres que os burgueses eran un grupo homoxéneo? Xustifica a resposta.

Aplica

11. Organiza. Completa o esquema. Escribe o nome de cada categoría e defínea.



Elabora a túa conclusión

12. Sintetiza. Enumera as razóns polas que creceron as cidades a partir do século XII.

4. O reforzamento das monarquías

A partir do século XII os reis fortaleceron pouco a pouco o seu poder.

- Recadaron máis impostos, cos que crearon **exércitos propios** e impuxeron a obediencia a moitos señores feudais.
- Fortaleceron a **administración**, mediante a contratación de xuristas e expertos formados nas universidades.
- Concederon **cartas de liberdades e privilexios** ás cidades, polas que quedaban libres de calquera dependencia feudal. A cambio, os habitantes das cidades apoiaron o rei en contra dos señores feudais.

Os reis medievais intentaron **estender os seus dominios** e establecer **fronteiras claras** nos seus Estados. Esta situación provocou conflitos cos nobres e con outros reis.

A finais do século XII e durante o século XIII os reis europeos comezaron a convocar **Cortes ou Parlamentos**, moi diferentes aos actuais. Neles só estaban representados o rei, os nobres, os clérigos e os gobernantes das cidades.

Os Parlamentos reuníanse cando o rei o consideraba oportuno. A súa función era aprobar os impostos e gastos extraordinarios para sufragar as guerras.

NON TE CONFUNDAS

Os Parlamentos recibían distintos nomes en cada Estado. Por exemplo, **Cortes** na Coroa de Castela e na Coroa de Aragón, **Dieta** no Sacro Imperio, **Parlamento** en Inglaterra, **Estados Xerais** en Francia…

Por outro lado, os Parlamentos medievais alcanzaron diferentes graos de poder segundo os reinos. Nalgúns, como Castela, limitábanse a aprobar ou negar o que solicitaba o monarca. Pero noutros, como Aragón, o rei debía pedirlle permiso para levar a cabo moitas das súas tarefas de goberno.

Reinos europeos no século XIV



ACTIVIDADES

Comprende

13. Identifica. Marca en cada afirmación a opción correcta.

- Nos Parlamentos medievais reuníanse:
  - ☐ O rei, os nobres e os eclesiásticos.
  - ☐ Os nobres, os eclesiásticos e os representantes das cidades.
  - ☐ O rei, os nobres, os eclesiásticos e os representantes das cidades.
- As Cortes ocupábanse principalmente de:
  - ☐ Aprobar os impostos.
  - ☐ Aprobar as leis.
  - ☐ Trazar as directrices da política exterior.
- Os Parlamentos medievais convocábanse:
  - ☐ Tres veces ao ano.
  - ☐ Cando o rei o decidía.
  - ☐ Todos os meses.

14. Lembra. Enumera as medidas que adoptaron os reis a partir do século XIII para fortalecer o seu poder.

Razoa

15. Explica. Responde estas preguntas.

- Era importante que os reis tivesen exércitos propios? Por que?
- Por que pensas que os monarcas empezaron a convocar Parlamentos?

Aplica

16. Interpreta o mapa. Observa o mapa dos reinos europeos no século XIV e responde.

- En cantos reinos estaba dividida a península Ibérica? Enuméraos.
- E a península Itálica?
- Cales eran os Estados máis grandes?

Elabora a túa conclusión

17. Compara coa actualidade. Sinala algunhas diferenzas entre os Parlamentos medievais e os dos nosos días. Responde.



Cortes de Aragón no século XIII.

- Nos Parlamentos medievais estaban representados todos os grupos sociais?
- E nos Parlamentos actuais?
- Os Parlamentos medievais aprobaban as leis?
- E os Parlamentos actuais?

5. A crise do século XIV

O crecemento que se produciu en Europa entre o século XI e o século XIII deu paso a unha **fonda crise** no século XIV. As causas principais desta crise foron tres: a fame, a guerra e a peste.

A crise agraria e as súas consecuencias

Desde finais do século XIII sucedéronse unha serie de malas colleitas que provocaron situacións de fame. As causas do descenso da produción foron dúas:

- Moitos territorios agrícolas esgotáranse despois dunha prolongada explotación.
- Ademais, algúns cultivos alimenticios substituíronse por plantas orientadas á industria textil, que tiñan moita demanda.

Ao haber menos alimentos, aumentaron a fame e a desnutrición. Por iso, a mortalidade creceu.

As guerras e as revoltas populares

No século XIV producíronse numerosos conflitos políticos. O máis grave foi a **guerra dos Cen Anos**, que comezou en 1337 e enfrontou as monarquías francesa e inglesa. Esta guerra foi moi destrutiva para os cultivos.

Tamén se desataron en Europa moitas **rebelións campesiñas**, que se produciron como consecuencia das numerosas destrucións das guerras, das subidas continuadas de impostos e mais da crise económica. Eran revoltas que se producían contra os señores feudais.

En case todas as cidades europeas houbo tamén **revoltas urbanas**. Nelas, os grupos máis desfavorecidos pedían melloras nos salarios e nas condicións de traballo, así como un maior acceso aos cargos de goberno.

A peste negra

No ano 1348 estourou en Europa unha terrible epidemia de **peste negra**. Propagouse con gran rapidez debido á situación de desnutrición e ás malas condicións hixiénicas da poboación europea.

En dous anos a peste estendeuse e arrasou todo o continente. As cidades foron os lugares onde a enfermidade causou maiores estragos.

A peste negra acabou cunha cuarta parte da poboación europea e repetiuse en sucesivas vagas ata 1490. Con todo, os brotes posteriores xa non foron tan graves como o foi a epidemia de 1348.

UN PERSONAXE

Xoana de Arco, tamén coñecida como a **doncela de Orleáns**, participou na **guerra dos Cen Anos**.

Aos trece anos, tras oír voces que lle pedían que salvase a Francia da ameaza inglesa, convenceu o herdeiro ao trono de Francia da autenticidade da súa misión. Foi armada cabaleiro e logrou liberar a cidade de Orleáns, en mans inglesas.

Máis tarde, foi capturada e vendida aos ingleses. Finalmente, foi condenada por bruxaría e desobediencia. En 1431 morreu queimada na fogueira.



ACTIVIDADES

Comprende

18. Lembra. Enumera as causas principais da crise do século XIV.

- _____
- _____
- _____

Analiza

19. Identifica as causas. Explica.

- Por que se produciron numerosas revoltas campesiñas no século XIV?

_____

_____

_____

_____

- A que se deberon as revoltas urbanas?

_____

_____

_____

_____

Aplica

20. Organiza. Sitúa cada palabra no seu lugar correspondente do esquema: malas colleitas, peste, maior mortalidade.



21. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico da páxina 42 e responde.

- Que territorio perdeu máis habitantes?

_____

- Cal foi o menos afectado?

_____

- Que poboación perderon os reinos hispánicos?

_____

22. Interpreta o mapa. Observa o mapa da expansión da peste negra por Europa e responde as preguntas.



- Cita dúas cidades afectadas pola peste en 1348.

_____

- Cita dúas cidades afectadas despois desa data.

_____

- Que zona se viu máis afectada pola epidemia, o norte ou o sur de Europa?

_____

- Houbo rexións non afectadas en Europa?

_____

Resumo

<table>
<tr><th colspan="3">A CONSOLIDACIÓN DOS REINOS EUROPEOS</th></tr>
<tr><td rowspan="2">A prosperidade económica do século XIII</td><td>Mellora da agricultura</td><td>• Causas:

• Consecuencias:</td></tr>
<tr><td>Desenvolvemento do comercio</td><td>• Rutas marítimas:</td></tr>
<tr><td>O renacer das cidades</td><td colspan="2">• Causas do crecemento das cidades:</td></tr>
<tr><td rowspan="2">O auxe da artesanía</td><td>Características dos obradoiros</td><td></td></tr>
<tr><td>Categorías de cada oficio</td><td></td></tr>
<tr><td>O reforzamento das monarquías</td><td colspan="2">• Medidas para aumentar o poder real:</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Crise do século XIV</td><td>Crise agraria</td><td></td></tr>
<tr><td>Guerras e revoltas populares</td><td></td></tr>
<tr><td>Peste negra</td><td></td></tr>
</table>

TEMA

5

A época do Gótico

O crecemento das cidades entre os séculos XII e XIII promoveu cambios importantes: xurdiron novas ordes relixiosas, naceron as primeiras universidades e construíronse numerosos edificios, como catedrais, concellos e lonxas, para cubrir as necesidades urbanas.

Ademais, desde finais do século XII comezou a estenderse por toda Europa un novo estilo artístico, o Gótico. Ao igual que o Románico, o Gótico foi unha arte relixiosa, pero tamén o símbolo do poder e da riqueza das cidades.

Neste tema coñecerás as principais características da cultura urbana que se desenvolveu durante os séculos XII e XIII e os elementos fundamentais da arte gótica.



VAS APRENDER A...

- Comprender as consecuencias do desenvolvemento urbano dos séculos XII e XIII.
- Relacionar o auxe das cidades co nacemento dun novo estilo artístico.
- Analizar os trazos característicos da arquitectura, da escultura e da pintura do Gótico.
- Interpretar o alzado dun edificio.

1. Unha cultura urbana

O crecemento das cidades durante os séculos XII e XIII promoveu a construción de **novos edificios** (igrexas, catedrais, lonxas, concellos…) para cubrir as distintas necesidades da poboación urbana. A Igrexa deixou de ser a única que encargaba obras de arte, e os nobres e os burgueses comezaron a construír palacios.

A vida urbana provocou tamén cambios relixiosos. Xurdiron **novas ordes relixiosas** (por exemplo, franciscanos e dominicos), formadas por freires que vivían en conventos nas cidades.

Ademais, entre os séculos XII e XIII creáronse nas cidades as primeiras escolas urbanas, que máis tarde darían lugar ás **universidades**. A longa duración dos estudos universitarios fixo que só as familias ricas puidesen acceder a eles.

2. A arquitectura gótica

O estilo gótico naceu en Francia a finais do século XII e sucedeu á arte románica.

A **catedral** converteuse no edificio máis representativo. Non só era o lugar en que se desenvolvían os ritos relixiosos, senón que alí tamén se reunían os gremios e os gobernos municipais antes de que se construísen os concellos.

Nos edificios góticos utilizáronse novas técnicas arquitectónicas que lles deron un aspecto moi diferente aos románicos.

- As **construcións** fixéronse cada vez máis **altas e luminosas**. Os muros construíronse menos grosos e neles abríronse enormes ventás que se pechaban con **vidreiras**.
- Substituíuse a bóveda de canón pola **bóveda de cruzaría**.
- Construíronse no exterior **arcobotantes**. Eran unha especie de pontes que levaban o peso da bóveda desde os muros ata os **contrafortes**.
- Empregouse o **arco oival ou apuntado**, con forma de punta de frecha.
- As **plantas** dos edificios mantiveron a forma de **cruz latina**, pero a nave central fíxose moito máis alta e ancha ca as laterais e as cabeceiras fixéronse poligonais.

DICIONARIO VISUAL

Elementos arquitectónicos do Gótico



Catedral gótica



ACTIVIDADES

Comprende

1. **Identifica.** Marca as características que son representativas da arquitectura gótica.
   - ☐ Arco oxival.
   - ☐ Bóveda de canón.
   - ☐ Planta de cruz latina.
   - ☐ Arcobotantes.
   - ☐ Muros grosos e interiores escuros.
   - ☐ Grandes ventás.
   - ☐ Arco de medio punto.
   - ☐ Bóveda de cruzaría.
   - ☐ Edificios altos e interiores luminosos.
   - ☐ Vidreiras.

2. **Conceptos.** Escribe o nome deste elemento arquitectónico e explica para que se empregaba.



3. **Lembra.** Responde estas preguntas.
   - Por que se construíron novos edificios nas cidades? Pon exemplos deles.
   - Cando xurdiron as universidades?

Razoa

4. **Compara.** Repasa a páxina 30 do tema 3 e completa a táboa.

	Románico	Gótico
Planta		
Bóvedas		
Arcos		

5. **Analiza.** Pódese dicir que a arte gótica é unha arte relixiosa e urbana? Por que?

Aplica

6. **Interpreta a fotografía.** Analiza o interior desta catedral. Responde as preguntas.
   - Que tipo de arcos e bóvedas observas?
   - As ventás son grandes ou pequenas?
   - Hai vidreiras? O interior é escuro ou luminoso?
   - Cres que é un edificio representativo do Gótico? Xustifica a resposta.



3. A escultura gótica

Os escultores góticos, ao igual que os románicos, representaban **temas relixiosos** cunha **función educativa**. Con todo, a escultura gótica sufriu cambios respecto á románica:

- As esculturas de **vulto redondo** e os **retablos** adquiriron maior importancia.
- As figuras representábanse de forma máis **realista**. Os vestidos e os xestos dos personaxes eran máis detallados. Ademais, para dar maior realismo, policromábanse.
- As figuras foron adquirindo movemento e existiu un interese por **expresar sentimentos**.

DICIONARIO VISUAL

Escultura de vulto redondo



4. A pintura gótica

Os **temas** representados eran fundamentalmente **relixiosos**, aínda que tamén cobraron importancia os **retratos**.

Os exemplos máis importantes de pintura foron as **miniaturas** que decoraban os libros, as **vidreiras** das catedrais e a **pintura sobre táboa**.

Entre as características máis destacadas da pintura están a **riqueza de cores**, o uso do **dourado**, a introdución de **paisaxes** de fondo e a procura do **realismo** nas figuras.

DICIONARIO VISUAL

Pintura sobre táboa



ACTIVIDADES

Comprende

7. Lembra. Escribe tres características comúns á escultura e á pintura góticas.

8. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda. As afirmacións que consideres erróneas escríbeas debaixo correctamente.

- ☐ A pintura e a escultura góticas representaban fundamentalmente temas relixiosos.
- ☐ No Gótico, as figuras son menos realistas ca no Románico.
- ☐ A introdución de paisaxes de fondo e o rico colorido son trazos propios da pintura gótica.
- ☐ Os retablos perderon importancia na época do Gótico.

Razoa

9. Explica. Por que dicimos que a escultura gótica tiña unha función didáctica? Parecíase nisto á escultura románica?

Aplica

10. Interpreta a imaxe. Observa esta pintura realizada sobre táboa e responde.



- Que tema representa: mitolóxico, relixioso, paisaxe…?
- Como é o fondo? E o colorido?
- Por que dirías que é unha pintura gótica?

11. Interpreta a fotografía. Describe estas esculturas góticas.



Paso a paso: Analizar o alzado dun edificio

O **alzado** é a representación feita a escala do plano vertical dun edificio. Axúdanos a coñecer as dimensións e as proporcións de todos os elementos verticais dunha construción.



Que pasos debes seguir?

Se se trata do alzado do exterior dun edificio:

1. Describir a estrutura xeral. Explicar como son as proporcións, cantas plantas ten….
2. Describir as portas e ventás. Ver a súa proporción respecto ao edificio, a súa forma, onde se sitúan…
3. Explicar os elementos arquitectónicos. Describir os arcobotantes, rosetóns, contrafortes, pináculos…
4. Describir os elementos decorativos.

Se se trata do alzado do interior dun edificio:

1. Explicar a estrutura interior. Analizar se se trata dun único espazo ou se hai naves ou partes diferenciadas.
2. Analizar como son os muros: altos, grosos, con moitas ou poucas ventás, se están decorados…
3. Describir as columnas e os piares.
4. Analizar o tipo de arcos e relacionalos cun estilo arquitectónico.
5. Describir a cuberta. Se é abovedada, analizar o tipo de bóveda e relacionala cun estilo arquitectónico.

NON TE CONFUNDAS

O **alzado** e a **planta** son dous elementos fundamentais para coñecer a estrutura dun edificio, pero non son o mesmo.

A planta é un debuxo que recolle a forma dun edificio vista desde arriba. A planta pode ser circular, rectangular, de cruz grega, de cruz latina…





Catedral de Notre Dame, París (Francia). É unha das catedrais francesas máis antigas e máis representativas do Gótico. Empezouse a construír no século XII.

Faino ti

12. Observa o alzado exterior da catedral e responde.

- Apréciase no alzado se a nave central ten diferente altura ca as naves laterais?

- Como son os arcos, de medio punto ou apuntados?

- Podes saber que tipo de bóveda se utilizou na súa construción?

- Como son as ventás, grandes ou pequenas?

- De onde parten os arcobotantes? Ata onde chegan?

- Podes describir algún elemento decorativo que se aprecie no alzado exterior?

13. Identifica estes elementos no alzado e defíneos.

- Arcobotante:

- Rosetón:

- Contraforte:

14. Describe brevemente a catedral de Notre Dame.

Resumo

A ÉPOCA DO GÓTICO	
Unha cultura urbana	• Consecuencias do crecemento das cidades: – *Construción de novos edificios: concellos, igrexas, lonxas…* – –
A arquitectura	• Principais edificios:
	• Principais características:
A escultura	• Función:
	• Temas:
	• Principais características:
A pintura	• Temas:
	• Tipos:
	• Principais características:

TEMA

6

Al-Andalus

Os musulmáns conquistaron a península Ibérica no século VIII. A partir dese momento, tres culturas compartiron o territorio peninsular (musulmáns, xudeus e cristiáns) e dous espazos coexistiron ata 1492: o dominio islámico ao sur e os territorios cristiáns no norte.

Os musulmáns chamáronlle Al-Andalus aos territorios hispánicos que gobernaron. Al-Andalus foi unha civilización espléndida que incorporou grandes avances culturais.

Neste tema coñecerás a Historia de Al-Andalus e o importante legado cultural que herdamos dela.



VAS APRENDER A...

- Localizar espacial e temporalmente Al-Andalus.
- Analizar as principais etapas da historia de Al-Andalus.
- Comprender a organización social e económica andalusí.
- Valorar o legado cultural e artístico de Al-Andalus.
- Extraer información dun documento.

1. A historia de Al-Andalus: da conquista ao califato

A historia de Al-Andalus atravesou varias etapas entre os anos 711 e 1492: a conquista e o emirato dependente, o emirato independente, o califato, os reinos de taifas, os almorábides, os almohades e o reino nazarí de Granada.

A conquista e o emirato dependente

No ano 711, un exército de musulmáns, dirixido polo gobernador Musa e o seu xeneral Tariq, cruzou o estreito de Xibraltar e derrotou as tropas do rei visigodo don Rodrigo na **batalla de Guadalete**.

En só catro anos os musulmáns ocuparon a maior parte da Península e chamáronlle **Al-Andalus** ás terras que quedaron no seu poder.

Al-Andalus pasou a estar gobernada por un **emir**, que era un gobernador dependente do califato de Damasco. **Córdoba** converteuse na capital deste territorio.

O emirato independente

No ano 750, os Abasidas fixéronse co poder do islam e asasinaron a familia Omeia. Só un dos seus membros, **Abderramán I**, conseguiu fuxir. Chegou a Al-Andalus e no ano 756 proclamouse **emir de Córdoba**. Este título significaba que recoñecía a autoridade relixiosa do califa, pero deixaba de obedecelo politicamente.

O califato de Córdoba

No ano 929 **Abderramán III** titulouse **califa**, é dicir, converteuse na máxima autoridade política e relixiosa de Al-Andalus. No seu goberno, o califa era auxiliado polo **hayib** ou primeiro ministro e polos **visires** ou ministros. Ademais, os **valís** dirixían as provincias e as marcas fronteirizas.

No ano 976 chegou ao califato **Hisham II**, de só once anos de idade, e o goberno recaeu no xeneral **Almanzor**. Este realizou numerosas **razzias** ou campañas de saqueo contra os cristiáns.

O califato de Córdoba



PATRIMONIO

A **mesquita de Córdoba** é un dos edificios máis importantes que se construíron en Al-Andalus durante o emirato.

Abderramán I mandouna construír contra ao ano 784 sobre unha antiga igrexa cristiá. Despois, tivo varias ampliacións.

A sala de oración está formada por dezanove naves que ocupan un gran rectángulo.

Tras a conquista de Córdoba polos cristiáns, a mesquita foi convertida en catedral e sufriu varias reformas.

Etapas da historia de Al-Andalus



ACTIVIDADES

Comprende

1. Lembra. Responde as preguntas.

- Cando chegaron os musulmáns á península Ibérica?

- Que importancia tivo a batalla de Guadalete?

- Que era Al-Andalus?

2. Clasifica. Une cada personaxe coa etapa correspondente.

Almanzor	Emirato independente
Tariq	Conquista de Al-Andalus
Abderramán I	Califato de Córdoba
Abderramán III	

3. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda.

- ☐ Os musulmáns chamáronlles Al-Andalus ás terras conquistadas na península Ibérica.
- ☐ Os visigodos venceron as tropas musulmás na batalla de Guadalete.
- ☐ Almanzor foi o primeiro emir independente de Al-Andalus.
- ☐ O califato de Córdoba foi fundado por Abderramán III no ano 929.

4. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Visir:

- Hayib:

- Valí:

Razoa

5. Compara. Explica a diferenza entre un emir e un califa.

6. Explica. Responde estas preguntas.

- Por que Abderramán I se trasladou a Al-Andalus?

- Que supuxo para Al-Andalus a chegada á Península de Abderramán I?

Aplica

7. Interpreta o mapa. Colorea o mapa do califato de Córdoba segundo a lenda. Despois, responde.



- Que territorios chegou a abranguer o califato?

- Enumera varias cidades que formaron parte do califato de Córdoba.

2. A historia de Al-Andalus: das taifas ao reino de Granada

Os reinos de taifas

Tras a morte de Almanzor, as loitas internas arrasaron Al-Andalus. Como consecuencia, en 1031 o califato dividiuse en numerosos reinos ou **taifas**. As taifas foron permanentemente fustrigadas polos reinos cristiáns do norte. Por iso, para evitar os ataques, pagaban **parias** ou tributos aos reis cristiáns.

Os almorábides e os almohades

Ante o avance cristián, os musulmáns chamaron na súa axuda os **almorábides**, guerreiros bérberes que formaran un grande imperio no norte de África. Os almorábides frearon o avance cristián e volveron unificar Al-Andalus.

En 1147, os almorábides foron substituídos no poder por outro pobo bérber, os **almohades**. Os exércitos cristiáns frearon os almohades na **batalla das Navas de Tolosa** (1212). Tras esta derrota, o imperio almohade desintegrouse e os cristiáns conquistaron case toda Al-Andalus.

O reino nazarí de Granada

O reino nazarí de Granada foi o último territorio musulmán da Península. Politicamente foi un reino moi débil: os gobernantes granadinos pagaban tributos aos reis casteláns.

Os enfrontamentos internos debilitaron o reino, o que facilitou a conquista polos Reis Católicos en 1492.

PATRIMONIO

Dominando a cidade de Granada, encóntrase o conxunto da Alhambra e o Xeneralife.

A **Alhambra** era o palacio en que residían os reis nazarís. Dispoñía dunha parte pública, en que o rei exercía as funcións de goberno, e unha zona privada, onde vivían o rei, a súa familia e os seus serventes.

O palacio do **Xeneralife** era unha finca de recreo situada na ladeira dun outeiro próximo á Alhambra.



O retroceso de Al-Andalus





ACTIVIDADES

Comprende

8. Sitúa na liña do tempo. Colorea e completa a liña do tempo de Al-Andalus: escribe os nomes das etapas e as datas de inicio e fin de cada unha. Despois, responde.



- En que data se proclamou Abderramán I emir de Córdoba?
- Cando se desintegrou o califato de Córdoba? Que etapa o sucedeu?
- En que ano comezou a etapa dos reinos de taifas?
- Cal foi a última etapa de Al-Andalus? En que ano finalizou a súa historia?

9. Cronoloxía. Ordena cronoloxicamente estes acontecementos. Escribe 1, 2, 3, 4 onde corresponda.

- ☐ Os almohades foron derrotados na batalla das Navas de Tolosa.
- ☐ Os Reis Católicos conquistaron o reino de Granada.
- ☐ Os almorábides acudiron en axuda das taifas e volveron unificar Al-Andalus.
- ☐ O califato de Córdoba desapareceu e creáronse numerosas taifas.

10. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Parias:
- Taifas:
- Almorábides:
- Batalla das Navas de Tolosa:

Razoa

11. Interpreta o texto. Di a que etapa de Al-Andalus se refire este documento e explica por que o sabes.

> Granada pareceume un país delicioso e amplo, entre os máis extensos de Al-Andalus; alí está a capital do rei musulmán de Al-Andalus e a súa residencia real: ten unha posición marabillosa, edificios espléndidos, é graciosa, agradable, admirablemente situada.
>
> ABD AL BASIT, 1465

Aplica

12. Interpreta o mapa. Observa o mapa da páxina 56 e responde.

- Cando foi maior a extensión de Al-Andalus, no século XII ou no XIV?
- Que territorios abranguía Al-Andalus cara ao ano 1300?

3. A economía e a sociedade andalusís

A maior parte da poboación de Al-Andalus dedicábase á **agricultura**. Desenvolvéronse técnicas de regadío e introducíronse novos cultivos.

Nas cidades sobresaíu unha **artesanía** de calidade. Ademais, Al-Andalus foi un **centro de comercio** moi activo.

A sociedade andalusí era heteroxénea. O grupo máis poderoso eran os **conquistadores**. Dentro deles había diferenzas entre os árabes, que reservaron para si as terras e os cargos de goberno, e os bérberes, que obtiveron menos beneficios.

O resto da poboación organizábase por criterios relixiosos:

- Os **muladís** eran antigos cristiáns que adoptaron a relixión, a lingua e mais os costumes do islam.
- Os **mozárabes** eran os cristiáns que continuaron vivindo en Al-Andalus.
- Os **xudeus** eran unha minoría dedicada principalmente ao comercio.

O islam era unha **civilización urbana**. En Al-Andalus destacaron cidades como Córdoba, Sevilla, Valencia, Murcia e Granada, que superaban os 20.000 habitantes.

4. O legado cultural e artístico

Al-Andalus desenvolveu unha cultura espléndida. Sobresaíron intelectuais como **Averroes** e **Maimónides**, e houbo un gran desenvolvemento da poesía, da medicina, da astronomía e das matemáticas.

A **arquitectura** tamén floreceu de maneira excepcional:

- Construíuse con **materiais pobres**, como o ladrillo, o xeso, o azulexo…
- Os materiais recubríanse con **abundante decoración** para dar a aparencia de gran riqueza.
- Utilizábanse vidreiras, celosías e reflexos nos azulexos para crear **xogos de luces e sombras**.
- O **gusto pola auga** fixo que se empregaran fontes, piscinas, saltos de auga…
- Utilizábanse **arcos** e cubríanse os edificios con **teitos planos** ou con **cúpulas**.

DICIONARIO VISUAL

Arquitectura hispanomusulmá



Patio dos Mirtos na Alhambra



Palacio de Medina Azahara

UN PERSONAXE

Averroes (1126-1198) naceu en Córdoba, no seo dunha destacada familia.

Gañou a confianza do califa almohade, que o nomeou cadí de Sevilla e Córdoba en 1169. Máis tarde, foi médico do califa en Marraquex.

Averroes estudou a filosofía de Aristóteles e tratou de conciliar a fe e a ciencia. A súa obra, que foi traducida ao latín e ao hebreo, tivo unha grande influencia posterior no pensamento occidental.

ACTIVIDADES

Comprende

13. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) como corresponda. As afirmacións que consideres erróneas escríbeas debaixo correctamente.

☐ A agricultura era a principal e única actividade económica en Al-Andalus.

☐ En Al-Andalus a única relixión que se practicaba era o islam.

☐ Al-Andalus foi un destacado centro comercial e artesanal.

14. Conceptos. Explica as diferenzas entre estes termos.

- Muladís e mozárabes:

- Árabes e bérber:

15. Lembra. Enumera cinco características da arquitectura hispanomusulmá.

16. Clasifica. Completa o esquema da sociedade andalusí.



Aplica

17. Interpreta a fotografía. Enumera os trazos da arte islámica que recoñeces nesta imaxe. Fíxate nos seguintes aspectos: decoración, importancia da auga e arcos.



Elabora a túa conclusión

18. Pensa. Pódese dicir que Al-Andalus foi unha civilización urbana? Por que?

Paso a paso: Extraer información dun documento

Extraer información dun **texto histórico** é unha das tarefas fundamentais dun historiador, posto que a historia da humanidade se reconstrúe en gran medida a partir dos documentos escritos.

Que pasos debes seguir?

1 Lectura.

Le o texto varias veces. Marca os termos que non entendas e busca o seu significado nun dicionario ou na Internet. Despois, subliña as ideas principais.

2 Clasificación.

Di quen é o autor e comenta o que saibas del. Sinala cando escribiu o texto. Pode ser unha data concreta (un ano, por exemplo) ou unha data aproximada (un século, por exemplo).

3 Contexto histórico.

Describe brevemente como era a época que menciona o documento: quen gobernaba, como estaba organizada a sociedade, que feitos importantes sucederon...

4 Análise e comentario.

Extrae as ideas principais do texto e ordénaas, desde a máis importante ata as ideas secundarias. Explica o significado dos conceptos fundamentais que aparecen no texto. Indica tamén o protagonismo dos personaxes que se mencionan.

Por último, valora as consecuencias que se derivan dos feitos que narra o documento.

Abderramán III toma o título de califa



Os máis dignos de reivindicar enteiramente o seu dereito e os máis merecedores de completar a súa fortuna e de revestirse das mercés con que Deus Altísimo os revestiu somos nós, por canto Deus Altísimo nos favoreceu con iso, mostrou a súa preferencia por nós, elevou a nosa autoridade ata ese punto, permitiunos obtelo polo noso esforzo, facilitounos logralo co noso goberno [...].

En consecuencia, decidimos que se nos chame co título de Príncipe dos Crentes, e que nas cartas, tanto as que expidamos coma as que recibamos, se nos dea ese título, posto que todo o que o usa, fóra de nós, aprópiao indebidamente, é un intruso nel e arrógase unha denominación que non merece. Ademais, comprendemos que seguir sen usar ese título, que se nos debe, é facer decaer un dereito que temos e deixarse perder unha designación firme [...].

Córdoba, 17 de xaneiro do ano 929

Exemplo resolto

Clasificación

Autor: Abderramán III, primeiro califa de Al-Andalus.

Data: O documento escribiuse no ano 929, cando Abderramán III se titulou califa.

Contexto histórico

No ano 912, Abderramán III herdou o trono e converteuse en emir de Córdoba. Sufocou as sublevacións internas e detivo as incursións cristiás. Desta maneira adquiriu grande autoridade.

No ano 929 titulouse califa e asumiu o poder político e relixioso do seu reino. Para gobernar contaba coa axuda de diversos funcionarios, como o hayib, os valís e os visires.

O califato prolongouse ata o ano 1031 e foi unha época de grande esplendor para Al-Andalus.

Análise e comentario

A **idea principal** do texto é a proclamación de Abderramán III como Príncipe dos Crentes, é dicir, como califa de Córdoba.

Este título significaba que, ademais de asumir o poder político, se convertía tamén na máxima autoridade relixiosa. A frase «Deus Altísimo favoreceunos con iso, mostrou a súa preferencia por nós, elevou a nosa autoridade ata ese punto» é especialmente clarificadora a este respecto.

Ata ese momento, os gobernantes de Al-Andalus exerceran o poder político, pero recoñecían a autoridade relixiosa do califa de Damasco. É polo tanto un momento clave na historia andalusí; abriu paso á etapa do califato cordobés, que foi un dos períodos máis brillantes de Al-Andalus.

A ditadura de Almanzor

Almanzor Ibn Abi Amir, a pesar da súa condición modesta, logrou alcanzar unha situación extraordinaria grazas á súa astucia e aos seus dotes para engaiolar o pobo [...].

Adornado do título de hayib, anulou os dignatarios de Alhakan II e incluso chegou a condenalos a morte [...].

A pesar disto, Almanzor abrigaba o temor de que as súas tropas regulares [...] se rebelasen contra el. Para previr tal posibilidade, decidiu que as súas tropas debían estar compostas por xente de diferentes tribos, de modo que se un grupo intentaba rebelarse, el puidese reducilo coa axuda dos demais. Con intención de cumprir ese obxectivo, fixo vir a Al-Andalus mesnadas de guerreiros bérberes de cuxo valor tiña noticia. Pola súa parte, outros guerreiros procedentes igualmente do norte de África cruzaron o estreito estimulados pola predicación da guerra santa. [...]

En cambio, os andalusís declaráronse incapaces de participar nelas alegando que non estaban preparados para combater e que a súa participación na guerra lles impediría o cultivo da terra. Almanzor aceptou a súa opinión, pero, a cambio diso, incrementou os impostos, de forma que, cos novos tributos, puido equipar as tropas mercenarias que substituíron os combatentes do país.

ABDALÁ, último rei da taifa de Granada, *Memorias*, escritas cara a 1095. Adaptado



Almanzor, obra de Zurbarán.

Faino ti

19. Clasificación. Responde.

- Quen escribiu o texto?
- Que eran as taifas?
- Cando foi escrito o documento? É un texto contemporáneo a Almanzor ou posterior?

20. Contexto histórico. Realiza as actividades.

- Quen foi Almanzor?
- A que etapa de Al-Andalus se refire o texto? Que sabes dese período?

21. Análise e comentario. Responde.

- Explica o significado destes termos:

  Hayib:

  Guerra santa:

  Tropas mercenarias:

- Que táctica empregou Almanzor para evitar a rebelión das súas tropas regulares? Subliña no texto algunha frase que corrobore a resposta.
- Explica por que era importante o exército durante o goberno de Almanzor.

Resumo

Al-Andalus		
Etapas	Conquista e emirato dependente (711-756)	• Personaxes destacados: • Feitos ou características relevantes:
	Emirato independente (-)	• Personaxes destacados: • Feitos ou características relevantes:
	Califato de Córdoba (-)	• Personaxes destacados: • Feitos ou características relevantes:
	Reinos de taifas (-)	• Feitos ou características relevantes:
	Almorábides e almohades (-)	• Feitos ou características relevantes:
	Reino nazarí de Granada (-)	• Feitos ou características relevantes:
Economía e sociedade	• Principais actividades económicas: • Grupos sociais:	
Legado cultural e artístico		

TEMA

7

Os reinos cristiáns hispánicos

Tras a conquista musulmá da Península, as áreas cantábrica e pirenaica eludiron a autoridade de Córdoba. Nestas abruptas rexións xurdiron entre os séculos VIII e IX os primeiros reinos cristiáns peninsulares.

Estes dominios cristiáns mantiveron relacións estreitas con Al-Andalus durante varios séculos, pero en ocasións tamén se enfrontaron militarmente entre eles para aumentar os seus territorios.

Neste tema aprenderás qué reinos cristiáns había na Península e Baleares na Idade Media e cal foi a súa relación con Al-Andalus.



VAS APRENDER A...

- Explicar o proceso de formación dos principais reinos e condados cristiáns medievais da Península.
- Describir a expansión dos reinos cristiáns, a súa repoboación e a súa organización.
- Analizar a formación e a organización política e económica da Coroa de Castela.
- Analizar a formación e a organización política e económica da Coroa de Aragón.

1. Os núcleos occidentais de resistencia cristiá

No século VIII, os visigodos refuxiados na Cordilleira Cantábrica elixiron a **don Pelaio** como rei. Así naceu o **reino de Asturias**, que cara ao ano 800 abranguía desde Galicia, no oeste, ata Álava, no leste. No século IX ampliou as súas terras cara ao sur. Máis tarde, no século X, o reino pasou a chamarse **reino de León**, porque a capital se trasladou a León.

Durante a época do califato de Córdoba, o reino ástur-leonés entrou en crise. Neste período consolidouse o poder de **Castela**, un territorio fronteirizo situado na parte oriental do reino que sufría continuamente os ataques musulmáns.

Castela estaba formada por varios condados. Estes uníronse baixo a autoridade de **Fernán González**, quen desde o ano 951 gobernou de forma independente, aínda que seguiu sendo vasalo dos reis de León. En 1035, **Castela** converteuse en **reino** propio.

2. Os núcleos pirenaicos de resistencia cristiá

A rexión pirenaica formaba parte do imperio carolinxio. Estaba organizada en **condados**, cuxa misión era protexer o imperio de Carlomagno do avance musulmán.

O reino de Navarra

A principios do século IX, o conde **Íñigo Arista** expulsou os francos de Pamplona e creou o **reino de Navarra**. Desde o século X, estendeu a súa influencia polo territorio actual da Rioxa e Álava. O momento de maior esplendor coincidiu co reinado de **Sancho III o Maior** (1000-1035), que incorporou ao seu reino os condados aragoneses, Castela e parte de León. Tras a súa morte, o reino fragmentouse entre os seus fillos.

Os condados aragoneses

A comezos do século IX, os condados de **Aragón, Sobrarbe** e **Ribagorza** desvinculáronse do poder carolinxio. O conde **Aznar González** obtivo a independencia para o condado de Aragón, que no século X quedou baixo o dominio do reino de Navarra. En 1035, Aragón independizouse de Navarra.

Os condados cataláns

A finais do século IX, **Wifredo o Piloso** reuniu os condados cataláns e gobernounos con autonomía dos reis francos. **Cataluña** consolidou a súa independencia do poder franco no século X.

PATRIMONIO

Entre os séculos VIII e IX desenvolveuse no reino de Asturias unha arte peculiar. Un dos edificios máis importantes da **arte asturiana** é Santa María do Naranco. Foi construída como palacio real, aínda que máis tarde se converteu en igrexa.

No século X, nas terras fronteirizas entre Al-Andalus e os reinos cristiáns xurdiu a **arte mozárabe**, desenvolvida por cristiáns que vivían en territorio musulmán e que emigraron cara ao norte. Construíron igrexas de aspecto oriental e realizaron **beatos**, é dicir, manuscritos relixiosos con ilustracións de gran beleza.



Santa María do Naranco.

ACTIVIDADES

Comprende

1. Cronoloxía. Observa as liñas do tempo e responde.



- Que feito marcou o comezo do reino de Asturias? Cando sucedeu?

- En que ano tivo lugar a independencia de Castela?

- Que territorios se independizaron antes do poder franco: Navarra, os condados aragoneses ou os condados cataláns?

- En que século se creou o reino de Navarra? Quen foi o seu primeiro rei?

- En que século se independizaron os condados cataláns do rei franco?

- Cal foi o primeiro reino cristián que se creou na Península?

Aplica

2. Interpreta o mapa. Colorea o mapa dos reinos e condados pirenaicos segundo a lenda e responde.



- Dos núcleos pirenaicos, cales eran reinos?

3. Interpreta o mapa. Observa o mapa do reino de León cara ao século X e responde.



- Con que territorio limitaba o reino de León polo sur? E polo leste?

- En que parte do reino de León estaba situada Castela?

- Que río marcaba a fronteira entre o reino de León e o califato cordobés cara ao século X?

3. O avance dos reinos cristiáns

Os cristiáns chamáronlle **Reconquista** ao avance cara ao sur do territorio peninsular, xa que se consideraban os herdeiros do antigo reino visigodo.

- Durante os **séculos IX e X**, os reinos cristiáns avanzaron ata o val do Douro. Este avance non foi militar, senón que se baseou na colonización de terras por parte dos campesiños, que formaron aldeas.
- A partir de 1031, os reinos cristiáns aproveitaron a debilidade das taifas para proseguir o seu avance cara ao sur. Para evitar os ataques, as taifas pagaban **parias** (cantidades de ouro) aos reis cristiáns.

  Durante os **séculos XI e XII**, Portugal e Castela chegaron máis alá do Texo; Aragón conquistou Zaragoza e Teruel, e Cataluña expandiuse ata Tortosa.
- **No século XIII**, os reis cristiáns uníronse fronte aos almohades e derrotaron os musulmáns na **batalla de Las Navas de Tolosa** (1212), que supuxo o avance definitivo dos cristiáns polo territorio de Al-Andalus.

O avance dos reinos cristiáns



4. A repoboación

O poboamento dos territorios conquistados polos cristiáns para fortalecer o seu control coñécese como **repoboación**.

Ata o século XI, os reis dividían o territorio conquistado en circunscricións dominadas por unha **cidade ou *villa*** e numerosas aldeas. A estas *villas* outorgábanlles foros ou **cartas de poboamento**, é dicir, unha serie de privilexios para atraer poboación. Nas aldeas instaláronse **campesiños libres**, que recibían terras a cambio de cultivalas e defendelas.

Así repoboáronse os territorios entre o río Douro e o Texo, e parte do val do Ebro.

A partir do século XI conquistáronse territorios moi extensos e pouco poboados. Os reis dividíronos en **grandes latifundios** que entregaron a un nobre, á Igrexa ou a unha orde militar. Os campesiños que traballaban estas terras eran **servos**.

Este sistema utilizouse na Mancha, Estremadura, Baleares, Valencia, Murcia e Andalucía.

TEN EN CONTA

Como resultado da conquista, os reinos cristiáns non tiñan unha poboación uniforme. Neles coexistiron tres culturas: a **islámica**, a **cristiá** e a **xudía**.

O normal era que estas culturas non se integrasen: vivían en barrios diferentes, non casaban entre eles e cada grupo mantiña os seus costumes.

Con todo, esta diversidade tamén fomentou o enriquecemento cultural, que tivo unha especial impronta nalgúns lugares, como **Toledo**, coñecida como a **cidade das tres culturas**. Alí instalouse a **Escola de Tradutores**, onde se intercambiaban coñecementos e se traduciron ao latín obras clásicas árabes e xudías.

ACTIVIDADES

Comprende

4. Sitúa no mapa. Colorea o mapa segundo a lenda. Despois, responde.



- Ata onde avanzaron os reis cristiáns durante o século XI?

- Que territorios musulmáns quedaban no século XIV na Península?

- Cando tivo lugar a batalla das Navas de Tolosa?

- Que significou esta batalla para os reinos cristiáns?

5. Conceptos. Explica os seguintes termos.

- Repoboación:

- Reconquista:

- Parias:

- Carta de poboamento:

Razoa

6. Compara. Repoboáronse de igual maneira as terras do val do Texo e as de Andalucía? Explica as diferenzas entre unhas e outras.

Elabora a túa conclusión

7. Sintetiza. Completa a táboa.

Avance dos reinos cristiáns	
Séculos IX e X	*Avanzaron ata o Douro.*
Séculos XI e XII	
Século XIII	

5. A Coroa de Castela

A unión definitiva de Castela e León produciuse en 1230, cando **Fernando III** uniu ambos os reinos e formou a **Coroa de Castela**.

A Coroa de Castela estaba constituída por un **único Estado**, cunhas institucións e leis comúns. O goberno correspondía ao rei, xunto cos grandes nobres e as Cortes.

- O **rei** elaboraba as leis, declaraba a guerra e xulgaba.
- As **Cortes** aprobaban ou negaban os novos impostos solicitados polo monarca, pero non podían lexislar.

A economía castelá baseábase na **agricultura** e na **gandaría**. A gandaría dependía da cría da ovella meiriña, cuxa la se empregaba na industria téxtil ou se exportaba. Os rabaños eran **trashumantes** e circulaban a través dunha rede de camiños ou ***cañadas***, que cruzaban a Península de norte a sur.

Os gandeiros reuníanse en asembleas, chamadas **mestas**, para resolver as cuestións do seu oficio. En 1273, Afonso X recoñeceu o **Honrado Concello da Mesta** e outorgoulle numerosos privilexios.

A venda de la e panos fixo que a **artesanía** e o **comercio** tamén se desenvolvesen.

DICIONARIO VISUAL

Institucións da Coroa de Castela

REI
- Gobernar.
- Aplicar e cambiar as leis.
- Impartir xustiza.

Consello Real
- Asesorar o rei no goberno.

Audiencia
- Órgano supremo de xustiza.

Facenda
- Administrar a economía do reino.

CORTES
- Subordinadas ao poder do rei.
- Votaban os impostos solicitados polo rei.
- Realizaban peticións ao monarca.
- Aconsellaban o rei.

A crise do final da Idade Media

Desde finais do século XIII, sucedéronse en Castela malas colleitas, fames e pestes que provocaron un **descenso da poboación**. Como consecuencia, os ingresos dos nobres diminuíron. Para reducir as súas perdas, elevaron os alugueiros das súas terras, o que provocou **revoltas campesiñas**; enfrontáronse entre si para acaparar terras; e subleváronse contra os reis para que lles cederan novas propiedades.

A sublevación máis destacada encabezouna Henrique de Trastámara contra o seu irmán o rei Pedro I. A guerra acabou en 1369 coa morte do monarca e a entronización de Henrique II. Así comezou a reinar a nova dinastía dos **Trastámara**.

A situación da Coroa mellorou a finais do século XIV, o que permitiu emprender a conquista de Xibraltar e Canarias.

Evolución da Coroa de Castela



ACTIVIDADES

Comprende

8. Cronoloxía. Completa a liña do tempo. Escribe estes termos no seu lugar correcto: León, Castela, Coroa de Castela, unión de Castela e León, Honrado Concello da Mesta, conquista de Granada.



9. Conceptos. Explica o significado dos seguintes termos.

- Coroa de Castela:

- *Cañada*:

- Honrado Concello da Mesta:

- Cortes:

10. Identifica. Marca as afirmacións que sexan correctas.

- ☐ Castela e Aragón uníronse definitivamente en 1230 e formaron a Coroa de Castela.
- ☐ No século XII, a Coroa de Castela emprendeu a conquista das illas Canarias.
- ☐ O rei castelán tiña escaso poder, porque as Cortes lexislaban no seu nome.
- ☐ Os gandos trashumantes de ovellas meiriñas tiveron moita importancia para a economía castelá.
- ☐ A dinastía Trastámara chegou ao poder en Castela tras unha guerra civil.

Aplica

11. Interpreta o mapa. Observa o mapa da economía castelá e responde.



- Por onde se estendía a Coroa de Castela? Marca a resposta correcta.
  - ☐ Polo centro, noroeste e gran parte do sur peninsular.
  - ☐ Polo centro, leste e gran parte do sur peninsular.
- Que traxecto seguían as *cañadas*, norte-sur ou leste-oeste?

- Que eran Bilbao, Burgos, Medina del Campo, Toledo e Sevilla para a economía castelá?

6. A Coroa de Aragón

A **Coroa de Aragón** creouse no ano 1137, tras o matrimonio da herdeira de Aragón e o conde de Barcelona. O primeiro rei foi o seu fillo **Afonso II**. Desde finais do século XIII, os seus sucesores emprenderon unha importante **expansión polo Mediterráneo**: conquistaron Sicilia, Sardeña e Nápoles.

A Coroa de Aragón estaba formada polos condados cataláns e os reinos de Aragón, Valencia e Mallorca. Era unha **unión dinástica**, pois cada territorio mantivo as súas institucións, leis e costumes. O **rei** aragonés non podía establecer impostos nin novas leis sen a aprobación das **Cortes**. Cada territorio tiña as súas propias Cortes.

Ademais, dúas institucións velaban polo respecto dos **foros** ou leis propias de cada reino: a **Generalitat** en Cataluña e Valencia e o **Xustiza** en Aragón.

A maior parte da poboación vivía da **agricultura**. Ademais, a Coroa de Aragón mantiña **fluídos contactos comerciais** con moitos países. Por iso, os mercadores contaban con **consulados** ou delegacións en numerosas cidades. Estimuladas polo comercio, tamén se desenvolveron a industria téxtil e a construción naval.

A crise do final da Idade Media

Desde mediados do século XIV, a crise demográfica e económica provocou graves problemas en Cataluña. En 1412, a **dinastía Trastámara** accedeu ao trono aragonés tras a morte sen descendentes de Martiño o Humano. Así, Fernando I foi elixido rei no **compromiso de Caspe**. A chegada da nova dinastía coincidiu con dous conflitos sociais:

- A **revolta dos remensas**, ou campesiños cataláns, contra os nobres, a quen reclamaban dereitos esquecidos. Concluíu en 1486, dándolles a razón aos remensas.
- A **guerra civil en Barcelona** entre os nobres e os burgueses ricos, que desexaban manter os seus privilexios, e o rei Xoán II, apoiado polos artesáns, pequenos comerciantes e remensas. O conflito terminou en 1472 coa toma de Barcelona polo rei.

DICIONARIO VISUAL

Institucións da Coroa de Aragón



Cronoloxía da Coroa de Aragón



ACTIVIDADES

Comprende

12. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Coroa de Aragón:

- Consulado:

- Xustiza de Aragón:

13. Cronoloxía. Ordena os seguintes acontecementos. Escribe 1, 2, 3, 4.

- ☐ Final da revolta dos remensas.
- ☐ Creación da Coroa de Aragón.
- ☐ Compromiso de Caspe.
- ☐ Final da guerra civil de Barcelona.

Razoa

14. Analiza. Quen tiña máis poder, o rei de Castela ou o rei aragonés? Razoa a resposta.

15. Compara. Completa a táboa.

	Coroa de Castela	Coroa de Aragón
Data de creación		
Territorios		
Institucións		

Aplica

16. Interpreta o mapa. Observa o mapa das posesións de Aragón no Mediterráneo e completa a ficha.



POSESIÓNS NO MEDITERRÁNEO DA COROA DE ARAGÓN

- Reino de Mallorca independente entre 1276-1344
- Conquista de Sardeña 1323
- Conquista de Nápoles 1442-1458. Reincorporado 1503
- Conquista de Sicilia 1282-1296. Reincorporada 1409
- Ducados de Atenas e Neopatria 1380-1391
- Principais cidades

Territorios da Coroa de Aragón

- Na península Ibérica:

- Fóra da península Ibérica:

Resumo

OS REINOS CRISTIÁNS HISPÁNICOS		
Os núcleos occidentais	Reino ástur-leonés	
	Reino de Castela	
Os núcleos pirenaicos	Reino de Navarra	
	Condados aragoneses	
	Condados cataláns	
O avance dos reinos cristiáns e a repoboación	• Etapas do avance cristián: • Tipos de repoboación:	
A Coroa de Castela	• Goberno: • Economía: • Crise do final da Idade Media:	
A Coroa de Aragón	• Goberno: • Economía: • Crise do final da Idade Media:	

TEMA

8

A orixe do mundo moderno

O paso do século XV ao XVI foi unha época de grandes cambios. Por iso os historiadores sitúan aquí o inicio dunha nova etapa, a Idade Moderna. Portugal e Castela protagonizaron grandes exploracións xeográficas, que ampliaron os horizontes ata entón coñecidos polos europeos.

En España, o matrimonio dos Reis Católicos consumou a unión dinástica entre Castela e Aragón, e sentou as bases da futura Monarquía Hispánica e da súa conversión nunha gran potencia mundial.

Neste tema aprenderás como se produciu a ampliación do mundo coñecido ata daquela polos europeos e que consecuencias tivo.



VAS APRENDER A...

- Describir os principais descubrimentos xeográficos do século XV e recoñecer a súa importancia na configuración do mundo moderno.
- Analizar o crecemento económico e as transformacións sociais do comezo da Idade Moderna.
- Enumerar os trazos das monarquías autoritarias e analizar a monarquía dos Reis Católicos.

1. O mundo coñecido polos europeos no século XV

A comezos do século XV, o mundo coñecido polos europeos limitábase a Europa e aos territorios que rodeaban o mar Mediterráneo e o mar Negro.

Tamén sabían, aínda que de forma imprecisa, da existencia de India, China e Xapón polas viaxes dalgúns comerciantes.

2. Causas dos descubrimentos

A partir do século XV, os europeos emprenderon diversas **expedicións marítimas** que ampliaron o seu coñecemento sobre a forma e as dimensións da Terra.

As causas destas exploracións foron de dous tipos:

- A necesidade de buscar **novas rutas comerciais**. Os turcos conquistaran o imperio bizantino e pecharan as rutas que unían Europa con Extremo Oriente.
- Os **avances técnicos** que melloraron a navegación. Desenvolvéronse novos mapas, chamados **portolanos**, e xeneralizouse o uso de instrumentos de navegación que favorecían a orientación, como o compás.

  Ademais, apareceron novos tipos de barcos, como a **carabela**, que unía maior velocidade e capacidade de carga.

DICIONARIO VISUAL

Portolano



As liñas debuxadas unían portos.

DICIONARIO VISUAL

Carabela



Pau maior

A carabela adoitaba levar unha tripulación inferior a trinta homes.

Combinaba **velas cadradas**, que lle permitían coller velocidade, e **velas triangulares**, que lle permitían manobrar.

Mastro

Gran **capacidade de carga**. As bodegas eran amplas, posto que a carabela non levaba remeiros.

Áncora

ACTIVIDADES

Comprende

1. Identifica. Marca a opción correcta.

- A comezos do século XV, os europeos coñecían…
  - ☐ Europa, América e as terras que rodeaban o Mediterráneo e o mar Negro.
  - ☐ Europa, as terras que rodeaban o Mediterráneo e o mar Negro, e de forma imprecisa China, India e Xapón.
  - ☐ Oceanía, Europa e África.
- Entre os avances técnicos que melloraron a navegación a partir do século XV encóntranse…
  - ☐ O uso de portolanos, de barcos máis rápidos e de instrumentos de navegación, como o compás.
  - ☐ O uso de portolanos e a invención dos barcos de vapor.
  - ☐ A carabela, un barco que se movía coa forza dos remeiros.
- A conquista turca do imperio bizantino favoreceu…
  - ☐ A aparición de novos instrumentos de navegación e de portolanos.
  - ☐ A procura de novas rutas comerciais cara a Extremo Oriente.
  - ☐ A conquista de China e Xapón por parte dos europeos.

2. Clasifica. Completa o esquema sobre as causas dos descubrimentos.



Razoa

3. Compara. Explica a relación entre:

- A conquista do imperio bizantino polos turcos e as expedicións marítimas dos europeos.

- A aparición da carabela e as viaxes de exploración.

Aplica

4. Interpreta o mapa. Observa este mapa portolano e responde.



- Que continentes aparecen representados? Marca as respostas.
  - ☐ Europa ☐ África ☐ América
- Coñecíanse nesta época as costas que bordean o mar Mediterráneo?

- Que cres que significan os debuxos que hai sobre o norte de África?

3. As exploracións portuguesas

Desde comezos do século XV, Portugal buscou unha nova ruta cara á India bordeando África.

- En 1488, **Bartolomé Días** dobrou o cabo de Boa Esperanza, no extremo sur do continente, e abriu o camiño cara ao océano Índico.
- En 1498, **Vasco de Gama** chegou á India por unha ruta que non pasaba por territorios dominados polos turcos.

Os portugueses fundaron **factorías** ao longo da nova ruta para abastecer as naves e controlar o comercio.

4. As exploracións castelás

O descubrimento de América

Cristovo Colón pretendía chegar a Asia atravesando o océano Atlántico. Cría que a Terra era redonda, aínda que moitas persoas pensaban nesa época que era plana.

Financiada polos Reis Católicos, a expedición de Colón partiu en agosto de 1492 de Palos de la Frontera. Tras numerosas dificultades, o 12 de outubro alcanzou a costa.

Colón estaba convencido de que chegara a Xapón, pero os seus cálculos eran erróneos. Esas terras pertencían a un territorio descoñecido para eles: **América**.

A primeira volta ao mundo

En 1519 partiu de Sevilla unha expedición capitaneada por **Fernando de Magalláns** e o seu contramestre **Juan Sebastián Elcano**. O seu obxectivo era dar a volta ao mundo.

En 1520 encontraron o estreito que unía o océano Atlántico co Pacífico. Despois, chegaron ás illas Filipinas, onde morreu Magalláns. Elcano tomou o mando e en 1522 regresou a España. Conseguira dar a primeira volta ao mundo.

5. A repartición do mundo

Portugal e Castela crearon dous grandes **imperios ultramarinos**. Para evitar problemas territoriais, en 1494 asinouse o **tratado de Tordesillas**, que estableceu un meridiano que separaba as dúas demarcacións.

- A Portugal correspondíanlle as terras de África e Asia, así como Brasil, descuberto posteriormente.
- Para Castela quedaron a maioría das terras de América e as illas Filipinas.

TEN EN CONTA

Antes da chegada dos españois a América existía nese continente unha gran variedade de culturas. Déuselles o nome de **civilizacións precolombianas**.

As civilizacións precolombianas máis destacadas eran os **maias**, os **incas** e os **aztecas**. Tamén existían outros moitos pobos, pero a maioría deles eran pequenas tribos con formas de vida moi primitivas.



Tratado de Tordesillas



ACTIVIDADES

Comprende

5. Cronoloxía. Ordena cronoloxicamente estes acontecementos. Escribe 1, 2, 3, 4, 5.

- ☐ Descubrimento de América.
- ☐ Primeira volta ao mundo.
- ☐ Tratado de Tordesillas.
- ☐ Vasco de Gama chega á India bordeando África.
- ☐ Bartolomé Días dobra o cabo de Boa Esperanza.

6. Relaciona. Une cada personaxe coa viaxe de exploración que corresponde.

Xoán Sebastián Elcano	Concluíu a primeira volta ao mundo.
Vasco de Gama	Descubriu un novo continente: América.
Cristovo Colón	Dobrou o cabo de Boa Esperanza.
Fernando de Magalláns	Encontrou o estreito que unía os océanos Pacífico e Atlántico.

7. Clasifica. Completa a táboa dos grandes descubrimentos.

Exploracións portuguesas
Exploracións castelás

Razoa

8. Interpreta o mapa. Observa o mapa do tratado de Tordesillas e completa a táboa. Despois, responde.

Tratado de Tordesillas (1494)	
Territorios para Portugal	
Territorios para Castela	

- Quen saíu máis beneficiado desta repartición do mundo, Castela ou Portugal? Xustifica a resposta.

Aplica

9. Interpreta o mapa. Observa o mapa e responde as preguntas.



- A que parte de América chegou Colón, ao norte, ao centro ou ao sur?
- Onde se encontra o estreito de Magalláns?
- Que continente bordeou Vasco de Gama para chegar a Asia?
- Cara a onde se dirixiu Magalláns cando partiu da Península?

6. Os cambios económicos e sociais

O crecemento demográfico

A poboación europea iniciou no século XV un proceso de crecemento demográfico. A alimentación mellorou respecto a épocas anteriores e as epidemias resultaron menos virulentas.

O crecemento económico

O aumento da poboación provocou que se demandaran máis produtos agrícolas e artesáns. Por iso, a economía coñeceu unha fase de prosperidade durante os séculos XV e XVI.

O **comercio** reactivouse e para facilitar os intercambios utilizáronse novos medios de pago, como os **cheques** e as **cartas de pagamento**.

As novas empresas comerciais necesitaban grandes cantidades de capital. Por iso os comerciantes asociáronse en **compañías** e empezaron a solicitar créditos aos bancos.

A transformación social

A sociedade continuou dividida en tres estamentos igual ca na Idade Media, pero producíronse algúns cambios importantes.

- A **nobreza** e o **clero** mantivéronse como o estamento privilexiado. Non pagaban impostos directos e ocupaban os principais cargos.
- A **burguesía**, que pertencía ao grupo dos non privilexiados, alcanzou unha grande importancia. Estaba formada por grandes comerciantes e banqueiros, que posuían enormes riquezas e poder.
- Os **campesiños** seguiron tendo unhas duras condicións de vida e na súa maioría eran moi pobres. Con todo, en moitos países de Europa occidental deixaron de ser servos e convertéronse en persoas libres.

SABÍAS QUE...

A palabra **banca** provén do lugar en que se realizaban as transaccións comerciais nos primeiros séculos da Idade Moderna. A súa orixe remóntase ás cidades italianas, como Florencia. Alí, os banqueiros sentaban nos bancos, polo xeral situados nas prazas, e chegaban a acordos cos seus clientes.

Cando un banqueiro non podía facer fronte ás súas obrigas, o banco onde se levaran a cabo as transaccións rompíase a machetazos. De aí provén o nome de **bancarrota**.

PERSONAXES

O esplendor de Florencia no século XV está asociado en gran medida ao da familia **Médici**. Os dous membros máis célebres desta familia foron **Cosme o Vello** e o seu neto **Lourenzo o Magnífico**.

Cosme, banqueiro do papa e dos reis de Francia e Inglaterra, converteu a súa familia nunha das máis poderosas de Europa. Ademais de ser un gran político, ocupouse do mecenado de poetas, artistas e filósofos.

Lourenzo continuou co labor de mecenado do seu avó. Fundou a famosa Biblioteca Laurenciana en Florencia.



Lourenzo de Médici.

ACTIVIDADES

Comprende

10. Lembra. Responde as preguntas.

- Que factores contribuíron ao crecemento demográfico do século XV?

- Como influíu o aumento da poboación na economía?

- Para que xurdiron os cheques e as cartas de pagamento?

- Que grupos sociais existían no século XV?

11. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda.

- ☐ Nos séculos XV e XVI, a poboación diminuíu debido ás numerosas epidemias.
- ☐ A partir do século XV creáronse compañías de comerciantes.
- ☐ Os campesiños tiñan unhas duras condicións de vida, pero moitos convertéronse en homes libres.
- ☐ A burguesía adquiriu moito poder a partir dos primeiros séculos da Idade Moderna.
- ☐ A sociedade do século XV, a diferenza da sociedade medieval, non estaba organizada en estamentos.

12. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Compañías comerciais:

- Burguesía:

Razoa

13. Compara. Explica os parecidos e as diferenzas entre a sociedade medieval e a dos primeiros séculos da Idade Moderna.

Parecidos	• *Organizada en estamentos.*
Diferenzas	• *Importancia da burguesía.*

Aplica

14. Interpreta o gráfico. Responde as preguntas.



- Cantos millóns de habitantes tiña Europa aproximadamente en 1400? E en 1500?

- Que fixo a poboación europea no século XV, aumentar ou diminuír?

Elabora a túa conclusión

15. Resume. Completa.

Crecemento económico	
Causas	Consecuencias

7. O nacemento do Estado Moderno

No século XV, os reis reforzaron o seu poder e crearon as chamadas **monarquías autoritarias**. Para iso tomaron diferentes medidas:

- Crearon unhas **institucións centralizadas** e fortaleceron o **exército**, constituído por tropas pagadas polo monarca.
- Aumentaron os **impostos** para obter ingresos.
- Estableceron unha **rede diplomática** para manter relacións cos países veciños.

8. Os Reis Católicos

En 1469 casaron Fernando, fillo do rei de Aragón, e Isabel, irmá do rei de Castela. En 1477 Isabel converteuse en raíña de Castela, e en 1479 Fernando sucedeu a seu pai no trono. Así produciuse a **unión das Coroas de Aragón e de Castela**.

Tratábase dunha **unión persoal**, é dicir, Isabel e Fernando gobernaban conxuntamente os seus territorios, pero cada reino mantivo as súas leis e institucións.

A organización política

Fernando e Isabel pacificaron os seus reinos e **reforzaron a autoridade** do poder real a través de diversas medidas:

- Crearon a **Santa Irmandade** en Castela, un corpo policial para loitar contra os bandidos e os abusos da nobreza.
- Reorganizaron a xustiza e reforzaron a **Chancelaría**, o máximo órgano xudicial.
- Nomearon **corrixidores**, encargados de impoñer as decisións dos reis nas cidades.
- Reforzaron a **Facenda real**, e configuraron un **exército profesional** e permanente.

Ademais, os Reis Católicos ampliaron moito os seus territorios. Conquistaron o **reino de Granada** (1492) e o **reino de Navarra** (1512). Fóra da Península, incorporaron o **reino de Nápoles** á Coroa de Aragón (1504) e conquistaron varias **prazas no norte de África**. No océano Atlántico tomaron as illas **Canarias** e comezaron a conquista de **América**.

A unidade relixiosa

Os Reis Católicos trataron de lograr a unificación relixiosa dos seus reinos. Para iso fundaron o **Tribunal da Inquisición**, que perseguía os herexes, expulsaron en 1492 os xudeus da Península e decretaron en 1512 a conversión ou a expulsión dos musulmáns españois.

Institucións en tempos dos Reis Católicos



Posesións dos Reis Católicos



ACTIVIDADES

Comprende

16. Lembra. Enumera as principais medidas que adoptaron os reis ao comezo da Idade Moderna para reforzar o seu poder.

17. Cronoloxía. Escribe a data na que se produciron estes acontecementos. Despois, ordénaos cronoloxicamente do 1 ao 5.

- ☐ Conquista de Granada. (_____)
- ☐ Unión persoal das Coroas de Castela e de Aragón. (_____)
- ☐ Conquista do reino de Navarra. (_____)
- ☐ Expulsión dos xudeus da Península. (_____)
- ☐ Incorporación do reino de Nápoles. (_____)

18. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Monarquía autoritaria:
- Chancelaría:
- Corrixidor:

Razoa

19. Explica. Por que a unión das Coroas de Castela e de Aragón foi unha unión persoal?

Aplica

20. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico das institucións na época dos Reis Católicos e responde.

- Que institucións había na Coroa de Castela?
- As institucións da Coroa de Aragón eran as mesmas para todos os seus territorios?
- Que funcións tiñan as Cortes de Castela?
- E as Cortes da Coroa de Aragón?
- En que Coroa tiñan máis poder as Cortes? Xustifica a resposta.

Elabora a túa conclusión

21. Sintetiza. Completa a táboa.

A monarquía autoritaria dos Reis Católicos
Medidas para reforzar o poder
• *Creación dunhas institucións centralizadas.*
Territorios que se anexionaron
• *Reino de Granada (1492).*
Medidas para lograr a unidade relixiosa
• *Creación do Tribunal da Inquisición.*

Resumo

<table>
<tr><th colspan="4">A ORIXE DO MUNDO MODERNO</th></tr>
<tr><td colspan="4">A época dos descubrimentos</td></tr>
<tr><td>Causas</td><td colspan="3"></td></tr>
<tr><td rowspan="2">Principais exploracións</td><td colspan="2">Exploracións portuguesas</td><td>Exploracións castelás</td></tr>
<tr><td colspan="2"></td><td></td></tr>
<tr><td>A repartición do mundo</td><td colspan="3"></td></tr>
<tr><td>Os cambios demográficos, económicos e sociais</td><td colspan="3"></td></tr>
<tr><td colspan="4">O nacemento do Estado Moderno</td></tr>
<tr><td>Aparición das monarquías autoritarias</td><td colspan="3">• Medidas para reforzar a autoridade real:</td></tr>
<tr><td rowspan="3">A monarquía autoritaria dos Reis Católicos</td><td>Organización política</td><td colspan="2"></td></tr>
<tr><td>Territorios conquistados</td><td colspan="2"></td></tr>
<tr><td>Medidas para a unidade relixiosa</td><td colspan="2"></td></tr>
</table>

TEMA

9 O cambio cultural: Renacemento e Reforma

No século XV comezou en Italia unha corrente de renovación cultural e exaltación da cultura clásica que se plasmou en dous movementos: o Humanismo e o Renacemento. Desde Italia estendeuse a outros lugares de Europa e transformou a concepción do ser humano e da sociedade da época.

Por outra parte, desde finais da Idade Media existía en certas capas da sociedade un descontento pola situación da Igrexa católica. Este malestar provocou a Reforma protestante, que dividiu Europa en dous grupos relixiosos.

Neste tema estudarás os trazos que definen o Renacemento e aprenderás como se produciu a Reforma e que consecuencias tivo.



VAS APRENDER A...

- Comprender o concepto de Humanismo.
- Describir as características do estilo artístico renacentista e enumerar os seus principais representantes.
- Analizar o fenómeno da Reforma protestante.
- Comprender a resposta da Igrexa católica á Reforma.
- Comentar un edificio.
- Realizar un informe a partir de documentos históricos.

1. O Humanismo

As transformacións sociais e culturais dos séculos XV e XVI foron tan fondas que se lle deu a esta etapa un nome propio: o **Renacemento**. Un dos seus trazos esenciais foi o desenvolvemento do **Humanismo**, unha corrente cultural que se caracterizou polos seguintes elementos:

- A preocupación polo **ser humano**. Os humanistas consideránbano o centro do mundo. Por iso estudaron o seu pensamento, historia e anatomía.
- A inspiración na **Antigüidade** clásica.
- A procura da verdade a través da **razón e da experiencia**. Defendían o valor da reflexión persoal.

As obras dos humanistas difundíronse a través da **imprenta**, que permitiu publicar unha cantidade de libros inimaxinable ata daquela, e das **academias**, onde se reunían sabios para intercambiar as súas ideas.

O desexo de saber fomentado polo Humanismo deu lugar a un importante **desenvolvemento científico**. Por exemplo, destacaron científicos como **Nicolás Copérnico**, que defendeu que a Terra e os planetas xiraban arredor do Sol (teoría heliocéntrica), e **Miguel Servet**, que realizou importantes descubrimentos sobre a circulación sanguínea.

2. Un novo estilo artístico

O Renacemento xurdiu en Italia e desenvolveuse en dúas etapas:

- O **Quattrocento** abrangueu o século XV. O seu centro cultural estivo en Florencia.
- O **Cinquecento** correspondeu ao século XVI. O seu centro cultural foi Roma.

O estilo renacentista inspirouse na Antigüidade. O ser humano converteuse no centro da arte e os artistas preocupáronse por plasmar un ideal de beleza.

3. A arquitectura renacentista

Os arquitectos do Renacemento utilizaron os **elementos clásicos** (arcos de medio punto, frontóns, bóvedas de canón e columnas clásicas) e construíron edificios máis pequenos ca os góticos para adaptalos ás proporcións do corpo humano.

No Quattrocento destacaron os arquitectos **Brunelleschi** e **Alberti**. No Cinquecento construíuse a basílica de San Pedro do Vaticano, na que participaron **Bramante**, **Miguel Anxo** e **Maderno**.

DICIONARIO VISUAL



Cúpula da catedral de Florencia, obra de Brunelleschi



Igrexa de Santa María Novella, obra de Alberti

UN PERSONAXE

Miguel Anxo realizou a súa obra fundamentalmente en Florencia e Roma, e foi un dos principais arquitectos, escultores e pintores do Renacemento.

Entre as súas esculturas sobresaen a *Piedade*, o *David* e o *Moisés*.

Como pintor, a obra máis destacada son os frescos da Capela Sixtina.

ACTIVIDADES

Comprende

1. **Describe.** Escribe os trazos principais que caracterizan o Humanismo.

2. **Lembra.** Responde as preguntas.
   - Como se difundiron as obras dos humanistas?
   - Onde e cando xurdiu o Renacemento?
   - Que características definen o estilo renacentista?

3. **Clasifica.** Completa as seguintes táboas.

Quattrocento		
Século	Centro cultural	Arquitectos

Cinquecento		
Século	Centro cultural	Arquitectos

Razoa

4. **Compara.** Explica a diferenza entre o Humanismo e o Renacemento.

5. **Interpreta o texto.** Cres que esta afirmación de Leonardo da Vinci manifesta un espírito humanista? Xustifica a resposta.

> Se non aduzo eu, coma eles, testemuños de autores, apóiome, en cambio, en algo máis elevado e máis digno: a experiencia, que é mestra de mestres.
>
> LEONARDO DA VINCI, *Tratado da pintura*

Aplica

6. **Interpreta a imaxe.** Observa a fotografía da *villa* Rotonda e sitúa os números onde corresponda. Despois, describe este edificio.

1. Columnas clásicas
2. Frontón
3. Arco de medio punto
4. Cúpula



4. A pintura renacentista

A pintura renacentista caracterizouse por:

- O desenvolvemento da **perspectiva**, que permitiu dar sensación de volume e de profundidade ás obras.
- O **claroscuro**, é dicir, o uso de efectos de luces e sombras.
- O uso de **fondos** para dar sensación de afastamento.
- O **escorzo**, que consiste en representar as figuras de forma perpendicular ao espectador.
- A preocupación polas **proporcións** e pola **beleza ideal**.
- Pintáronse **temas variados**: escenas relixiosas, temas mitolóxicos, retratos, paisaxes e nus.

Os grandes mestres do Quattrocento foron **Masaccio**, **Mantegna** e **Botticelli**. No Cinquecento sobresaíron **Leonardo da Vinci**, **Miguel Anxo**, **Rafael** e **Tiziano**.

5. A escultura renacentista

A escultura renacentista independizouse da arquitectura, seguiu os modelos da Antigüidade e deu grande importancia ao estudo do corpo humano e das proporcións.

Os temas máis representados foron os nus, os retratos e a escultura ecuestre. A maior parte das obras realizábanse en bronce ou mármore.

No Quattrocento destacaron **Ghiberti** e **Donatello**. O grande escultor do Cinquecento foi **Miguel Anxo**.

TEN EN CONTA

O estilo renacentista estendeuse a outras zonas de Europa no século XVI. A gran figura do Renacemento fóra de Italia foi o pintor alemán **Alberto Durero**, que introduciu este estilo en Alemaña.

En España, a arquitectura renacentista desenvolveu dous estilos propios: o **herreriano**, caracterizado pola súa austeridade, e o **plateresco**, cunha decoración abundante e delicada.

A escultura española buscou máis a plasmación de intensos sentimentos que a beleza ideal. Na pintura, o artista máis importante do Renacemento español foi **O Greco**.

DICIONARIO VISUAL

***Cristo morto*, obra de Andrea Mantegna**



O autor consegue crear a sensación de profundidade mediante un forte **escorzo**.

***David*, obra de Miguel Anxo**



ACTIVIDADES

Comprende

7. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda.

- ☐ No Renacemento só se pintaron escenas relixiosas.
- ☐ Os pintores renacentistas usaron o escorzo e o claroscuro, e desenvolveron a perspectiva.
- ☐ A escultura renacentista estaba supeditada á arquitectura, como na arte gótica.
- ☐ A escultura ecuestre, o retrato e o nu adquiriron gran protagonismo.

8. Conceptos. Explica o significado destes termos e sinala a importancia que adquiriron no Renacemento.

- Perspectiva:

- Claroscuro:

- Escorzo:

Aplica

9. Interpreta a imaxe. Observa o cadro *A primavera,* de Botticelli, e marca as características da pintura renacentista que se aprecian nel.



- ☐ É un tema relixioso e ten unha función educativa.
- ☐ A paisaxe de fondo crea sensación de afastamento.
- ☐ Non hai proporcións: a figura principal é de maior tamaño ca o resto.
- ☐ O claroscuro crea xogos de luces e sombras.
- ☐ É un tema mitolóxico.
- ☐ Non hai sensación de profundidade.
- ☐ O pintor quere transmitir a beleza ideal.
- ☐ Hai un forte escorzo en todos os personaxes.
- ☐ Non ten perspectiva.
- ☐ Os personaxes son ríxidos e carecen de movemento.

Elabora a túa conclusión

10. Resume. Completa a táboa.

	Arte renacentista		
	Arquitectura	Escultura	Pintura
Características			
Artistas			

6. A Reforma

A finais da Idade Media, unha parte da sociedade sentía un fondo malestar contra certas prácticas da Igrexa: as altas xerarquías vivían con luxo, gran parte do clero non tiña formación e moitos cargos eclesiásticos comprábanse.

Tamén eran motivo de escándalo as **indulxencias**, uns documentos emitidos polo papa polos que se compraba o perdón dos pecados. En 1515, o monxe alemán **Martiño Lutero** escribiu as súas *95 teses*, onde criticou duramente o papa León X. Este feito foi a orixe do **luteranismo**, cuxos principios fundamentais son os seguintes:

- As persoas sálvanse pola súa fe, non polas súas obras.
- Os crentes relaciónanse con Deus pola oración, sen necesidade dos sacerdotes como intermediarios.
- Cada persoa pode interpretar libremente a Biblia e só existen dous sacramentos: o bautismo e a eucaristía.
- Quedou prohibido o culto á Virxe e aos santos, e negouse a autoridade do papa.

O luteranismo expandiuse con rapidez por Europa. Ademais, xurdiron outros movementos de reforma, como o **calvinismo** e o **anglicanismo**.

7. A Contrarreforma

A **Contrarreforma** foi un movemento reformador da Igrexa católica para frear a Reforma protestante. Con este obxectivo, o **Concilio de Trento** reuniuse en 1545 e tomou varias resolucións:

- Confirmou todos os sacramentos, a primacía do papa, o culto á Virxe e aos santos, e as boas obras como medio para obter a salvación.
- Fundou seminarios para mellorar a formación dos sacerdotes.
- Fortaleceu o Tribunal da Inquisición e creou o catecismo como medio para estender a doutrina católica.

Para poñer en práctica estas medidas xurdiron novas ordes relixiosas. Unha das máis importantes foi a **Compañía de Xesús**, fundada por Santo Ignacio de Loiola en 1540.

8. As consecuencias da Reforma

Despois da Reforma, Europa dividiuse en dous bloques relixiosos: os protestantes e os católicos. Esta división deu lugar a sanguentas **guerras de relixión**. Ademais, a **intolerancia** xeneralizouse en Europa. Nos países católicos perseguíase aos protestantes, e nos países protestantes, aos católicos.

NON TE CONFUNDAS

Os **luteranos** comezaron a ser coñecidos como **protestantes** na Dieta de Espira de 1529. A Dieta era a reunión dos príncipes e dos representantes das cidades do Sacro Imperio co emperador. Nesa reunión, a maioría católica decidiu prohibir as doutrinas de Lutero, mentres que a minoría que as apoiaba presentou a súa enérxica protesta ante o emperador Carlos V.

Desde entón, os que se opoñían ao papado de Roma foron coñecidos como protestantes.

SABÍAS QUE...



Xoán Calvino.

Un dos movementos relixiosos máis influentes que xurdiron en Europa foi o **calvinismo**, predicado por **Xoán Calvino**. A súa doutrina baseábase na **predestinación**, é dicir, en que as persoas están condenadas ou salvadas ao nacer, sen importar as súas obras.

O calvinismo naceu en Xenebra (Suíza) e desde alí estendeuse aos Países Baixos, algunhas rexións de Francia e as illas Británicas.



Henrique VIII.

Un caso especial foi o de Inglaterra. O rei **Henrique VIII**, contrariado porque o papa non lle concedera o divorcio da súa muller, Catalina de Aragón, creou en 1534 a súa propia Igrexa.

Á fronte da **Igrexa anglicana** encóntrase o rei, e non o papa.

ACTIVIDADES

Comprende

11. Cronoloxía. Ordena cronoloxicamente estes feitos. Escribe onde corresponda 1, 2, 3, 4.

- ☐ Reúnese o Concilio de Trento.
- ☐ O papa León X emite indulxencias.
- ☐ Santo Ignacio de Loiola funda a Compañía de Xesús.
- ☐ Lutero publica as súas *95 teses*.

12. Lembra. Escribe os principios fundamentais do luteranismo.

13. Conceptos. Explica a importancia que tivo o Concilio de Trento.

Razoa

14. Clasifica. Completa o esquema.

Reforma protestante	
Causas	Consecuencias

15. Compara. Explica as diferenzas entre a Reforma e a Contrarreforma.

Aplica

16. Interpreta o mapa. Observa o mapa da expansión da Reforma e responde.



- Por que zonas se estendeu o luteranismo?
- Que relixión predominou na península Ibérica?
- Por que zonas se estendeu o anglicanismo?

Paso a paso: Comentar un edificio renacentista

Que pasos debes seguir?

1 Descrición.

Sinala quen o construíu e cando, con que finalidade se fixo e que tipo de edificio é (un palacio, unha igrexa, unha lonxa…).

2 Estrutura e decoración.

Indica o material de que está feito (pedra, ladrillo…). Describe tamén como son o interior e o exterior do edificio: muros, arcos, patios…

Fíxate nas esculturas e nas pinturas, descríbeas e sinala onde se sitúan.

3 Identificación do estilo.

Relaciona a construción co estilo artístico ao que corresponde.





Michelozzo deseñou o **palacio Médici-Riccardi** por encarga da familia Médici. Construíuno entre 1440 e 1460. Decorouse con esculturas e pinturas dos grandes mestres.

Exteriormente, o palacio ten o aspecto dunha fortaleza. No interior, os cuartos organízanse arredor dun patio central.



David, obra de Donatello.

Faino ti

17. Descrición. Completa a ficha.

Arquitecto:

Data de construción:

Tipo de edificio:

Función:

18. Estrutura e decoración. Observa as imaxes e responde.

- Cantas plantas ten o edificio?
- Describe a fachada.
- Ten patios interiores?
- Quen é o autor da escultura do patio?

19. A que estilo artístico corresponde este palacio? Xustifica a resposta.

Paso a paso: Crear un informe a partir de documentos históricos

Un **informe** é o desenvolvemento dun tema por escrito, previamente estruturado e redactado correctamente.

DOCUMENTO A

Pero un inquisidor vigoroso non debe permitirse ser manipulado; debe proceder firmemente ata lograr que esta xente confese o seu erro, de modo que se se descobre que xurou falsamente, poden ser abandonados ao castigo das autoridades.

BERNARDO GUY, *Técnica de inquisición*, 1307. Adaptado

DOCUMENTO B

Se o pai fala unha palabra polo seu fillo, tamén é apresado e encerrado na prisión como favorecedor de herexes. Tampouco lle está permitido a ninguén visitar o prisioneiro: e alí está só, en tal lugar, onde non pode ver moito máis ca o chan en que se encontra, e non se lle permite ler ou escribir, mais aguanta na escuridade palpable, en horrores infinitos, triste e cheo de medos, pelexando cos asaltos da morte.

Engade a estas aflicións e horrores da prisión as feridas, ameazas, lategazos e flaxelacións, ferros, torturas e tormentos que soportan. Algunhas veces son sacados e expostos nalgún lugar importante, para a xente, como espectáculo, para reprobación e infamia.

JOHN FOX, *O libro dos mártires*, 1563. Adaptado

TEN EN CONTA

A **Inquisición** era unha institución que perseguía os chamados delitos relixiosos, é dicir, calquera actitude relixiosa que se afastase ou contraviñese a doutrina católica ditada polo papa.

A actuación da Inquisición foi sempre un tema polémico, debido aos métodos que empregaba e ás sentenzas levadas a cabo.

Que pasos debes seguir?

1. **Compara os documentos.**
   Primeiro, fíxate no autor, na data e nas ideas principais de cada documento. Despois, identifica as ideas coincidentes e contrasta as diferenzas.
2. **Estrutura as ideas.**
   Pensa no título que lle vas poñer ao informe e organiza os apartados que terá.
3. **Redacta o informe.**
   Escribe as conclusións que obtiveches a partir dos documentos.

Faino ti

20. Compara os documentos.

- Completa a táboa.

	Autor	Data
Doc. A		
Doc. B		

- Para que cres que publicou este libro o autor do documento A?

- Le o documento B. Como se conseguían as confesións? Cres que eran auténticas?

21. Redacta un informe. Escribe brevemente que era a Inquisición, cal era a súa finalidade e como obtiña as confesións. Non te esquezas de escribir unha conclusión final.

Resumo

O CAMBIO CULTURAL: RENACEMENTO E REFORMA		
Humanismo	• Características: • Medios de difusión:	
Renacemento	Arquitectura	• Características: • Artistas:
	Escultura	• Características: • Artistas:
	Pintura	• Características: • Artistas:
Reforma	• Causas: • Principios do luteranismo:	
Contrarreforma	• Medidas adoptadas: • Consecuencias da Reforma e da Contrarreforma para Europa:	

TEMA

10

O apoxeo do imperio español

Durante os reinados de Carlos I e Filipe II, a Monarquía Hispánica exerceu a hexemonía política en Europa. O imperio español era tan extenso que se dicía que nel «nunca se poñía o Sol».

Ao longo desta época levouse a cabo a conquista de gran parte dos territorios americanos. Entre América e España estableceuse un florecente comercio que contribuíu ao crecemento económico.

Neste tema estudarás as características principais do imperio español no século XVI.



VAS APRENDER A...

- Coñecer as dimensións do imperio español no século XVI.
- Comprender a complexa composición e organización da Monarquía Hispánica.
- Analizar os principais conflitos aos que fixo fronte a monarquía no século XVI.
- Describir o proceso de conquista e explotación de América.
- Analizar a composición da sociedade americana.

1. O imperio de Carlos V

Carlos V herdou un inmenso imperio e converteuse no rei máis poderoso do seu tempo.

- Dos seus avós maternos, os Reis Católicos, recibiu en 1516 as Coroas de Castela e Aragón e os seus territorios en América, Italia, o Mediterráneo e África. Como rei de España levou o nome de **Carlos I**.
- Dos seus avós paternos, Maximiliano I e María de Borgoña, obtivo o título de emperador do Sacro Imperio e as terras da súa familia en Alemaña, os Países Baixos e Francia. Como emperador recibiu o nome de **Carlos V**.

Os problemas internos

Carlos nacera e educárase en Flandres. Cando en 1516 chegou a España, era un rei estranxeiro. Situou nos principais cargos de goberno a moitos nobres flamengos. Ademais, gastou grandes cantidades de diñeiro castelán para ser nomeado emperador do Sacro Imperio.

Estes feitos provocaron a **rebelión das Comunidades** (1520) en Castela. Aínda que a revolta fracasou, supuxo un cambio na forma de gobernar do rei. A partir de entón, os casteláns ocuparon os principais postos no seu goberno.

Os problemas externos

O principal obxectivo de Carlos V foi unificar a cristiandade baixo o seu mando, pero a súa política encontrou tres grandes focos de oposición.

- **Francia.** Durante todo o reinado Carlos V estivo en guerra co rei Francisco I de Francia para lograr a hexemonía en Europa.
- **Os turcos otománs.** A expansión territorial do imperio turco polo Mediterráneo supoñía unha constante ameaza.
- **Os príncipes alemáns protestantes.** O problema máis grave foi o apoio dalgúns príncipes alemáns ao luteranismo. Tras varias guerras de relixión en que Carlos V tratou de evitar a expansión do luteranismo, tivo que recoñecer a liberdade relixiosa.

En 1556, Carlos V, decepcionado por este fracaso, cedeu o poder. Entregoulle o Sacro Imperio ao irmán e o resto das súas posesións ao seu fillo, Filipe II.

DICIONARIO VISUAL



PERSONAXES

Carlos V e **Francisco I** foron os dous grandes rivais da Europa da primeira metade do século XVI. Os dous ansiaban o título de emperador do Sacro Imperio. Cando este recaeu en Carlos V, a inimizade entre ambos os reis foi continua.

A primeira guerra entre eles estourou en 1521 polo control de Italia, que se converteu en escenario de case todos os seus enfrontamentos.

En 1525, Francisco I foi vencido e caeu prisioneiro na **batalla de Pavía**. Trasladáronno a España e obrigáronno a asinar un tratado para lograr a súa liberación. Con todo, unha vez liberado, negouse a cumprir os seus compromisos e quixo vingarse daquela humillación. Desde entón, o rei francés non só se enfrontou a Carlos V, senón que tamén apoiou os seus inimigos: os príncipes protestantes alemáns e os turcos otománs.

ACTIVIDADES

Comprende

1. Sitúa no mapa. Colorea o mapa segundo a lenda.



2. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda.

- ☐ Carlos foi rei de España e emperador do Sacro Imperio.
- ☐ Carlos V aliouse cos turcos para vencer os príncipes protestantes alemáns.
- ☐ O obxectivo de Carlos V foi unificar a cristiandade.
- ☐ A revolta das Comunidades de Castela fracasou, pero supuxo un cambio na forma de goberno de Carlos V.
- ☐ Carlos V e Francisco I de Francia mantiveron continuos enfrontamentos pola hexemonía europea.

Razoa

3. Causas. Explica por que se produciu a rebelión das Comunidades en Castela.

Aplica

4. Interpreta o mapa. Observa o mapa da actividade 1 e enumera os territorios que posuía Carlos V en Europa.

Elabora a túa conclusión

5. Resume. Completa a táboa.

Reinado de Carlos V	
Problemas internos	
Problemas externos	

2. A Monarquía Hispánica de Filipe II

O imperio de Filipe II foi o máis grande e poderoso da súa época. Abranguía España, os Países Baixos, gran parte de Italia e outros territorios de Europa Central, así como o imperio castelán en América e numerosas posesións no norte de África e en Extremo Oriente. Ademais, en 1580 incorporou Portugal e as súas posesións en África, Asia e Brasil.

O rei gobernaba todos os seus territorios desde Madrid, onde instalou a súa corte. De aí que o seu imperio recibise o nome de **Monarquía Hispánica**.

Os obxectivos de Filipe II

A política de Filipe II tivo dous obxectivos principais:

- **A conservación da súa herdanza patrimonial.** Se perigaba o seu poder nun territorio, non dubidaba en defendelo polas armas.
- **A defensa do catolicismo** fronte ao islam e á expansión do protestantismo. O rei sempre se negou a conceder a liberdade relixiosa aos seus súbditos.

Estas grandes liñas marcaron a política exterior e foron a orixe de gran parte das guerras que mantivo o monarca español.

Os problemas do reinado

Filipe II tivo que facer fronte a numerosos problemas durante o seu reinado:

- **A guerra con Francia.** Aínda que derrotou os franceses ao comezo do seu reinado, o conflito entre ambos os países reactivouse posteriormente.
- **O enfrontamento cos turcos.** España, o papa e Venecia asinaron unha alianza e derrotaron os turcos na **batalla de Lepanto** (1571).
- **A revolta dos Países Baixos.** O calvinismo estendeuse polos Países Baixos e a política relixiosa de Filipe II provocou unha forte oposición. En 1566, as provincias do norte rebeláronse e declaráronse independentes co nome de **Provincias Unidas**. O rei non o aceptou e comezou unha longa guerra.
- **O enfrontamento con Inglaterra.** O apoio inglés aos rebeldes dos Países Baixos levou a Filipe II a enviar contra Inglaterra a **Armada Invencible**, unha frota que foi derrotada en 1588.

As posesións europeas de Filipe II



SABÍAS QUE...

A **Armada Invencible** era unha poderosa frota constituída por 130 barcos e arredor de 30.000 homes. Ao mando do duque de Medina Sidonia, saíu do porto de Lisboa en maio de 1588.

Unha serie de tempestades fixeron que a marcha fora lenta. Tras ser fustrigada polas naves inglesas no Canal da Mancha, refuxiouse no porto de Calais. Pero a batalla reiniciouse. Os ingleses evitaron a abordaxe, conscientes da superioridade española en homes.

O duque de Medina Sidonia iniciou a retirada cara ao mar do Norte, pero na viaxe numerosos barcos foron destrozados polas tempestades.

ACTIVIDADES

Comprende

6. Sitúa no mapa. Observa este mapa e o da páxina 96 e responde.



- Enumera os territorios que Filipe II posuía en Europa.

- En que outros continentes tiña posesións Filipe II?

7. Conceptos. Explica que era a Monarquía Hispánica.

8. Describe. En que consistiu a revolta dos Países Baixos?

Elabora a túa conclusión

9. Resume. Completa o seguinte cadro.

Reinado de Filipe II	
Obxectivos	
Problemas do reinado	

3. A organización do imperio

Carlos V e Filipe II aumentaron a **centralización**. Os dous monarcas gobernaban un extenso imperio formado por territorios moi diferentes, pero todos tiñan un punto en común: estaban gobernados por un mesmo rei.

O **rei** exercía o goberno, dirixía a política exterior e o exército e ocupábase da administración e da recadación de impostos. Con todo, non tiña un poder absoluto, porque algunhas das súas decisións tiñan que ser aprobadas polos **Parlamentos ou Cortes** de cada territorio.

As institucións de goberno

Carlos V e Filipe II contaban cos consellos para que os axudasen nas tarefas de goberno. Existían **consellos territoriais**, que trataban asuntos relacionados cun territorio concreto, e **consellos temáticos**, que se ocupaban de materias específicas. Só o **Consello de Estado** tiña validez en todo o imperio.

Ademais dos consellos, en cada territorio había un **gobernador ou vicerrei** que representaba o rei. Tamén existían as **audiencias**, que eran tribunais de xustiza.

A economía

O século XVI foi un período de **crecemento económico**. A produción agrícola creceu e a gandaría trashumante mantivo a súa importancia. A industria tamén tivo un notable desenvolvemento, pero o sector que experimentou un maior auxe foi o comercio.

O crecemento económico español baseouse no control do comercio entre España e as súas colonias por parte do Estado e na chegada de metais preciosos desde América.

Con todo, todas estas ganancias desviábanse cara a outros países de Europa para sufragar as continuas guerras. Os reis tiveron que recorrer a préstamos e o imperio foise endebedando. Filipe II viuse obrigado a declarar varias **bancarrotas**, é dicir, suspender o pago das débedas pola imposibilidade de facerlle fronte.

A sociedade

A sociedade estaba organizada en **estamentos**. Os **estamentos privilexiados** eran a nobreza e o clero. Posuían a maior parte das terras, acaparaban os cargos de goberno e non pagaban case ningún imposto.

Os **non privilexiados** pagaban impostos e dedicábanse a actividades produtivas, pero entre eles había grandes diferenzas económicas. Os máis ricos eran os comerciantes, que amasaron grandes fortunas e compraron títulos de nobreza á Coroa para poder acceder aos postos da administración.



UNHA CIDADE

O establecemento da **Casa de Contratación** e a obriga de que todo o tráfico comercial con orixe e destino nas colonias americanas pasase por **Sevilla** converteu esta cidade nun dos centros urbanos máis importantes do mundo.

Sevilla alcanzou os 150.000 habitantes a finais do século XVI. Miles de comerciantes de todo o mundo trasladáronse a esta cidade e fundáronse delegacións permanentes de moitos países interesados en participar no comercio americano.

ACTIVIDADES

Comprende

10. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda.

- ☐ Os consellos territoriais trataban temas relacionados coa Facenda.
- ☐ Os ricos comerciantes formaban parte dos estamentos privilexiados e adquiriron gran protagonismo político.
- ☐ O comercio foi o sector económico que experimentou un maior auxe no século XVI.
- ☐ O consello de Estado era o único que tiña validez en todo o imperio español.
- ☐ Carlos V e Filipe II gobernaron un vasto imperio e tiñan un poder absoluto.

11. Compara. Explica as diferenzas entre estes termos:

- Consello territorial e consello temático.

- Audiencia e vicerrei.

12. Lembra. Enumera os poderes que tiñan Carlos V e Filipe II como reis.

13. Describe. Como estaba organizada a sociedade no século XVI?

Razoa

14. Explica. Foi o século XVI unha época de crise ou de crecemento económico? Xustifica a resposta.

Aplica

15. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico dos consellos da Monarquía Hispánica e responde.

- Enumera os consellos territoriais.

- Enumera os consellos temáticos.

- De que se ocupaba o consello de Estado?

16. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico e explica como evolucionou a chegada de metais preciosos a España desde as colonias americanas.



4. A conquista de América

A comezos do século XVI, os españois, asentados unicamente nas illas do Caribe, decidiron colonizar o continente.

Realizáronse numerosas **expedicións de conquista** en América central e do sur: as máis importantes foron a de **Hernán Cortés**, que conquistou o imperio azteca, e a de **Francisco Pizarro**, que conquistou o imperio inca. Tamén se emprenderon **expedicións de exploración**, como a de **Francisco de Orellana**, que percorreu o Amazonas. Ademais, América foi punto de partida de expedicións polo Pacífico, como a de **Legazpi**, que conquistou as illas Filipinas.

As expedicións estaban dirixidas e organizadas por particulares que recibían do rei unha autorización ou **capitulación de conquista**. Os gastos corrían a cargo do conquistador e o territorio conquistado pasaba ao monarca; a cambio, o rei concedíalle o título de gobernador ou vicerrei, extensas terras e unha parte do botín.

As principais expedicións de conquista



5. O imperio americano

Os territorios americanos rexíanse polas mesmas leis ca Castela. Carlos V estableceu o **Consello de Indias** para asesorarse sobre o goberno de América.

As terras conquistadas organizáronse en dous vicerreinados: o de **Nova España**, ao norte, e o do **Perú**, ao sur. Tamén se crearon **audiencias** nas principais cidades para aplicar a xustiza.

O achado en América de numerosos **metais preciosos** serviulles aos reis para financiar a súa política imperial. A explotación das minas estaba organizada polo Estado. As máis importantes foron as de Zacatecas (México) e Potosí (Perú).

Tamén se estableceron grandes **facendas** gandeiras e agrícolas, en que traballaban escravos negros ou indios.

O **comercio** con América era **monopolio real**, é dicir, dependía exclusivamente do Estado, e realizábase a través dunha institución: a **Casa de Contratación** de Sevilla.

A organización do imperio español en América



A sociedade americana

Os españois organizaron nas Indias unha sociedade baseada en criterios raciais.

Os **españois** ocupaban a posición superior na sociedade colonial; os **mestizos** eran fillos de español e india e ocupaban un lugar intermedio; os **indios** realizaban traballos manuais, principalmente labores do campo; e os **negros** eran escravos sen ningún dereito.

ACTIVIDADES

Comprende

17. Lembra. Enumera as institucións que se crearon para gobernar e administrar as colonias americanas.

18. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Capitulación de conquista:
- Casa de Contratación de Sevilla:
- Mestizo:

19. Sitúa no mapa. Escribe onde corresponda *vicerreinado de Nova España* e *vicerreinado do Perú*.



20. Describe. Responde as preguntas.

- Que recursos explotaron os españois en América?
- Como se organizou o comercio coas colonias?

Razoa

21. Compara. Estaban organizadas a sociedade española e a americana en función dos mesmos criterios? Xustifica a resposta.

Aplica

22. Interpreta o mapa. Observa o mapa das expedicións de conquista e une cada personaxe co territorio que conquistou.

Cortés	Imperio inca
Pizarro	Buenos Aires
Mendoza	Imperio azteca

23. Clasifica. Escribe nos carteis os grupos en que se organizaba a sociedade americana.



Resumo

O APOXEO DO IMPERIO ESPAÑOL		
	Carlos V	Filipe II
Posesións		
Obxectivos principais		
Problemas do reinado		
Institucións de goberno		
Economía e sociedade		

O IMPERIO AMERICANO	
Conquista de América	• Expedicións de conquista: • Expedicións de exploración:
Institucións de goberno	
Explotación das colonias	
Organización social	

TEMA 11

A crise do imperio español

Ao comezar o século XVII, a Monarquía Hispánica era a primeira potencia do mundo, pero as continuas guerras acabaron esgotando o seu poderío. Desde 1648, España perdeu a hexemonía a favor de Francia.

O século XVII foi tamén un período de crise xeral no continente. Só algunhas rexións, como Inglaterra e as Provincias Unidas, foron capaces de superala e manter o crecemento. Os problemas económicos viñeron, ademais, acompañados dunha forte conflitividade social.

Neste tema coñecerás como a Monarquía Hispánica perdeu a súa hexemonía a favor de novas potencias políticas e económicas.



VAS APRENDER A...

- Comprender o proceso polo cal España perdeu a súa hexemonía en Europa.
- Analizar a crise do século XVII.
- Determinar os trazos fundamentais da monarquía absoluta.
- Contrastar o caso francés co de Inglaterra e das Provincias Unidas.

1. O final da hexemonía española

O reinado de Filipe III

Filipe III subiu ao trono en 1598 e delegou o poder nun valido, o **duque de Lerma**, unha persoa de confianza que dirixiu a política.

A difícil situación económica obrigouno a desenvolver unha política exterior pacifista: asinou a paz con Inglaterra en 1604 e estableceu a **Tregua dos Doce Anos** coas Provincias Unidas en 1609. Con todo, os problemas económicos non se solucionaron.

Na política interior, a **expulsión dos mouriscos** en 1609 supuxo a despoboación de moitas rexións.

O reinado de Filipe IV

Filipe IV accedeu ao trono en 1621 e tamén lle cedeu o goberno a un valido, o **conde-duque de Olivares**, que se propuxo restaurar o prestixio español.

En política exterior, en 1621 reiniciou a guerra coas Provincias Unidas. Tamén se implicou na **Guerra dos Trinta Anos**, que estourou en 1618 no Sacro Imperio e enfrontou as potencias europeas. España liderou neste conflito o bando católico. En 1648 asinouse o **Tratado de Westfalia**, que puxo fin á guerra. O tratado recoñeceu a independencia das Provincias Unidas e supuxo a perda da hexemonía de España en Europa.

En política interior, o conde-duque tratou de repartir os gastos militares entre todos os territorios da Monarquía Hispánica e intentou reforzar o poder do rei. Estas medidas provocaron levantamentos en 1640, como a **rebelión de Cataluña** e a de **Portugal**, que logrou a súa independencia.

O reinado de Carlos II

Carlos II subiu ao trono en 1665. Foi un rei enfermo, polo que o goberno quedou nas mans primeiro da súa nai, Mariana de Austria, e despois de distintos validos.

En 1700 o rei morreu sen descendencia, o que desencadeou unha **guerra de Sucesión**.

SABÍAS QUE...

O dito **«poñer unha pica en Flandres»** significa conseguir algo moi difícil.

A súa orixe encóntrase no reinado de Filipe IV. En plena crise e coa monarquía implicada en numerosas guerras era complicado encontrar soldados voluntarios para loitar en Flandres, porque os soldos se atrasaban e as condicións eran moi duras. Por este motivo, o goberno tivo que recorrer ao recrutamento forzoso.

Polo tanto, cando se utiliza esta expresión estase sinalando que o que se conseguiu é tan difícil como encontrar un soldado para loitar nos Países Baixos.



Soldado dos terzos españois.

Evolución da Monarquía Hispánica no século XVII



ACTIVIDADES

Comprende

1. Sitúa na liña do tempo. Colorea a liña do tempo segundo a lenda.



verde — Reinado Filipe III

azul — Reinado Filipe IV

laranxa — Reinado Carlos II

2. Cronoloxía. Escribe a data en que sucederon estes feitos e ordénaos cronoloxicamente.

- ☐ Expulsión dos mouriscos: _____
- ☐ Comeza a guerra de Sucesión: _____
- ☐ Tregua dos Doce Anos: _____
- ☐ Tratado de Westfalia: _____
- ☐ Rebelión de Cataluña: _____
- ☐ Comeza a Guerra dos Trinta Anos: _____

3. Clasifica. Escribe os acontecementos da actividade anterior no reinado correspondente.

Reinado	Acontecementos

4. Relaciona. Une cada personaxe co monarca correspondente.

Mariana de Austria	Filipe III
Duque de Lerma	Filipe IV
Conde-duque de Olivares	Carlos II

5. Conceptos. Explica que era un valido e pon algún exemplo.

6. Describe. Explica en que consistiron os seguintes acontecementos.

- Tregua dos Doce Anos:
- Tratado de Westfalia:

Razoa

7. Explica. Responde as preguntas.

- Cal era o obxectivo da política do conde-duque de Olivares?
- Conseguiuno? Xustifica a resposta.

2. A diminución da poboación

O século XVII foi unha época de **estancamento demográfico**, aínda que houbo moitas diferenzas rexionais. O maior descenso produciuse en Europa central e oriental, e na área mediterránea.

En España, a poboación sufriu un grave retroceso como consecuencia principalmente de tres factores:

- A **elevada mortalidad**e que provocaron as frecuentes guerras. Por exemplo, a Guerra dos Trinta Anos supuxo a despoboación de amplas rexións de Europa central.
- As **epidemias**, que afectaron a case todos os países europeos.
- As **fames**, causadas polas periódicas malas colleitas e a destrución dos campos de cultivo debido aos combates.

Ademais, no século XVII houbo **grandes migracións**, como a expulsión de moitos protestantes de Francia ou a dos mouriscos españois ás costas do norte de África.

3. O retroceso económico

A **agricultura** sufriu unha crise aguda. En parte, debeuse á sucesión de secas e inundacións e ao esgotamento das terras polo uso de técnicas de cultivo rudimentarias. A decadencia agrícola notouse especialmente na zona mediterránea e en Europa oriental.

A **produción artesanal** debilitouse nos países do sur de Europa, que non puido facer fronte á competencia dos produtos do norte, máis baratos.

O **comercio** tamén decaeu e celebráronse menos feiras. As potencias comerciais tradicionais, como España e Portugal, entraron en crise e a hexemonía do comercio mundial pasou ás Provincias Unidas e Inglaterra.

4. O empobrecemento da sociedade

En Europa, a sociedade desprezaba o traballo manual e admiraba a nobreza, que vivía das rendas do campo e dos seus cargos.

Este problema era especialmente grave en España. A nobreza, enriquecida coa chegada de ouro e prata de América, vivía con gran luxo, mentres que unha gran porcentaxe da poboación sobrevivía grazas á mendicidade ou á delincuencia.

As **diferenzas sociais aumentaron** e sucedéronse as **revoltas** en toda Europa, sobre todo desde 1640.

DEREITOS HUMANOS

Os **mouriscos** eran persoas de orixe musulmá que en teoría se converteran ao cristianismo no século XVI. Con todo, na práctica mantiñan a lingua e os costumes islámicos.

A comezos do século XVII, existían dúbidas sobre a súa verdadeira conversión e críase que podían chegar a colaborar cos turcos.

En 1609, o rei Filipe III publicou un bando en que os obrigaba a abandonar os reinos da Monarquía en tres días. Podían levar o diñeiro e os bens que puidesen transportar consigo, pero debían deixar as súas propiedades.

As consecuencias da expulsión foron moi graves, sobre todo para os reinos de Valencia e Aragón.



Expulsión dos mouriscos do porto de Vinaroz, Castelló.

ACTIVIDADES

Comprende

8. Describe. Enumera os factores que influíron no retroceso demográfico do século XVII.

9. Lembra. Responde estas preguntas.

- En que zonas de Europa a crise agrícola foi máis aguda?
- Como vivía a nobreza no século XVII?
- Que países tomaron a hexemonía no comercio mundial durante o século XVII?
- Afectou a crise do século XVII por igual a todos os países de Europa?

Razoa

10. Analiza as causas. Responde estas preguntas.

- Por que se debilitou a artesanía nos países do sur de Europa?
- Por que no século XVII se produciron numerosas revoltas sociais?

Aplica

11. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico da evolución da poboación europea no século XVII e completa a táboa.



Países que perderon poboación	Países que mantiveron estable a súa poboación	Países que aumentaron a súa poboación

Elabora a túa conclusión

12. Resume. Completa o esquema.



5. A hexemonía francesa

En 1643 **Luís XIV** accedeu ao trono de Francia. Tras o Tratado de Westfalia, Francia convertérase na primeira potencia de Europa. O monarca propúxose aumentar o poder do seu país a través de dúas vías: ampliando as súas fronteiras á custa dos Estados veciños e formando un imperio colonial. Isto provocou conflitos con outros países.

O reinado de Luís XIV foi un claro exemplo de **monarquía absoluta**. O rei incrementou o seu poder á custa da nobreza, da Igrexa e dos Parlamentos. Para iso utilizou varios medios:

- **Impuxo a centralización política**, unificando as leis e os impostos de todo o reino.
- **Eliminou a disidencia relixiosa.** Expulsou os calvinistas e quixo someter a Igrexa ás súas ordes.
- **Logrou controlar a nobreza**, repartindo subsidios e cargos entre os nobres.
- Converteu a **corte** no centro da administración política e cultural do Estado.

Tamén creou **monopolios estatais** (empresas controladas polo Estado) para impedir a importación de produtos estranxeiros e aumentar así os ingresos do Estado.

6. As potencias parlamentarias

No século XVII, as **Provincias Unidas** e **Inglaterra** acabaron coa hexemonía comercial de España e Portugal e convertéronse en grandes potencias marítimas e comerciais. O seu éxito baseouse na creación de grandes compañías comerciais para potenciar os seus intercambios con Asia e América. Así, Inglaterra fundou a **Compañía Inglesa das Indias Orientais** e Holanda creou a **Compañía Holandesa das Indias Orientais**. Ademais, Inglaterra formou a armada máis poderosa do mundo, a ***Royal Navy***.

O desenvolvemento comercial provocou o ascenso dunha rica **burguesía** en ambos os países. O seu poder económico permitiulles controlar os Parlamentos e adquirir gran poder político.

Inglaterra e as Provincias Unidas foron os dous **Estados parlamentarios** máis representativos de Europa.

- En 1689 aprobouse en **Inglaterra** unha **Declaración de Dereitos** que limitaba o poder real fronte ao Parlamento e asentaba a separación dos poderes do Estado.
- As **Provincias Unidas** eran unha república formada por sete provincias, cada unha co seu Parlamento. Os representantes das provincias uníanse nos **Estados Xerais** para adoptar decisións comúns.

DICIONARIO VISUAL



ACTIVIDADES

Comprende

13. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda. As afirmacións que consideres erróneas escríbeas debaixo correctamente.

- ☐ Francia foi o mellor exemplo de monarquía parlamentaria do século XVII.
- ☐ Luís XIV converteu a corte no centro administrativo e cultural do seu Estado.
- ☐ En 1689, en Francia creouse unha Declaración de Dereitos que limitou o poder real.
- ☐ A formación da *Royal Navy* axudou a Inglaterra a converterse nunha potencia marítima.

14. Compara. Escribe na táboa cales dos seguintes principios son propios da monarquía absoluta e cales dun sistema parlamentario.

- A centralización do poder nas mans do rei.
- A limitación do poder real polo Parlamento.
- A separación de poderes.
- A imposición da unidade relixiosa por parte do rei.

Monarquía absoluta	Sistema parlamentario

15. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Monopolio estatal:
- Estados Xerais das Provincias Unidas:
- Compañía Inglesa das Indias Orientais:

Aplica

16. Interpreta o gráfico. Observa este gráfico e compárao co do sistema político francés.



- Quen establecía as leis en Francia e Inglaterra, respectivamente?
- E os impostos?
- En que sistema político tiña máis forza o rei? Xustifica a resposta.

Resumo

O FINAL DA HEXEMONÍA ESPAÑOLA		
Reinado	Política exterior	Política interior
Filipe III (1598-1621)		
Filipe IV (-)		
Carlos II (-)		

A CRISE DO SÉCULO XVII	
Demografía	• Evolución da poboación: • Causas:
Economía	• Agricultura: • Produción artesanal: • Comercio:
Sociedade	

AS NOVAS POTENCIAS HEXEMÓNICAS EN EUROPA	
A monarquía absoluta: Francia	• Política exterior: • Política interior:
As potencias parlamentarias: Inglaterra e as Provincias Unidas	• Inglaterra: • Provincias Unidas:

TEMA

12

A Europa do Barroco

O Barroco foi un período na historia cultural de Occidente que abrangueu o século XVII e boa parte do XVIII. Nesta época brillaron todas as ramas da cultura. Houbo unha extraordinaria produción artística, en que destacaron artistas como Velázquez, Rubens e Rembrandt. A literatura alcanzou unha época de esplendor, con autores como Shakespeare, Molière e Cervantes. E a música tamén viviu un momento extraordinario, con compositores como Vivaldi, Haendel e Bach. O esplendor cultural veu acompañado, ademais, dunha verdadeira revolución científica.

Neste tema coñecerás as características principais da mentalidade e da arte do Barroco.



VAS APRENDER A...

- Describir as características principais da cultura barroca.
- Comprender a importancia dos novos métodos de investigación e as súas consecuencias.
- Analizar os trazos característicos da arquitectura, da escultura e da pintura barrocas, tanto en Europa coma en España.
- Analizar unha pintura e unha escultura barrocas.

1. A mentalidade barroca

O **Barroco** foi unha etapa cultural de Occidente que abrangueu o século XVII e boa parte do século XVIII. Caracterizouse principalmente polos **sentimentos exaltados** e veu acompañado dunha **revolución científica** en que triunfaron novos métodos de coñecemento. Os científicos e pensadores do século XVII defendían a procura da verdade a través da experimentación (empirismo) e do uso da razón (racionalismo).

Entre os científicos máis importantes destacaron **Galileo**, que confirmou a teoría segundo a cal a Terra xira arredor do Sol; **Kepler**, que formulou as leis que rexen as órbitas dos planetas; e **Newton**, que estableceu a lei que explica o movemento dos planetas no universo.

2. A arquitectura barroca

O Barroco naceu en **Roma**. En plena aplicación da Contrarreforma, os papas decidiron reestruturar a cidade para reforzar o seu papel como centro da cristiandade.

Os edificios barrocos construíanse co obxectivo de chamar a atención dos viandantes. Para iso empregaron:

- O uso de **liñas curvas** e **columnas en espiral**.
- A creación de **efectos de luces e sombras** e a **abundancia de decoración** nas fachadas.
- O uso de **materiais ricos**, como os mármores de cores.

Os principais arquitectos barrocos foron **Gian Lorenzo Bernini** e **Francesco Borromini**.

DICIONARIO VISUAL

Igrexa de *San Carlo alle Quattro Fontane*



DICIONARIO VISUAL

Praza de San Pedro do Vaticano



ACTIVIDADES

Comprende

1. **Conceptos.** Explica o termo Barroco.

2. **Describe.** En que consistiu a revolución científica que se produciu no Barroco?

3. **Relaciona.** Une cada científico coa teoría que formulou.

Newton	Leis que rexen as órbitas dos planetas.
Kepler	Teoría segundo a cal a Terra xira arredor do Sol.
Galileo	Lei que explica o movemento dos planetas.

4. **Describe.** Enumera as características da arquitectura barroca.

Razoa

5. **Explica.** Por que Roma foi o centro do Barroco?

Aplica

6. **Interpreta a fotografía.** Observa a imaxe e marca as características da arquitectura barroca que recoñezas nela.



- [ ] Predominio das liñas curvas.
- [ ] Sobriedade decorativa.
- [ ] Entrantes e saíntes que crean efectos luminosos.
- [ ] Predominio das liñas rectas e da simetría.
- [ ] Abundante decoración na fachada.
- [ ] Numerosos arcos de medio punto.

Elabora a túa conclusión

7. **Sintetiza.** Imaxina que es un guía turístico. Descríbelle brevemente a un grupo de turistas esta igrexa barroca, obra de Borromini.



3. A escultura barroca

A escultura barroca ten as seguintes características:

- Impúxose o **realismo**. Para iso, as figuras adquiriron trazos persoais e movementos naturais.
- Os personaxes representábanse con **sentimentos moi intensos**, esaxerando os seus xestos.
- As figuras adquiriron gran **mobilidade**. Por iso, as composicións eran a miúdo complexas.
- Creáronse **efectos luminosos** coas dobras da roupa e cos xestos das figuras.
- Realizáronse principalmente **temas relixiosos**, pero tamén **retratos** e **escenas mitolóxicas**.

Ademais de arquitecto, **Bernini** foi o principal escultor barroco.

4. A pintura barroca

A pintura barroca ten as seguintes características:

- Triunfou o **realismo**. As persoas retratábanse tal como eran, cos seus defectos físicos e sen idealizar.
- As escenas mostraban **movemento e forza**. Para iso representáronse persoas con xestos bruscos ou composicións con moitos personaxes en movemento.
- Os personaxes reflectían os seus **sentimentos** nos xestos e nos rostros.
- Xeneralízaronse os grandes **efectos luminosos**, mesturando zonas de sombra con zonas de intensa luz. Esta técnica denomínase **claroscuro**.
- Os **temas** foron moi **variados**: relixiosos, mitolóxicos, momentos da vida cotiá, retratos, paisaxes, bodegóns…

As escolas pictóricas

En Europa desenvolvéronse diferentes escolas pictóricas:

- Na **escola italiana** destacou **Caravaggio**. Foi o mestre do claroscuro: empregou unha técnica chamada **tenebrismo**, que consistía en facer emerxer as figuras da escuridade. Así lograba centrar a mirada do espectador sobre as zonas do cadro que quería destacar.
- Na **escola holandesa**, o pintor máis importante foi **Rembrandt**. Realizou numerosas composicións relixiosas e escenas cotiás.
- Na **escola flamenga**, no sur dos Países Baixos, o artista máis sobresaínte foi **Rubens**, que pintou cadros de rico colorido.

DICIONARIO VISUAL



***A éxtase de Santa Tareixa*, obra de Bernini**

***A crucifixión de San Pedro*, obra de Caravaggio**



***Lección de anatomía do profesor Tulp*, obra de Rembrandt**



ACTIVIDADES

Comprende

8. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda. As afirmacións que consideres erróneas escríbeas debaixo correctamente.

- ☐ A pintura barroca, coma a do Renacemento, buscaba plasmar o ideal de beleza.
- ☐ Entre os principais pintores barrocos encóntranse Caravaggio, Rubens e Rembrandt.
- ☐ Os escultores barrocos representaron exclusivamente temas relixiosos.
- ☐ No Barroco impúxose o realismo.
- ☐ O claroscuro mestura zonas de sombra con zonas de intensa luz para crear efectos luminosos.

Razoa

9. Explica. Paréceche que a composición deste cadro de Rubens é tipicamente barroca? Por que?



Aplica

10. Analiza a imaxe. Observa esta obra de Bernini e responde as preguntas.



- É un tema relixioso ou mitolóxico?
- Paréceche unha figura idealizada ou realista?
- Como se consegue a sensación de movemento?
- Créanse efectos de luces e sombras?

Elabora a túa conclusión

11. Resume. Completa a seguinte táboa.

Arte barroca	
Escultura	
Características	Artistas
Pintura	
Características	Artistas

5. A arquitectura e a escultura barrocas en España

A arquitectura

En España realizáronse fundamentalmente obras relixiosas. Construíronse con materiais pobres e utilizouse unha abundante decoración para ocultalos. Un aspecto típico foi a construción de **prazas maiores**.

Os arquitectos máis destacados do Barroco español foron os irmáns Churriguera. Crearon un estilo propio, chamado **churrigueresco**, que se caracterizou pola decoración recargada. Exemplo deste estilo é a Praza Maior de Salamanca.

A escultura

A escultura barroca española presenta algunhas características que a diferencian da europea. En España realizáronse principalmente **retablos** e **imaxes** en **madeira policromada** para decorar os templos e para as procesións. As figuras eran moi expresivas e de grande emotividade. O movemento conseguíase co uso de liñas diagonais.

Os principais escultores do Barroco español foron **Gregorio Fernández**, **Martínez Montañés**, **Pedro de Mena** e **Alonso Cano**.

6. O Século de Ouro da pintura española

O século XVII considérase o Século de Ouro da pintura española, porque neste período alcanzou o seu maior esplendor.

A pintura barroca española presenta as seguintes características:

- Moitos cadros teñen **temática relixiosa**.
- As obras son **realistas** e transmiten unha **gran emotividade**
- Con frecuencia, detrás da escena principal agáchanse **mensaxes simbólicas**.

Entre os principais pintores españois do Barroco destacaron **José Ribera**, chamado o *Spagnoletto*, **Francisco de Zurbarán**, **Bartolomé Esteban Murillo** e **Diego Velázquez**.

Velázquez foi sen dúbida o mellor artista do Barroco español e unha das grandes figuras da pintura de todos os tempos. Foi pintor oficial na corte de Filipe IV. Destacou fundamentalmente por captar a personalidade dos seus retratados, polo maxistral uso da luz e pola capacidade para representar a profundidade nos seus cadros.

Entre as súas obras mestras encóntranse *As Meninas*, *As fiandeiras* e *Mercurio e Argos*.

DICIONARIO VISUAL

Praza Maior de Salamanca



***A Piedade*, obra de Gregorio Fernández**



***As fiandeiras*, obra de Velázquez**



ACTIVIDADES

Comprende

12. Relaciona. Une cada artista coa disciplina na que destacou.

José Ribera	
Martínez Montañés	Arquitectura
Diego Velázquez	Escultura
Irmáns Churriguera	Pintura
Francisco de Zurbarán	

13. Describe. Enumera as principais características da arquitectura, da escultura e da pintura barrocas españolas respectivamente.

- Arquitectura:

- Escultura:

- Pintura:

14. Explica. Por que se denomina a pintura española do Barroco o Século de Ouro? Quen foi o seu principal representante?

Razoa

15. Compara. Marca a escultura que corresponde ao Barroco español e explica por que o sabes.





Aplica

16. Analiza a pintura. Observa *A Sagrada Familia*, obra de Murillo, e explica os seus trazos barrocos: temática, realismo e emotividade.



Paso a paso: Analizar un cadro barroco

Unha **pintura** é un documento moi valioso para coñecer a Historia, ademais da súa importancia para o estudo da arte dunha determinada época.

Que pasos debes seguir?

1. **Descrición da obra.** Consiste en presentar o cadro: título e autor, así como a data en que se pintou, o estilo artístico ao que corresponde e o tema que representa.
2. **Análise.** Trátase de describir a obra desde o punto de vista artístico:
   - A escena e os personaxes.
   - A composición, é dicir, como se dispoñen os elementos que compoñen a obra.
   - A técnica. Debes fixarte en como son a luz, a cor e o debuxo, elementos importantes para determinar o estilo artístico.
3. **Comentario.** Debes ter en conta as intencións do autor ao pintar a obra, a mensaxe iconográfica que transmite, a importancia artística e histórica…



As Meninas, obra de Velázquez. O cadro foi pintado cara a 1656.

Faino ti

17. Descrición da obra.

- Quen é o autor? Cando se pintou?
- Que tema representa?

18. Análise.

- Enumera os personaxes. En que metade do cadro aparecen?
- Cara a onde miran? Quen se supón que está nese lugar? Fíxate no espello do fondo.
- Cal é o personaxe central da composición?
- Son realistas as figuras?
- Hai contrastes de luz e escuridade? Como se chama esta técnica?

19. Comentario. Que información histórica podes obter deste cadro?

Paso a paso: Analizar unha escultura barroca

Analizar unha **escultura** consiste en describila e relacionala cun estilo artístico e unha época determinada.





Detalle do rostro.

Cristo xacente, obra de Gregorio Fernández.

Cristo xacente é unha talla de Gregorio Fernández realizada en 1614 en madeira policromada.

Xesús mostra as pegadas do seu martirio a través do xesto dolorido e do sangue que mana das feridas.

A perfección anatómica é notable. As dobras do pano, moi marcadas, crean efectos de luces e sombras.

O rostro, cos ollos e coa boca entreabertos, provoca unha sensación de inmensa dor e sobrecolle o espectador.

Que pasos debes seguir?

1. **Descrición.** Consiste en presentar a obra: o autor, o título, a data, o material, o estilo artístico e o tema.
2. **Tipo de escultura.** Debes indicar se se trata dunha escultura exenta, é dicir, visible por todos os seus ángulos, ou dun relevo.
3. **Técnica escultórica.** Fíxate na composición e no modelado. Ten en conta como son as proporcións, se é realista ou idealizada, como se traballan a anatomía e os vestidos, etc.
4. **Intención do artista e valoración.** Debes ter en conta a mensaxe que transmite o autor e os elementos ou símbolos que utiliza para facelo.

Faino ti

20. Descrición.

- Quen é o autor? Cando se esculpiu?
- Cal é o material en que está realizada?
- Que representa?

21. Tipo de escultura. Trátase dunha escultura exenta, por que o sabes?

22. Técnica escultórica.

- A figura de Cristo está idealizada ou é realista?
- Transmite sentimento e emotividade? Que elementos contribúen a iso?

23. Valoración.

- Paréceche unha obra representativa do Barroco? Por que?

Resumo

A EUROPA DO BARROCO	
A mentalidade barroca	• Características do Barroco:
A arquitectura barroca	• Características: • Principais arquitectos:
A escultura barroca	• Características: • Principais escultores:
A pintura barroca	• Características: • Escolas e principais representantes:
O Barroco en España	• Arquitectura: • Escultura: • Pintura:

TEMA

13

A poboación do mundo

Hoxe somos máis de 7.000 millóns de persoas no mundo. As previsións apuntan a que a poboación seguirá aumentando ata os 10.000 millóns a finais deste século.

Pero o crecemento da poboación é moi desigual. Nos países máis pobres a poboación aumenta rapidamente debido á súa elevada natalidade. En cambio, nos países máis desenvolvidos o crecemento é moito menor; de feito, en moitos deles, a chegada de inmigrantes estranxeiros é o que fai que a súa poboación non decreza.

Neste tema coñecerás as causas deste distinto crecemento e da desigual distribución da poboación no territorio.



VAS APRENDER A...

- Localizar as áreas máis poboadas e os grandes baleiros demográficos da Terra, e saber que factores explican o desigual poboamento.
- Coñecer os indicadores demográficos máis utilizados e as causas das súas variacións.
- Identificar os trazos demográficos dos países ricos e dos países pobres.
- Valorar as implicacións sociais e económicas dos trazos demográficos sobre a sociedade.
- Interpretar unha pirámide de poboación.

1. A distribución da poboación

A poboación aumentou constantemente ao longo da historia, pero a distinto ritmo. Por exemplo, ata o século XVIII creceu moi lentamente, pois aínda que se producían moitos nacementos, tamén morrían moitas persoas por epidemias, fame ou guerras. Polo contrario, ao longo do século XX a poboación multiplicouse por catro.

Hoxe somos máis de **7.000 millóns de persoas** no mundo e, se se mantén o ritmo de crecemento actual, superaremos os 9.300 millóns en 2050.

A poboación non se reparte de maneira uniforme polo territorio. Algúns **factores** atraen á poboación, como os lugares onde abunda a auga, indispensable para as persoas e a actividade económica; as zonas con climas temperados, que teñen temperaturas suaves e suficientes chuvias; os vales e chairas, con solos fértiles que favorecen os cultivos e un relevo que facilita as comunicacións; as áreas de grande actividade económica, ou as zonas poboadas desde tempos antigos.

Polo contrario, as zonas de climas extremos, moi calorosos ou moi fríos, con chuvias moi escasas (desertos) ou demasiado abundantes (selvas) están pouco poboadas.

Isto explica que o 90 % da poboación mundial viva no hemisferio norte, sobre todo, na zona de climas temperados, que se estende entre os 20° e 50° de latitude norte.

NON TE CONFUNDAS

A poboación total dun lugar non indica se un territorio está pouco ou moi habitado. Para iso, cómpre relacionar o número dos seus habitantes coa superficie pola que se distribúe a poboación.

Esta relación entre unha poboación e o territorio que ocupa é a **densidade de poboación** e calcúlase así:

$$\text{Densidade de poboación} = \frac{\text{Número de habitantes}}{\text{Superficie (en km}^2\text{)}}$$

SABÍAS QUE...

O continente máis poboado é **Asia**. Máis da metade da súa poboación habita nas rexións oriental e meridional. China e India son os países máis poboados: reúnen máis de 2.500 millóns de persoas, o 37 % da poboación mundial.

Concentracións de poboación e baleiros demográficos



ACTIVIDADES

Comprende

1. Identifica. Escribe un signo + se é un factor que favorece o asentamento da poboación ou un signo – en caso contrario.

- ☐ Escaseza de precipitacións.
- ☐ Zona de grande actividade comercial.
- ☐ Abundancia de auga doce.
- ☐ Relevo moi accidentado.
- ☐ Xeo permanente durante todo o ano.

Aplica

2. Resolve. Calcula a densidade de poboación dos países. Despois, responde.

	Habitantes	km²	Densidade
Federación de Rusia	141.000.000	17.000.000	
Mónaco	35.000	2	

- Que país está máis densamente poboado? É o que ten máis habitantes?

3. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico e responde.



- A partir de que ano se acelerou o crecemento?

4. Interpreta os mapas. Observa o mapa e compárao co da páxina 122.

- Localiza os grandes baleiros demográficos. Como é o clima nestas rexións?

- Onde se concentra máis poboación? Por que?



2. A natalidade e a fecundidade no mundo

A **natalidade** é o número de nacementos que se rexistra nun lugar durante un ano. Ao relacionar o número de nacidos co total da poboación obtense a **taxa bruta de natalidade (TBN)**, que se expresa en tantos por mil (‰):

$$\text{TBN} = \frac{\text{Número de nacidos nun ano}}{\text{Poboación total}} \times 1.000$$

A natalidade media está arredor do 20 ‰, aínda que nos países máis desenvolvidos é bastante inferior (Europa, 11 ‰) e nos menos desenvolvidos é moi superior (África, 37 ‰).

A **fecundidade** expresa a media de fillos que teñen as mulleres dun lugar durante un ano. A relación entre o número de nenos nacidos e o número de mulleres en idade de procrear (entre 15 e 49 anos) dá a **taxa de fecundidade xeral (TFX)**, expresada en tantos por mil:

$$\text{TFG} = \frac{\text{Número de nacidos nun ano}}{\text{Mulleres entre 15 e 49 anos}} \times 1.000$$

Actualmente, a fecundidade media mundial é de 2,5 fillos por muller, aínda que tamén existen grandes contrastes: desde os 1,2 fillos de Corea do Sur ata os 7,4 fillos de Níxer.

A fecundidade permite saber se se dará o **relevo xeracional**. Para que suceda, a taxa debe ser polo menos de 2,15 fillos.

Factores que inflúen na natalidade e na fecundidade

Varios factores condicionan a natalidade e a fecundidade:

- **Factores socioeconómicos.** Nos países pobres, os pais teñen moitos fillos porque estes traballan desde moi novos para axudar as súas familias. Nos países desenvolvidos, os fillos supoñen un gasto moi importante e non poden traballar ata os 16 anos. A incorporación da muller ao mundo laboral contribúe a reducir o número de fillos.
- **Factores culturais.** O número de fillos diminúe conforme aumenta o nivel cultural das mulleres. Por exemplo, a alfabetización facilita o uso correcto dos métodos anticonceptivos. E nos países onde a relixión é moi influente, a natalidade é maior.
- **As políticas demográficas.** En moitos países en desenvolvemento onde a poboación crece por riba dos recursos, os gobernos aplican políticas **antinatalistas**. Polo contrario, en moitos países ricos, para intentar lograr o relevo xeracional, os gobernos adoptan políticas **pronatalistas**.

FÍXATE

Ata o século XIX, a **natalidade** era moi alta en todo o mundo. Desde finais do século XIX descendeu nos países máis desenvolvidos, pero mantívose elevada nos demais.

Actualmente, a natalidade descende na maioría dos países en desenvolvemento, aínda que, en conxunto, as súas taxas aínda superan as dos países máis ricos.

A redución desta taxa pódese considerar un síntoma do desenvolvemento económico dun país.

Evolución das taxas de natalidade



Fonte: *Banco Mundial*.
Nota: Entre os países desenvolvidos inclúense os países de ingreso alto e as economías en transición.

ACTIVIDADES

Comprende

5. Conceptos. Explica o significado dos seguintes termos.

- Natalidade:
- Fecundidade:
- Relevo xeracional:

6. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda. As afirmacións que consideres erróneas escríbeas debaixo correctamente.

☐ A natalidade media actual está arredor do 20 ‰, pero varía moito duns países a outros.

☐ A taxa de fecundidade relaciona o número de nenos nacidos nun ano co número total de mulleres.

☐ A fecundidade permite saber se se producirá o relevo xeracional nunha poboación.

☐ Para que se produza o relevo xeracional, a taxa de fecundidade media debe ser, polo menos, de 1,5 fillos por muller.

Razoa

7. Explica. Le o texto e responde.

> En 1970, China alcanzou os mil millóns de habitantes e o goberno aprobou a lei «unha parella, un só fillo», que castiga duramente aos que teñen dous ou máis fillos. Realizáronse millóns de esterilizacións e abortos forzosos, e miles de nenos naceron ás agachadas, polo que non existen oficialmente. A taxa de fecundidade baixou de 6,4 fillos por muller en 1965 a 1,9 fillos en 2000.

- É unha política antinatalista ou pronatalista?
- Como influíu na natalidade e na fecundidade?

Aplica

8. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico e responde.



- Cales son as taxas de África e de Europa?
- Cita un factor que poida explicar a alta taxa de fecundidade media en África.
- Cita un factor que poida explicar a baixa taxa de fecundidade media en Europa.
- Que continentes ou rexións terán relevo xeracional?

3. A mortalidade e a esperanza de vida

A mortalidade e a mortalidade infantil

A **mortalidade** é o número de defuncións que se producen nun lugar ao longo dun ano. Cando se pon en relación o número de falecidos coa poboación total dese lugar, obtense a **taxa bruta de mortalidade (TBM)**. Esta taxa exprésase en tantos por mil:

$$\text{TBM} = \frac{\text{Número de falecidos nun ano}}{\text{Poboación total}} \times 1.000$$

A taxa de mortalidade media mundial pasou do 20 ‰ en 1950 ao 8 ‰ actual. Pero nalgúns países pobres estas taxas son aínda elevadas polas guerras, as epidemias ou as fames. Nos países desenvolvidos, as principais causas de mortalidade son ben distintas: o cancro, as enfermidades cardiovasculares e os accidentes de tráfico.

A **mortalidade infantil** fai referencia aos falecidos menores dun ano nunha poboación. A **taxa de mortalidade infantil (TMI)** relaciona os nenos falecidos menores dun ano co total dos nenos nacidos durante ese ano, e exprésase en tantos por mil:

$$\text{TMI} = \frac{\text{Número de falecidos menores dun ano}}{\text{Número de nacidos ese ano}} \times 1.000$$

No mundo reduciuse a mortalidade infantil máis de tres veces desde 1950, ata o 46 ‰, pero varía moito segundo o grao de desenvolvemento dos países. Nalgúns Estados centroafricanos e do Medio Oriente, as taxas son superiores ao 70 ‰. Polo contrario, nos países máis desenvolvidos, a taxa non chega ao 10 ‰. Por iso, a mortalidade infantil considérase un indicador do grao de desenvolvemento dun país.

A esperanza de vida

A caída da mortalidade reflicte outro feito: o aumento da esperanza de vida ao nacer. A **esperanza de vida** é a media de anos que pode chegar a vivir un acabado de nacer nun lugar.

En 1950, unha persoa vivía de media 46 anos. Hoxe, a esperanza media de vida no mundo é de 69 anos, algo máis alta para as mulleres (71 anos) que para os homes (67 anos).

Neste caso tamén se observan grandes contrastes por países. Mentres que nos países africanos e asiáticos máis pobres a esperanza de vida apenas supera os 40 anos, nos países máis desenvolvidos é habitual vivir o dobre, ata os 80 anos.

FÍXATE

A **mortalidade** foi moi elevada en todo o mundo ata o século XIX. Nesa centuria, e en particular no último cuarto de século, reduciuse nos países desenvolvidos grazas a unha mellor alimentación, aos avances na medicina e a unha maior hixiene.

No século XX comezou a descender nos países en desenvolvemento, ata igualarse a súa taxa (considerada en conxunto) coa dos países desenvolvidos nos últimos anos.

Evolución das taxas de mortalidade



Fonte: *Banco Mundial.*
Nota: Entre os países desenvolvidos inclúense os países de ingreso alto e as economías en transición.

ACTIVIDADES

Comprende

9. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Mortalidade:

- Mortalidade infantil:

- Esperanza de vida:

10. Lembra. Completa as definicións.

- A relación entre o número de falecidos nun lugar ao longo dun ano e a poboación total dese lugar é a _____.
- A relación entre os falecidos _____ dun ano nun lugar e o número total de _____ durante ese ano nese lugar é a _____.

Razoa

11. Reflexiona e opina. Le e responde.

> Cada ano morren case 11 millóns de nenos no mundo. Estas mortes prodúcense, fundamentalmente, nos países en desenvolvemento. A maioría das mortes pódense evitar, pois débense a enfermidades que teñen cura, como o xarampón, o paludismo ou o tétanos, á desnutrición e á falta de auga potable e saneamento. (Información de Unicef.)

- Por que a maioría das mortes infantís se producen nos países en desenvolvemento?

- Di unha medida que contribúa a reducir a mortalidade infantil nos países máis pobres.

Aplica

12. Localiza no mapa. Observa e responde.

- Onde é maior a mortalidade infantil?



4. Os países ricos e os países pobres

A natalidade e a mortalidade determinan o que chamamos o crecemento natural ou vexetativo dunha poboación.

O **crecemento natural ou vexetativo** é a diferenza entre o número de nacidos e o número de falecidos nunha poboación e tempo determinados. A poboación crece se nacen máis persoas das que morren; en caso contrario, diminúe.

A variación dunha poboación mídese coa **taxa de crecemento natural (TCN)**, que se expresa en tantos por cento:

$$\text{TCN} = \frac{\text{Número de nacidos} - \text{Número de falecidos}}{\text{Poboación total}} \times 100$$

Hoxe, a taxa media de crecemento natural no mundo é de 1,2 %, pero contrasta entre os países ricos e pobres.

- Nos **países desenvolvidos**, o crecemento natural é moi inferior, arredor do 0,2 %, e incluso negativo, porque a natalidade é moi baixa. Neles, a poboación envellece.
- Nos **países máis pobres**, o crecemento natural é alto, superior ao 2 %. Isto débese a unha elevada natalidade e ao descenso da mortalidade por melloras sanitarias (vacinacións, maior acceso a medicamentos…). Con todo, a esperanza media de vida aínda rolda os 56 anos. En África, máis do 40 % dos seus habitantes ten menos de 15 anos.

SABÍAS QUE...

O envellecemento nos países ricos e a elevada natalidade nos países máis pobres supoñen problemas:

- Unha poboación que envellece supón para os gobernos un incremento dos gastos sociais (sanitarios, pensións de xubilación, etc.) destinados a unha poboación maior en aumento. Por outro lado, a poboación traballadora, que paga eses gastos mediante os impostos, redúcese.
- Cando o crecemento demográfico é maior ca o crecemento económico, escasean os recursos e agudízase a pobreza. Tamén se volve máis difícil o acceso á educación e a outros servizos sociais básicos.

Crecemento natural da poboación



Fonte: *Banco Mundial. Valores de 2010.*

ACTIVIDADES

Comprende

13. Conceptos. Completa a taxa de crecemento natural (TCN) e o texto.

$$TCN = \frac{\text{N.º de } ____ - \text{N.º de } ____}{_____ \text{ total}} \times 100$$

- A poboación crece cando _____
- A poboación diminúe cando _____

14. Identifica. Escribe no cadro un R se é un trazo demográfico dun país rico e un P se é un trazo demográfico dun país pobre.

- ☐ A natalidade é moi baixa.
- ☐ O crecemento natural é moi baixo, e incluso pode ser negativo.
- ☐ A esperanza de vida é moi baixa.
- ☐ A mortalidade infantil é moi alta.
- ☐ A poboación envellece.
- ☐ O crecemento natural é alto.
- ☐ A porcentaxe da poboación nova é moi elevada.

Razoa

15. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico e responde as preguntas.



- Se un país ten unha poboación nova moi numerosa, como será a súa natalidade no futuro?
- Por que o pensas?
- E se predomina a poboación adulta e maior, será a súa natalidade moi elevada?
- Dirías que a poboación de Níxer é, en xeral, nova?
- Como será o seu crecemento demográfico nos próximos anos?
- Dirías que a poboación de Reino Unido envellece?
- Como será o seu crecemento natural?

16. Interpreta o mapa. Observa o mapa da páxina 128 e responde as preguntas.

- Que rexións teñen un crecemento natural menor?
- Cales presentan un crecemento natural maior?

Elabora a túa conclusión

17. Completa a táboa. Escribe *alto/a* ou *baixo/a* onde corresponda.

	Países máis desenvolvidos	Países menos desenvolvidos
Natalidade e fecundidade		
Mortalidade infantil		
Esperanza de vida		
Poboación maior		
Poboación nova		
Crecemento natural		

5. As migracións

O crecemento natural non é suficiente para coñecer o **crecemento real** dunha poboación porque non ten en conta as persoas que chegan a ese lugar e as que o abandonan, é dicir, as migracións.

As **migracións** son os desprazamentos de poboación que implican un cambio do lugar de residencia. Comprenden a **inmigración**, é dicir, a chegada de persoas procedentes doutro territorio (inmigrantes), e a **emigración**, ou saída de persoas dun territorio cara a outro (emigrantes).

A diferenza entre o número de inmigrantes e o número de emigrantes nun lugar e nun tempo determinados denomínase **saldo migratorio**. Cando o número de inmigrantes supera ao de emigrantes, o saldo é positivo e contribúe ao crecemento da poboación. En caso contrario, o saldo é negativo e supón unha perda de poboación.

As causas e os tipos de migracións

As persoas emigran por motivos moi diversos: guerras, persecucións ideolóxicas, catástrofes naturais, afán de aventura… Pero a causa principal é económica: conseguir un traballo que permita mellorar o nivel de vida.

Podemos distinguir dous tipos de migracións:

- **Interiores ou nacionais.** Son as que se producen dentro do territorio dun país. Son as migracións máis frecuentes e entre elas destaca o éxodo rural, é dicir, os desprazamentos do campo cara ás zonas urbanas e industrializadas.
- **Exteriores ou internacionais.** Neste caso, o destino é outro país. Estas migracións prodúcense sobre todo entre países próximos ou cunha cultura semellante, e, en menor medida, desde os países pobres aos máis desenvolvidos.

As consecuencias das migracións

As migracións teñen diferentes consecuencias.

- Nos lugares ou países emisores de emigrantes diminúe a poboación nova, que é a que marcha. En consecuencia, envellecen e redúcese a poboación traballadora.
- Polo contrario, nos lugares ou países receptores de emigrantes prodúcese un rexuvenecemento das súas poboacións, increméntase a poboación traballadora, que paga impostos, e o país enriquécese coa diversidade cultural. Pero se a inmigración é masiva, pode saturar os servizos sociais, aumentar o gasto asistencial e xerar conflitos pola falta de integración dos inmigrantes ou por condutas discriminatorias, e incluso xenófobas.

DICIONARIO VISUAL

Crecemento real dunha poboación



Número de nacidos

menos



Número de falecidos

máis



Saldo migratorio

SABÍAS QUE...

Cada país establece a cantidade e as normas de admisión de inmigrantes estranxeiros (*cota migratoria*).

As persoas que migran sen atender a estas normas son os chamados **inmigrantes ilegais ou sen papeis**, que a miúdo chegan enganados por mafias que trafican con estas persoas.

Os inmigrantes ilegais están no país de destino de forma irregular, sen permiso de residencia nin de traballo. Por iso a súa vida é difícil, traballan máis horas, en peores condicións e por menos diñeiro. Non poden reclamar porque ante a lei «non existen».

ACTIVIDADES

Comprende

18. Relaciona. Une os conceptos co seu significado.

Saldo migratorio positivo	N.º de inmigrantes > N.º de emigrantes
Saldo migratorio negativo	Supón unha perda de poboación
	Supón un crecemento da poboación
	N.º de inmigrantes < N.º de emigrantes

19. Clasifica. Completa a táboa.

As migracións	
Tipos	• •
Causa principal	
Consecuencias	Nos países emisores: por exemplo, Nos países receptores: por exemplo,

Razoa

20. Identifica. Escribe no cadro correspondente *Si* ou *Non*, segundo se trate ou non dunha migración. Debaixo, explica por que o é ou non o é.

☐ En agosto vou de vacacións á praia.

☐ O ano que vén vou comezar os meus estudos universitarios en Inglaterra.

Aplica

21. Interpreta o mapa. Observa o mapa e rodea cun círculo vermello as rexións maiormente receptoras de emigrantes estranxeiros e, cun círculo azul, as rexións emisoras.

EUA e Canadá | Sueste asiático | Europa occidental | América Central e Caribe | Perú, Bolivia e Paraguai | Norte de África | Australia



Fonte: *Atlas Xeopolítico 2010, de Le Monde Diplomatique/Akal; Informe sobre as Migracións no Mundo en 2008 (ONU).*

Paso a paso: Interpretar unha pirámide de poboación

Unha **pirámide de poboación** é un gráfico de barras horizontais que representa a estrutura dunha poboación por grupos de idades e por sexos nun momento determinado. Consiste nun dobre eixe de coordenadas:

No **eixe vertical** anótanse as **idades**, normalmente en intervalos de cinco anos excepto o último, que agrupa máis idades.



No **eixe da esquerda** sitúanse os datos da **poboación masculina**.

No **eixe da dereita** sitúanse os datos da **poboación feminina**.

No **eixe horizontal** márcanse os **valores**, en xeral, en porcentaxe de cada grupo de idade e sexo sobre a poboación total.

TEN EN CONTA



Pirámide progresiva. Ten forma de pagode, con base ancha (moita poboación nova) e cúspide moi estreita (poucos anciáns). Indica unha alta natalidade e mortalidade, unha baixa esperanza de vida e un crecemento natural moi forte.

É propia dos países menos desenvolvidos.



Pirámide estancada. Ten forma de campá. Os tramos de poboación nova (0-14 anos) e adulta (15-64) teñen unha anchura semellante, o que indica un descenso da natalidade. En consecuencia, o crecemento natural redúcese.

É propia de moitos países en desenvolvemento.



Pirámide regresiva. Ten forma de bulbo, cunha parte central (a poboación adulta) moi ancha e base estreita (poucos mozos e nenos). Indica unha escasa natalidade, un crecemento natural moi baixo e unha esperanza de vida alta.

É propia dos países máis desenvolvidos, que envellecen.

Que pasos debes seguir?

1 Fíxate na forma ou perfil da pirámide e analiza a estrutura da poboación por idades.

Que tramo de poboación domina: a poboación nova (0-14 anos), a poboación adulta (15-64 anos) ou a poboación maior (65 anos e máis)? É, por conseguinte, unha poboación nova, madura ou envellecida?

A forma da pirámide, de pagode, campá ou bulbo, permíteche deducir se é alta ou baixa a natalidade, a mortalidade e a esperanza de vida, e, dependendo da proporción de poboación nova, adulta e maior, intuír como será o crecemento natural nos próximos anos.

Lembra que a forma da pirámide tamén che dá información sobre o grao de desenvolvemento dun país.

2 Compara a lonxitude das barras dun e doutro sexo.

Nacen máis nenos ou máis nenas? Esta situación invértese coa idade? É maior a esperanza de vida das mulleres?

Se a porcentaxe de poboación dun e doutro sexo é similar para cada grupo de idade, a poboación estará equilibrada. En caso contrario, non, o que afectará, por exemplo, á fecundidade e ao crecemento demográfico futuro.

3 Observa se hai entrantes ou saíntes moi pronunciados en certos grupos de idade.

Investiga na historia da poboación para tratar de explicalos. Sucesos como unha guerra, unha epidemia ou unha crise económica afectan á natalidade e á mortalidade.

Faino ti

22. Interpreta a pirámide de poboación de Austria.



- Que forma presenta a pirámide?
- Dirías que, en xeral, a poboación mostra un equilibrio entre os sexos?
- Que grupos de idade son os máis avultados?
- Corresponden á poboación nova, adulta ou maior?
- Como é a base da pirámide? Significa que a natalidade é alta ou baixa?
- Como será o seu crecemento natural nos próximos anos?
- Como é a esperanza de vida comparada coa pirámide da páxina 132?
- Viven máis os homes ou as mulleres?
- Con que tipo de país relacionarías esta pirámide, cun país desenvolvido ou en desenvolvemento? Por que?
- E a pirámide da páxina 132? Por que?

Resumo

A POBOACIÓN DO MUNDO

- A distribución da poboación
  - Factores que atraen poboación
  - Factores que disuaden á poboación
- Natalidade e fecundidade
  - Natalidade — Definición:
  - Fecundidade — Definición:
  - Factores
    - *Socioeconómicos.*
    -
    -
- Mortalidade e esperanza de vida
  - Mortalidade — Definición:
  - Mortalidade infantil — Definición:
  - Esperanza de vida — Definición:
- Países ricos e países pobres
  - Países ricos — O crecemento natural é…
  - Países pobres — O crecemento natural é…
- As migracións
  - Definición:
  - Tipos:
  - Consecuencias:

TEMA

14

Unha poboación diversa

O ser humano é por natureza un ser social que necesita relacionarse cos demais. Desde as súas orixes, formou parte de estruturas sociais básicas, como a familia, o clan ou a tribo.

En cada sociedade humana establécese unha organización socioeconómica e política, cunha ideoloxía dominante e unhas pautas de comportamento.

Neste tema comprenderás a diversidade cultural do mundo e aprenderás os trazos que definen a sociedade occidental.









VAS APRENDER A...

- Diferenciar as sociedades segundo a economía.
- Coñecer os elementos que definen a cultura.
- Identificar os trazos da sociedade occidental.
- Valorar a riqueza cultural do mundo e coñecer os riscos que a ameazan.
- Elaborar e interpretar gráficos sectoriais.

1. As sociedades segundo a estrutura económica

Segundo o grao de desenvolvemento económico e tecnolóxico, pódense diferenciar tres grandes tipos de sociedades:

- **Sociedades rurais.** A maioría da poboación vive en pequenas aldeas, onde se manteñen as tradicións do grupo. A base da súa economía son a agricultura e a gandaría. A industria é escasa e, en xeral, dedicada a sectores tradicionais, como o téxtil. Algúns servizos, como o pequeno comercio, poden ocupar a moita poboación.

  As sociedades rurais son características do mundo anterior á revolución industrial, pero hoxe aínda dominan nas rexións menos desenvolvidas de África, Asia e Iberoamérica.

- **Sociedades industriais.** A maioría da poboación vive en áreas urbanas, onde se sitúan as fábricas. Arredor dun terzo da riqueza procede da industria, que ocupa a moitos traballadores. O sector servizos é forte, sobre todo o comercio e o transporte, mentres que o sector primario ten pouco peso.

  As sociedades industriais encontrámolas actualmente no centro e no leste de Europa, en países de recente industrialización (México, Brasil, sureste asiático…) e na costa de China.

- **Sociedades postindustriais.** Son sociedades plenamente urbanas. Os servizos, moi diversos e especializados, constitúen a actividade económica principal, ocupando arredor do 70 % dos traballadores. A industria emprega a menos do 30 %. As industrias tradicionais perden peso a favor das industrias punteiras. As actividades primarias ocupan a moi pouca poboación, pero están moi mecanizadas e tecnificadas.

DICIONARIO VISUAL

Sociedade rural: Camerún



Sociedade industrial: Polonia



Sociedade postindustrial: España



DICIONARIO VISUAL

Sociedade rural



Sociedade industrial



Sociedade postindustrial



ACTIVIDADES

Comprende

1. Conceptos. Escribe R (sociedade rural), I (sociedade industrial) ou P (sociedade postindustrial) en cada cadro.

- ☐ Industria escasa e tradicional.
- ☐ Sector primario, base da economía.
- ☐ Un terzo da riqueza procede da industria.
- ☐ Os servizos ocupan o 70 % dos traballadores.
- ☐ Industrias punteiras.

2. Clasifica. Escribe os trazos das sociedades.



Razoa

3. Explica. En que tipo de sociedade vives? Por que?

Aplica

4. Interpreta o mapa. Indica o tipo ou tipos de sociedades que dominan en cada unha das rexións.

Rexión	Sociedade
América do Norte	
América do Sur	
África central e meridional	
Europa occidental	
Europa oriental	
Asia central	
Costa de China	



2. A diversidade cultural no mundo

A **cultura** é o conxunto das manifestacións dun pobo a través dunha lingua, dunha relixión, duns costumes, dunha arte… Os grandes conxuntos culturais reciben o nome de **civilizacións**, como a occidental, a chinesa, a islámica, a xaponesa… As civilizacións comparten un pasado común e esténdense, en xeral, por un espazo xeográfico próximo.

Na actualidade, como consecuencia das numerosas migracións, é habitual que dentro dun mesmo país convivan persoas de diferentes culturas, que dan lugar así a **sociedades multiculturais**.

A diversidade cultural é unha riqueza en si mesma, pero tamén unha posible fonte de conflitos. Conseguir unha convivencia pacífica e o respecto polas crenzas e formas de vida distintas é un dos grandes retos culturais do mundo actual.

3. Grandes retos culturais de hoxe

Algúns dos principais retos culturais do mundo actual son os seguintes:

- **A convivencia entre maiorías e minorías culturais.** Nos países onde conviven dúas ou máis culturas, unha delas é a maioritaria e, normalmente, a dominante. Ás veces dáse unha falta de respecto polas minorías.

  Pero tamén pode suceder que unha minoría cultural, con maior desenvolvemento económico e tecnolóxico, se impoña á cultura maioritaria, chegando incluso a segregala socialmente, como o *apartheid* sudafricano.

- **A desaparición de culturas.** A civilización occidental estendeuse por todo o planeta. En particular, o modo de vida de Estados Unidos impúxose en boa parte do mundo porque moitas persoas integran na súa propia cultura aspectos desa cultura foránea.

  Coñecer e adoptar trazos doutras culturas pode resultar enriquecedor. O problema xorde cando unha cultura se substitúe por outra, menoscabando a diversidade cultural.

- **Combater os fundamentalismos.** Son movementos relixiosos que usan normas establecidas en libros sagrados para regular a vida dunha sociedade. A súa interpretación do mundo cínguese á versión deses textos como unha verdade incuestionable e inamobible. Isto adóitaos conducir a seren intransixentes con outros usos e costumes e intolerantes con aqueles que non comparten a súa visión do mundo. En xeral, rexeitan algúns principios básicos do noso mundo moderno, como a igualdade de homes e mulleres.

NON TE CONFUNDAS

Todas as persoas que viven nun país non comparten necesariamente unha mesma cultura. É normal que dentro das fronteiras dun país convivan distintas culturas, e tamén que unha mesma cultura se estenda por varios países.

DEREITOS HUMANOS



O *apartheid* foi unha política de segregación racial imposta oficialmente en África do Sur pola minoría branca entre as décadas de 1940 e 1990.

Como a minoría branca tiña o poder, estableceu leis discriminatorias. Por exemplo, a poboación negra non podía utilizar os mesmos servizos públicos que os brancos (autobuses, hospitais…); non podía desempeñar certos postos e traballos, que quedaron reservados para os brancos ou outras razas; foi obrigada a vivir en zonas acoutadas que, en xeral, carecían de auga, electricidade e saneamentos; e incluso se lle quitou a cidadanía surafricana.

ACTIVIDADES

Comprende

5. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Cultura:

- Sociedades multiculturais:

- Fundamentalismos:

6. Lembra. Enumera os principais retos culturais.

Razoa

7. Interpreta o gráfico. Responde as preguntas.



- Cal é a lingua máis falada? E a máis internacional?

- Por que cres que a lingua é un elemento importante dunha cultura?

Aplica

8. Identifica. Rodea cun círculo os elementos ou as actividades da lista que cres que favorecen o coñecemento e o contacto entre distintas culturas.

- As migracións.
- O cine.
- Internet.
- Viaxar ao estranxeiro.
- Xogar coa videoconsola.
- A televisión.
- Programas de intercambio de estudantes.
- As redes sociais.

9. Explica. Escolle un dos elementos ou das actividades que rodeaches na lista anterior e explica por que favorece o contacto entre as culturas.

10. Identifica. Analiza a influencia doutras culturas na túa vida respondendo este cuestionario.

- Cal é o teu refresco preferido?

- Sabes de que país é a compañía que o fabrica?

- Cal é o teu cantante favorito?

- Coñeces a súa nacionalidade?

- Vistes con pantalóns vaqueiros?

- Sabes onde se inventou esa peza de vestir?

- Que aparello tecnolóxico usas máis?

- Quen o fabrica?

- Á vista das túas respostas, que país cres que exerce máis influencia sobre os teus gustos?

4. A sociedade occidental

Europa forma parte da civilización occidental, cuxos trazos máis sobresaíntes son:

- **Sociedade postindustrial.** Os servizos achegan arredor do 70 % do emprego e da riqueza.
- **Sociedade plenamente urbana.** Arredor do 75 % dos seus habitantes vive en cidades.
- **Sociedade que envellece.** O 16 % da poboación ten máis de 65 anos, pois a esperanza de vida é alta e a natalidade é baixa desde hai anos. Unha porcentaxe similar da poboación ten menos de 15 anos.
- **Sociedade multicultural.** Débese á forte inmigración.
- **Sociedade de benestar.** Existe o **Estado de benestar**, que significa que o Estado intervén na economía para garantir a todos os seus cidadáns un nivel de vida digno mediante unha redistribución máis equitativa da riqueza e a prestación de servizos sociais básicos.
- **Sociedade da información e do coñecemento.** No desenvolvemento da súa economía xoga un papel fundamental a aplicación das novas tecnoloxías da información e da comunicación, que favoreceron a globalización e a interconexión entre persoas.

Nas últimas décadas producíronse notables **cambios sociais**, como a incorporación masiva da muller ao mercado laboral ou a transformación do modelo familiar tradicional co aumento das separacións e dos divorcios, das familias monoparentais e as unións entre persoas do mesmo sexo.

TEN EN CONTA

Europa forma parte da civilización occidental, pero dentro dela distínguense entidades culturais como son as culturas anglosaxoa, escandinava ou mediterránea, entre outras. A esta última, á cultura mediterránea, pertence España.

SABÍAS QUE...

A xeneralización do acceso da muller aos estudos superiores e a súa incorporación masiva ao mercado laboral trouxeron consigo outros cambios sociais, como o atraso na idade á que se estrean na maternidade, o descenso no número de fillos e que as tarefas domésticas comecen a ser compartidas entre ambos os sexos.

5. Desigualdades e conflitos sociais

Os fortes contrastes económicos e sociais que existen no mundo levaron a agrupar os países en tres grandes bloques: **países desenvolvidos**, **países en transición** e **países menos desenvolvidos**.

Dentro de cada país tamén hai desigualdades. Nos países menos desenvolvidos, unha minoría goza dun elevado poder adquisitivo mentres que a maioría da poboación vive na pobreza, en moitos casos extrema.

Nos países desenvolvidos moitas persoas tamén sofren unha situación de pobreza relativa e marxinación. Hai grupos máis susceptibles de padecer estas situacións, como os inmigrantes ilegais, os parados de longa duración e as súas familias, os anciáns de escasos recursos que viven sós, as persoas con adiccións (alcohol, drogas…), os discapacitados físicos e psíquicos que teñen dificultades para acceder a un traballo…



Fonte: *Enquisa do Eurobarómetro, decembro de 2010.* Enquisados en España: 1.005.

ACTIVIDADES

Comprende

11. Conceptos. Define os seguintes termos.

- Estado de benestar:

- Sociedade da información e do coñecemento:

12. Identifica. Escribe V (verdadeiro) ou F (falso) segundo sexan ou non trazos da sociedade occidental. As frases falsas escríbeas correctamente.

- ☐ A base da economía é a industria.
- ☐ A maioría da poboación vive en cidades.
- ☐ É unha sociedade multicultural.
- ☐ A poboación nova é moi numerosa, porque a natalidade é alta desde hai anos.
- ☐ O Estado presta servizos sociais básicos, como a sanidade e a educación.
- ☐ É a sociedade da información e do coñecemento.
- ☐ Os países europeos non forman parte da civilización occidental.

Razoa

13. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico da páxina 140 e responde as preguntas.

- Segundo a enquisa, que catro grupos teñen máis probabilidades de caer na pobreza?

- Por que pensas que están nese risco?

Aplica

14. Compara. Le o seguinte texto, que recolle datos do Instituto Nacional de Estatística, e opina.

> En España, na década de 1970, as mulleres casaban aos 24 anos como media, tiñan o seu primeiro fillo un ano despois e a taxa de fecundidade era de 2,8 fillos por muller.
>
> En 2011 moitas mulleres conviven coas súas parellas sen contraer matrimonio. As que casan fano aos 30 anos como media, estréanse na maternidade aos 31 anos, e un 30 % con máis de 35. A maioría decide ter un só fillo, polo que a taxa de fecundidade descendeu ata 1,4 fillos por muller.

- Que cambios sociais se produciron entre 1970 e o momento presente?

- Cres que neses cambios influíu a incorporación da muller ao traballo fóra do fogar? Por que?

- Que outros factores cres que explican os cambios citados no texto?

Paso a paso: Elaborar e interpretar gráficos sectoriais

Un **gráfico sectorial** serve para representar a proporción que ocupa cada unha das partes ou elementos dun conxunto.

Normalmente, utilízase unha figura circular. Como un círculo ten 360°, estes 360° corresponden ao 100 % do valor do conxunto. Cada elemento do conxunto será un sector do círculo. O seu tamaño será proporcional á súa cantidade, expresada en graos de circunferencia.



Que pasos debes seguir?

Para elaborar un gráfico sectorial:

1 Converte as cantidades en porcentaxes.

Se os datos son cantidades absolutas, transfórmaas en tantos por cento (porcentaxes) mediante unha regra de tres simple. Para facer o cálculo, axúdate dunha calculadora. Lembra que a suma de todas as cantidades é o 100 %.

Para calcular a porcentaxe, coñecendo a cantidade total, C, e a parte, A, resolvemos esta regra de tres simple directa:

$$\left.\begin{array}{l}\text{Se de } C \xrightarrow{\text{tomo}} A \\ \text{de } 100 \xrightarrow{\text{tomarei}} x\end{array}\right\} \rightarrow \frac{C}{100} = \frac{A}{x};\ x = \frac{100 \times A}{C}$$

2 Converte as porcentaxes en graos.

Para poder representar o valor de cada sector nun círculo tes que saber a cantos graos de circunferencia equivale cada unha das porcentaxes que obtiveches no paso 1. Aplica esta fórmula:

$$\frac{\text{Porcentaxe}}{100} \times 360°$$

3 Elabora o gráfico sectorial.

Comeza por debuxar un círculo coa axuda dun compás.

A continuación, traza un raio desde o centro ata a circunferencia usando un transportador de ángulos e empeza a trasladar o valor en graos de cada un dos sectores ao círculo.

4 Non esquezas a lenda do gráfico.

Colorea cada sector do círculo cunha cor diferente e acompaña o gráfico dunha lenda que permita identificar a que corresponde cada cor.

Exemplo resolto

Imos representar a distribución da poboación activa en Reino Unido por sectores económicos.

	Poboación activa (N.º de persoas)
Sector primario	466.746
Sector secundario	5.600.952
Sector terciario	25.048.702
TOTAL	31.116.400

1. Convertemos os valores en porcentaxes:

- Sector primario:
  $100 \times 466.746 / 31.116.400 = 1{,}5\,\%$
- Sector secundario:
  $100 \times 5.600.952 / 31.116.400 = 18\,\%$
- Sector terciario:
  $100 \times 25.048.702 / 31.116.400 = 80{,}5\,\%$

2. Pasamos as porcentaxes obtidas a graos:

- Sector primario: $1{,}5 / 100 \times 360 = 5°$
- Sector secundario: $18 / 100 \times 360 = 65°$
- Sector terciario: $80{,}5 / 100 \times 360 = 290°$

3. Elaboramos o gráfico sectorial:



Que pasos debes seguir?

Para interpretar un gráfico sectorial:

① **Describe o peso que ten cada elemento.**

Fíxate no tamaño dos sectores e identifica a que elemento corresponde cada un deles. Indica que elementos son maiores e cales menores.

② **Explica os motivos desa distribución dos elementos.**

Á vista do gráfico, extrae as túas conclusións. Por exemplo, trata de explicar as causas da maior importancia dalgúns elementos fronte a outros.

Faino ti

15. A partir dos datos da táboa, elabora un gráfico sectorial sobre a poboación activa por sectores económicos en Liberia (África).

	Poboación activa (N.º de persoas)
Sector primario	960.400
Sector secundario	109.760
Sector terciario	301.840
TOTAL	1.372.000

a) Con axuda dunha calculadora, converte os valores absolutos en porcentaxes.

- Sector primario:

$$\frac{100 \times 960.400}{1.372.000} = 70\,\%$$

- Sector secundario:

$$\frac{100 \times ____}{____} = ____\,\%$$

- Sector terciario:

$$\frac{____}{____} = ____\,\%$$

b) Agora, converte as porcentaxes en graos.

- Sector primario:

$$\frac{70}{100} \times 360 = 252°$$

- Sector secundario:

$$\frac{____}{100} \times ____ = ____$$

- Sector terciario:

$$\frac{____}{____} \times ____ = ____$$

c) Con axuda dun compás e dun transportador de ángulos, elabora o gráfico sectorial. Non esquezas a lenda.

16. Interpreta o gráfico respondendo as preguntas.

- En que sector de actividade se emprega a maioría da poboación de Liberia?

- Que porcentaxe o fai no sector secundario?

- E no sector terciario?

- Como é a sociedade de Liberia segundo a súa estrutura económica, rural, industrial ou postindustrial?

Resumo

UNHA POBOACIÓN DIVERSA

- Sociedades segundo a estrutura económica
  - Sociedade _____, cuxos trazos son:
  - Sociedade _____, cuxos trazos son:
  - Sociedade _____, cuxos trazos son:
- A diversidade cultural
  - A **cultura** é…
  - A **civilización** é…
  - Grandes **retos culturais** do mundo actual:
- Trazos da sociedade occidental
  - *Postindustrial.*
  -
  -
  -
  -
- Desigualdade e conflitos sociais

TEMA

15

Poboación e sociedade na UE e España

A Unión Europea é unha das rexións máis densamente poboadas do planeta. No seu territorio viven máis de 500 millóns de persoas, que se distribúen de forma desigual polo territorio.

As poboacións dos países membros caracterízanse por un progresivo envellecemento e un crecemento natural moi débil. Só a importante inmigración procedente de países non comunitarios contribuíu a rexuvenecer lixeiramente as súas poboacións.

Neste tema aprenderás como é a poboación da Unión Europea e de España.

VAS APRENDER A...

- Caracterizar a poboación da UE e de España.
- Identificar as zonas de maior e menor densidade de poboación, tanto na UE coma en España.
- Valorar a achega da inmigración ás sociedades española e europea.
- Facer e interpretar un mapa de coropletas.



1. A poboación da UE

A Unión Europea é unha das rexións máis poboadas do planeta. No seu territorio viven **máis de 500 millóns de persoas**, o 7 % da poboación mundial.

Trazos demográficos

O escaso crecemento natural e o progresivo envellecemento demográfico son os dous trazos máis destacados da poboación:

- As baixas taxas de natalidade e de mortalidade dan como resultado un **crecemento natural moi débil**, e incluso negativo.
- **A poboación envellece.** As persoas maiores de 65 anos supoñen no conxunto da Unión Europea máis do 17 % da poboación. Esta alta porcentaxe é o efecto dunha baixa natalidade e dunha elevada esperanza de vida (76,4 anos para os homes e 82,4 para as mulleres).

As migracións

En 2010, a poboación da UE aumentou en 1,4 millóns, pero só medio millón se debeu á diferenza entre os nacementos e as defuncións; o resto obedeceu á inmigración exterior.

Polo seu elevado desenvolvemento económico e estabilidade política, a UE é unha **importante área de inmigración**: máis de 32 millóns de persoas que viven en países comunitarios son estranxeiros, case un 6,5 % da poboación total da UE. Máis dun terzo deles proceden doutro Estado membro.

- Os **inmigrantes non comunitarios** veñen maioritariamente de países do leste de Europa, seguidos de norteafricanos, asiáticos e latinoamericanos. Na actualidade, os principais países de acollida son España e Italia.
- Os diferentes niveis de desenvolvemento e de oportunidades de emprego explican as **migracións intracomunitarias** desde os países menos avanzados (Romanía, Polonia) cara aos máis ricos de Europa occidental. O clima e a calidade de vida explican as migracións de xubilados desde os países do norte (Alemaña, Reino Unido, Dinamarca) aos mediterráneos.

A distribución da poboación

A densidade de poboación na UE é alta: 116 hab./km^2, pero hai grandes diferenzas entre os seus territorios. **A zona central**, que se estende desde o sur do Reino Unido ata o norte de Italia, é **a máis poboada**, favorecida polas súas características físicas (relevo, clima, augas…) e a súa forte actividade económica. Os países máis setentrionais son os menos poboados.

Os países con maior número de habitantes son: Alemaña, Francia, Reino Unido, Italia e España, que suman máis do 60 % da poboación dos 27 países da Unión.

TEN EN CONTA

As características demográficas e a crise económica que se comezou a sentir en 2008 xeraron graves problemas sociais na UE:

- O **envellecemento** demográfico implica un aumento dos gastos sociais para atender a poboación maior (sanidade, centros de día…) e para o pago de pensións.
- A **inmigración** de estranxeiros e minorías étnicas xera en ocasións conflitos, derivados da falta de integración e de actitudes discriminatorias.
- A **crise** económica disparou o desemprego.
- A **pobreza** afecta a máis de 80 millóns de persoas (o 17 % da poboación europea).

UN EXEMPLO

España é un dos principais países de acollida de inmigrantes na UE.

España: poboación estranxeira por país de orixe



Fonte: *INE, 2011.*

ACTIVIDADES

Comprende

1. Lembra. Completa o texto.

A Unión Europea é unha das rexións _____ poboadas do mundo. No seu territorio viven máis de _____ de persoas. Os trazos máis destacados das súas poboacións son: _____ .

A UE é unha importante área de _____ . Na actualidade, os principais países de acollida son _____ .

A zona _____ é a máis poboada, e os países _____ son os menos poboados.

Razoa

2. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico da páxina 146 e responde.

- De que países proceden a maioría dos inmigrantes en España?
- Cres que o nivel de desenvolvemento deses países é igual ao que existe en España?
- Por que motivo principal emigrarían?

3. Analiza. Observa o gráfico e responde.



- En xeral, a natalidade aumentou, mantívose ou diminuíu desde 1960 na UE?
- E a mortalidade?
- E o crecemento natural?
- O crecemento real da poboación da UE en 2010 debeuse ao movemento natural da poboación ou a outro factor? Cal?



Aplica

4. Interpreta o mapa. Responde as preguntas.

- Que densidade de poboación ten Malta?
- Cita os tres países máis densamente poboados.
- Son os países que, segundo o texto da páxina 146, teñen máis habitantes?
- Cales son os países menos poboados?
- Que factores explican o desigual poboamento?

2. A poboación española

Unha poboación envellecida

España conta con **máis de 47 millóns de habitantes**.

A poboación española creceu moito ata a década de 1970 porque a natalidade era moi elevada e a mortalidade baixa. Pero a partir da década seguinte o **crecemento natural** da poboación descendeu bruscamente e hoxe é **moi baixo** (o 0,2 %). Isto débese a dous factores:

- A **redución da natalidade e da fecundidade**, que obedece, principalmente, á incorporación da muller ao mundo laboral, á extensión do uso de anticonceptivos e ao atraso da idade á que se ten o primeiro fillo (por riba dos 30 anos). Como resultado, a taxa media de fecundidade é de 1,4 fillos por muller, unha das máis baixas do mundo, e non garante o relevo xeracional.
- Unha **elevada esperanza de vida**, que é unha das máis altas do mundo: 81,6 anos, o que explica o descenso da taxa de mortalidade.

A consecuencia das baixas taxas de natalidade e mortalidade é que **a poboación española envellece**. O 17 % dos habitantes ten 65 anos ou máis, e os menores de 15 anos son cada vez menos.

Unha poboación desigualmente distribuída

A poboación distribúese de modo desigual polo territorio. A densidade media é de **93 hab./km²**, pero existen fortes contrastes:

- **Entre Comunidades Autónomas.** Case o 60 % da poboación española vive nunha destas catro Comunidades Autónomas: Andalucía, Cataluña, Madrid e a Comunidade Valenciana.
- **A escala provincial.** En xeral, as provincias interiores, salvo Madrid, están menos poboadas ca as provincias costeiras e as illas. Algunhas provincias, como Soria ou Teruel, non alcanzan os 10 hab./km², mentres que outras, como Madrid ou Barcelona, exceden os 710 hab./km².
- **Dentro de cada provincia.** Na maior parte das provincias, a poboación concéntrase nas cidades, sobre todo na capital, mentres que o campo está case despoboado. Por exemplo, na cidade de Zaragoza vive o 70 % da poboación da súa provincia e o 50 % de toda a poboación aragonesa.

Evolución da poboación española



Fonte: *Censos INE.*

FÍXATE

En pouco máis dun século, a **taxa de natalidade española** pasou de ser alta (arredor do 35‰) a situarse lixeiramente por riba do 10‰. O descenso máis acusado tivo lugar no último cuarto do século XX. Na última década obsérvase unha pequena recuperación da natalidade que obedece, fundamentalmente, aos fillos nacidos de nais estranxeiras.

A **mortalidade** tamén descendeu: desde case o 30‰ en 1900, ao 8,2‰ actual. Os anos de maior mortalidade correspóndense coa epidemia de gripe de 1918, que causou innumerables mortes e elevou a taxa de mortalidade ata o 33‰, e coa Guerra Civil española (1936-1939) e os primeiros anos da posguerra, que supuxeron o afundimento da natalidade e o incremento da mortalidade.

O movemento natural da poboación española



Fonte: *INE.*

ACTIVIDADES

Comprende

5. Identifica. Marca V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda. As afirmacións que consideres erróneas escríbeas debaixo correctamente.

☐ España ten máis de 100 millóns de habitantes.

☐ O crecemento natural da poboación española é moi alto porque as taxas de natalidade e mortalidade son elevadas.

☐ En España, a taxa de fecundidade permite o relevo xeracional.

☐ A nosa esperanza de vida é unha das máis altas do mundo.

Razoa

6. Analiza. Observa o gráfico e responde.

Evolución da estrutura por idade



Fonte: INE.

- Que porcentaxe da poboación española tiña menos de 15 anos en 1900?
- E en 2011?
- Que porcentaxe tiña 65 anos ou máis en 1900?
- E en 2011?
- Que feito reflicte esta evolución?

Aplica

7. Interpreta o mapa. Observa o mapa e responde.



- Onde se concentra a poboación?
- Localiza Galicia. Podes axudarte co mapa do Anexo. Explica como é a súa densidade.
- Fíxate nas Comunidades bañadas polo Mediterráneo. As maiores densidades corresponden ás grandes cidades? Podes citar algunhas delas?

3. Dun país de emigrantes a un país de inmigrantes

As migracións no pasado

Durante séculos, España foi un **país de emigración**. Ata a metade do século XX, a maioría dos españois que emigraron fixérono a **América**. A partir desa data, e ata mediados da década de 1970, **Europa** converteuse no principal destino, e en particular, Alemaña, Suíza e Francia.

Dentro de España, as migracións interiores máis importantes obedeceron ao grande **éxodo rural** que se iniciou a finais do século XIX coa mecanización do campo e co comezo da industrialización española.

As migracións hoxe

Desde o final do século XX, **a inmigración aumentou de forma extraordinaria** debido ao crecemento económico de España. España é hoxe o segundo Estado da UE por número de residentes estranxeiros, que supoñen o 12 % da poboación total que vive en España.

Case **a metade dos estranxeiros proveñen doutro país comunitario**, entre os que destaca Romanía, seguida de lonxe por Reino Unido, Alemaña, Italia e Bulgaria. De fóra da UE destacan Marrocos, varios países de Suramérica (Ecuador, Colombia e Bolivia) e China.

A crise económica iniciada en 2008, que provocou un alarmante problema de desemprego, **reduciu a chegada de inmigrantes** estranxeiros, e prevese que nos próximos dez anos a emigración volva superar a inmigración.

Consecuencias das migracións

A chegada masiva de poboación estranxeira a España tivo consecuencias de distinta natureza:

- **Consecuencias demográficas.** A inmigración provocou un rexuvenecemento da poboación, pois os inmigrantes son, en xeral, adultos novos.
- **Consecuencias económicas.** Os inmigrantes cubriron as necesidades de man de obra (principalmente en agricultura, construción e servizo doméstico) durante os anos de crecemento económico. Con todo, hoxe constitúen un dos grupos máis castigados polo paro.
- **Consecuencias socioculturais.** A inmigración deu lugar a unha sociedade máis diversa e multicultural. Pero a convivencia con distintas culturas tamén tivo consecuencias negativas. En ocasións xorden conflitos pola resistencia dalgúns inmigrantes a integrarse e por actitudes xenófobas dalgúns grupos locais.

FÍXATE

En España, ata mediados da década de 1970 predominou a **emigración**. A partir desta data, a emigración exterior de españois freou e moitos regresaron. A finais da centuria, comezou a cobrar protagonismo a **inmigración** de estranxeiros en España, que se intensificou na primeira década do século XXI.

Evolución da poboación nativa e estranxeira



Poboación estranxeira



PORCENTAXE DE ESTRANXEIROS SOBRE A POBOACIÓN TOTAL DA COMUNIDADE

- Menos do 5 %
- Entre 5 e 10 %
- Entre 10 e 15 %
- Máis do 15 %

ACTIVIDADES

Comprende

8. Conceptos. Une os termos coa súa definición.

Éxodo rural	Situación difícil da economía
Crise económica	Odio cara aos estranxeiros
Xenofobia	Emigración masiva do campo á cidade

9. Lembra. Responde as preguntas.

- Ata 1970, predominou a emigración de españois ao estranxeiro ou a inmigración exterior?

- Cales foron os destinos principais?

- Cando empezou a predominar a inmigración?

Razoa

10. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico da páxina 150 e responde as preguntas.

- Cantos millóns de persoas vivían en España en 1998? Deles, cantos eran españois e cantos estranxeiros, aproximadamente?

- E en 2011?

- Proporcionalmente, que poboación creceu máis entre 1998 e 2011?

- Que factores pensas que atraeron tanta poboación estranxeira a España?

11. Interpreta o mapa. Observa o mapa da páxina 150. En que Comunidades hai unha maior porcentaxe de estranxeiros? A que cres que se debe?

Aplica

12. Interpreta a pirámide. Responde.



- Corresponde a unha poboación progresiva (crece moito), estancada ou regresiva (apenas crece)?

- Entre que grupos de idades se encontran a maioría dos estranxeiros?

- En consecuencia, que supuxo a inmigración estranxeira para a poboación española?

Elabora a túa conclusión

13. Resume. Completa a táboa.

Consecuencias das migracións	
Demográficas	
Económicas	
Socioculturais	

Paso a paso: Facer e interpretar un mapa de coropletas

Un **mapa de coropletas** mostra a importancia dun aspecto xeográfico nun territorio mediante diferentes tons de cor. O ton será máis ou menos intenso dependendo da maior ou menor importancia dese aspecto no territorio.

Neste exemplo, o aspecto xeográfico representado no mapa é a densidade de poboación, e a unidade territorial escollida, a provincia.

Normalmente, os valores do aspecto que se vai representar agrúpanse en intervalos.

A cada intervalo asígnaselle un ton de cor, que será máis intenso ou escuro canto maior sexa o valor.

O ton máis intenso indica que nesta provincia a densidade de poboación é moi alta: entre 360 e 800 hab./km^2.



O ton máis suave indica que nesta provincia a densidade de poboación é baixa dentro do conxunto de España: menos de 30 hab./km^2.

Fonte: *INE*.

Que pasos debes seguir?

Para interpretar un mapa de coropletas:

1 Identifica a que unidade territorial se refiren os datos.

A unidade territorial pode ser un país, unha Comunidade Autónoma, unha provincia…

2 Fíxate onde se rexistran os valores máis altos e os valores máis baixos.

Observa a maior ou menor importancia do aspecto representado nos distintos territorios. Consulta a lenda para valorar os contrastes espaciais.

3 Busca unha explicación á distribución do aspecto representado.

Á vista do mapa, extrae as túas conclusións. Trata de explicar as causas da maior importancia do aspecto representado nuns territorios fronte a outros.

Faino ti

14. Interpreta o mapa de densidade de poboación.

- A que unidade territorial se refiren os datos?

- En xeral, que provincias están máis densamente poboadas, as do interior ou as costeiras e insulares?

- Destaca algunha provincia no interior? A que cres que se debe?

Que pasos debes seguir?

Para facer un mapa de coropletas:

1 Organiza os datos e establece os intervalos.

Esta é a parte máis difícil. Os valores dispoñibles tes que agrupalos en intervalos. O número de intervalos non pode ser alto; establecer catro ou cinco intervalos é adecuado.

2 Asigna un ton de cor a cada intervalo.

Sempre que sexa posible, utiliza unha mesma gama de cor para todos os intervalos: azuis, verdes…

Teñen que diferenciarse ben uns tons doutros, de maneira que, botando unha ollada ao mapa, se poida identificar rapidamente e sen dúbidas o intervalo ao que se asocia cada unidade territorial.

Utiliza o ton máis claro para o valor máis baixo e o máis escuro para o valor máis alto.

3 Traslada os datos ao mapa de coropletas.

Para iso, colorea cada unidade territorial segundo a lenda.

Faino ti

15. Elabora un mapa de coropletas a partir dos datos da táboa.

Crecemento natural da poboación das Comunidades e Cidades Autónomas (%)					
Andalucía	0,4	Castela-A Mancha	0,2	Navarra (C. Foral de)	0,3
Aragón	0,0	Cataluña	0,3	País Vasco	0,0
Asturias (Principado de)	−0,4	Comunidade Valenciana	0,3	A Rioxa	0,2
Baleares (Illas)	0,4	Estremadura	0,0	Ceuta	0,8
Canarias	0,3	Galicia	−0,3	Melilla	1,2
Cantabria	0,0	Madrid (Comunidade de)	0,6		
Castela e León	−0,3	Murcia (Rexión de)	0,6		

- Establece os intervalos. Nesta ocasión, para facilitarche o traballo, proporcionámoschos:
  - ☐ Menos de 0 %
  - ☐ De 0 a 0,2 %
  - ☐ De 0,2 a 0,4 %
  - ☐ Máis de 0,4 %
- Escolle unha gama de cor e asigna un ton a cada intervalo da lenda de arriba.
- Traslada os datos ao mapa. Colorea cada territorio en función do seu valor e a lenda que realizaches previamente.



Resumo

POBOACIÓN E SOCIEDADE NA UE E ESPAÑA	
Unión Europea	• **Poboación:** _____ habitantes. • **Trazos demográficos máis destacados:** – Envellecemento da poboación. – • **Distribución da poboación:** – Zona máis densamente poboada: – Zona menos densamente poboada: • **Migracións:** – A UE é unha área importante de… – Hoxe, os principais países receptores son: – Os inmigrantes non comunitarios proceden maioritariamente de:
España	• **Poboación:** _____ habitantes. • **Trazos demográficos máis destacados:** – Taxas de natalidade e fecundidade (alta / baixa): – Esperanza de vida (alta / baixa): – Taxa de mortalidade (alta / baixa): – Crecemento natural (alto / baixo): – Envellecemento da poboación (si / non): • **Distribución da poboación:** – Comunidades Autónomas máis poboadas: – En xeral, as provincias interiores están _____ poboadas ca as costeiras e insulares, coa excepción de _____. – Dentro de cada provincia, a poboación concéntrase en: • **Migracións:** – Ata metade do século XX predominou a (emigración / inmigración): – O destino principal foi… – Nas dúas décadas seguintes, o destino prioritario dos inmigrantes españois foi… – Na actualidade predomina a (emigración / inmigración): – Consecuencias:

TEMA

16

Cara a un mundo de cidades

Ata mediados do século XX, o 70 % da poboación mundial vivía no campo. Desde entón, esa porcentaxe foi diminuíndo e, hoxe en día, máis da metade dos habitantes do planeta reside en cidades.

Os países desenvolvidos son os máis urbanizados. Con todo, nos países en desenvolvemento é onde máis crece a poboación urbana. Calcúlase que a mediados deste século as cidades dos países en desenvolvemento acollerán o 83 % da poboación urbana do mundo.

Neste tema aprenderás como son as cidades do mundo e as relacións que se establecen entre elas.



VAS APRENDER A...

- Caracterizar o espazo rural e o espazo urbano.
- Interpretar a evolución da poboación urbana no mundo.
- Describir a rede urbana mundial.
- Identificar as singularidades das cidades dos países desenvolvidos e en desenvolvemento.
- Analizar un plano urbano.

1. O espazo rural

O **espazo rural** é o territorio onde se desenvolven a vida no campo e as actividades que se relacionan con el. Ocupa a maior parte da terra, pero está pouco poboado.

Tipos e elementos da paisaxe rural

Chamámoslle **paisaxe rural** ao aspecto visible do espazo rural. Distínguense tres tipos de paisaxes rurais:

- A **paisaxe natural** é a que non foi modificada polo ser humano. Entre os seus elementos destacan o relevo, os ríos…
- A **paisaxe agraria** resulta da práctica das actividades do sector primario. Unha das paisaxes agrarias máis características é a **paisaxe agrícola**, froito da agricultura. Nela destacan dous elementos: as parcelas e os cultivos.
  - As **parcelas** son cada unha das porcións de terreo en que se divide o espazo agrario e que pertencen a un propietario. Poden ter diferentes tamaños e formas, e estar ou non delimitadas por canles, sebes, valados, etc.
  - Os **cultivos** que se plantan e as técnicas que se usan para obtelos tamén se reflicten na paisaxe agrícola. Nunha parcela pódese plantar un só produto (**monocultivo**) ou varios (**policultivo**); regar as plantas mediante sistemas artificiais (**regadío**) ou que só reciban a auga de chuvia (**secaño**); utilizar técnicas agrícolas modernas (invernadoiros, cultivos sen terra…) ou unha agricultura tradicional.
- A **paisaxe non agraria** fórmana, principalmente, os espazos habitados (**hábitat**), as vías de comunicación e outras infraestruturas. Segundo a disposición do hábitat, distínguese entre hábitat disperso e hábitat concentrado.
  - No **hábitat disperso** as vivendas están diseminadas polo campo. Xunto a cada vivenda esténdense as terras de cultivo e os pastos que pertencen á familia.
  - No **hábitat concentrado** os edificios agrúpanse formando unha aldea ou lugar. Ao seu arredor esténdense os cultivos e os pasteiros. É o hábitat máis frecuente.

Un espazo rural en transformación

Nos últimos anos, nos países desenvolvidos, **actividades e funcións tradicionalmente urbanas trasladáronse ao campo**, incorporando novos elementos non agrarios ao espazo rural, como instalacións industriais, enerxéticas, comerciais e de ocio, turísticas… A razón principal é que o prezo do solo rural é máis baixo ca o do solo urbano.

Ademais, moitas persoas que traballan na cidade viven nas zonas rurais próximas. Por iso, resulta cada vez máis **difícil establecer o límite entre o espazo rural e o urbano**.

DICIONARIO VISUAL

Hábitat disperso



Hábitat concentrado



NON TE CONFUNDAS

Os termos *agrícola*, *agrario* e *rural* están relacionados pero non significan o mesmo.

- **Agrícola** refírese exclusivamente á agricultura.
- **Agrario** refírese ao campo en sentido amplo. Así, o espazo agrario abrangue as terras de cultivo, os pasteiros, os bosques…, pois inclúe as actividades agrícolas, gandeiras, pesqueiras e as relacionadas coa explotación forestal que nel se desenvolven.
- **Rural** fai referencia a todo o que non é urbano.

ACTIVIDADES

Comprende

1. Conceptos. Une cada termo coa súa definición.

Paisaxe natural	Rega dos cultivos con sistemas artificiais
Paisaxe rural	Relacionada coa agricultura
Paisaxe agrícola	Relacionada co campo e as súas actividades
Regadío	Non modificada polo ser humano

2. Identifica. Indica se estes elementos pertencen á paisaxe natural (N), agraria (A) ou non agraria (NA).

- ☐ Invernadoiro.
- ☐ Outeiro.
- ☐ Aldea.
- ☐ Horta.
- ☐ Ermida.
- ☐ Piñeiral.

Razoa

3. Interpreta a imaxe. Observa e responde.



- É unha paisaxe natural ou unha paisaxe agraria?

- Como se chama cada unha das porcións de terreo en que se divide o espazo?

- Como é o hábitat, concentrado ou disperso?

Aplica

4. Analiza. Observa a fotografía desta paisaxe rural dun país desenvolvido e responde.



- Que aproveitamentos económicos ves?

- No pasado, cres que a produción industrial era unha actividade propia do campo ou da cidade?

Elabora a túa conclusión

5. Resume. Completa o esquema.



2. O espazo urbano

A cidade: concepto e forma

O espazo urbano é o que ocupa unha **cidade**, que se define por:

- **O tamaño da poboación.** En España considérase cidade os núcleos de poboación que superan os 10.000 habitantes, pero esta cifra varía segundo o país: 200 habitantes en Suecia, 30.000 en Xapón...
- **A elevada densidade de poboación e de edificación.** Débese a que viven moitas persoas nun espazo relativamente pouco extenso.
- **As actividades económicas.** Os habitantes da cidade traballan na industria, na construción e, sobre todo, nos servizos.
- **A paisaxe urbana.** Caracterízase por bloques de edificios altos e próximos, amplas avenidas con tráfico intenso, zonas verdes artificiais e numerosos servizos públicos e locais de ocio.
- **A influencia sobre o medio.** A actividade económica e os servizos dunha cidade exercen unha influencia sobre o territorio circundante, incluíndo outras poboacións menores.

A forma dunha cidade está moi condicionada pola súa **localización**, é dicir, polo lugar exacto onde se asenta a cidade (un outeiro, nas beiras dun río ou do mar, etc.) e por como se produciu o seu crecemento, que se pode coñecer a través do plano urbano.

O **plano urbano** é unha representación esquemática da cidade que mostra como se dispoñen os espazos edificados e libres (rúas, parques…). Onde o crecemento non foi planificado, o plano urbano será **irregular**, desordenado, mentres que as zonas que foron planificadas presentarán un plano **regular**, ordenado.

Función e estrutura das cidades

A cidade desempeña unhas **funcións respecto ao territorio** que a rodea. Unha cidade pode destacar por unha función, que se corresponde coa súa **actividade socioeconómica dominante**: política, financeira, universitaria, relixiosa, comercial…

Pero as cidades exercen moitas funcións diferentes, e máis canto maior é o tamaño da cidade.

Dentro dunha cidade pódense distinguir varias áreas segundo a función ou o uso do solo predominante: o **centro urbano**, que adoita ser a parte máis antiga e unha zona de intensa actividade comercial, de ocio e de negocios, e as **áreas residenciais**, as **áreas de servizos** e as **áreas industriais** cada vez máis presentes na periferia urbana. A distribución no espazo destas áreas define a **estrutura interna** da cidade.

DICIONARIO VISUAL

Plano irregular



As rúas, a miúdo estreitas e sinuosas, non seguen unha orde nin manteñen a mesma anchura en todo o seu percorrido. Hai poucos espazos abertos. É típico do centro das cidades musulmás e de barrios medievais.

Plano regular



As rúas son rectas e os edificios agrúpanse en mazás, dando o aspecto dun xogo de damas; por iso tamén se chama **plano en cuadrícula ou en dameiro**. É típico de zonas urbanas máis recentes que foron planificadas.

ACTIVIDADES

Comprende

6. Conceptos. Explica o significado destes termos.

- Plano urbano:

- Localización urbana:

- Paisaxe urbana:

7. Lembra. Di como teñen que ser estes aspectos para que un núcleo de poboación sexa considerado unha cidade.

- Número de habitantes en España.

- Densidade de poboación e de edificación.

- Actividades económicas.

- Aspecto externo ou paisaxe.

- Área de influencia.

8. Identifica. Escribe V (verdadeiro) ou F (falso) e converte as afirmacións falsas en verdadeiras.

☐ A parte da cidade que xurdiu sen planificación presenta un plano regular.

☐ As cidades só exercen unha función.

☐ Na periferia urbana proliferaron as áreas residenciais, industriais e de servizos.

Aplica

9. Interpreta as imaxes. Observa as seguintes fotografías e responde.





- Describe o que ves en cada imaxe.

  A:

  B:

- Que función principal dirías que cumpren?

  A:

  B:

- En que área da cidade situarías cada unha?

  A:

  B:

3. A explosión urbana

No ano 1800, só o 3 % da poboación mundial vivía en cidades; en 1950 facíao case o 30 %; hoxe en día, máis da metade da poboación, e prevese que a mediados deste século a poboación urbana alcance o 70 %. Este rápido crecemento da poboación das cidades denomínase **explosión urbana**.

O crecemento das cidades explícase porque son centros de actividade económica e, como tales, ofrecen máis oportunidades de emprego. Ademais, contan cunha maior cantidade e variedade de servizos e estes son máis especializados.

Os países desenvolvidos están máis urbanizados: o 75 % dos seus habitantes reside en cidades, fronte ao 44 % de media nos países menos desenvolvidos. Con todo, é nestes últimos onde as cidades crecen máis. Calcúlase que en 2050 as súas cidades acollerán o 83 % da poboación urbana do mundo.

A maioría das cidades son de tamaño mediano e pequeno, con menos de 500.000 habitantes. Pero nas últimas décadas aumentou o número de aglomeracións urbanas que teñen 10 millóns ou máis de habitantes. Son as chamadas **cidades xigantes ou megacidades**.

4. A rede urbana mundial

As cidades son os centros políticos, económicos, culturais e de comunicacións de extensas zonas. Ademais, as cidades relaciónanse entre si e forman unha **rede urbana xerarquizada**; é dicir, existe unha orde de importancia das cidades en función da influencia que cada unha exerce sobre as demais.

Na rede urbana mundial distínguense:

- **Metrópoles mundiais.** Son cidades principais dun Estado ou dunha rexión cuxa influencia vai máis alá do seu propio país. Este é o caso de Nova York, Toquio ou Londres. Nelas teñen a súa sede institucións internacionais, as principais bolsas de valores, as grandes empresas multinacionais, etc.
- **Metrópoles nacionais.** Son as capitais dos Estados e as cidades que exercen unha influencia sobre o territorio do seu país. Acollen os servizos máis especializados, como os órganos de goberno e de administración do Estado e as sedes das grandes empresas. Normalmente, cada país ten unha ou dúas metrópoles nacionais.
- **Metrópoles rexionais.** Son as cidades cuxa área de influencia é unha rexión do seu país. Máis pequenas ca as metrópoles nacionais, ofrecen servizos menos especializados.
- **Cidades máis pequenas.** A súa influencia limítase a un territorio pouco extenso.

FÍXATE

Mentres que nas rexións máis desenvolvidas o **crecemento urbano** será nulo durante a década de 2010, nas rexións en desenvolvemento e nas máis atrasadas o crecemento será moi intenso.

Crecemento urbano estimado entre 2010 e 2020



Fonte: *Euromonitor International, WTM Global Trends Report 2011.*

ACTIVIDADES

Comprende

10. Lembra. Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

- ☐ O 75 % da poboación mundial vive en cidades.
- ☐ Os países desenvolvidos están máis urbanizados.
- ☐ Na actualidade, a poboación urbana aumenta máis nos países desenvolvidos.
- ☐ A maioría das cidades son grandes.

11. Ordena. Mediante números do 1 ao 4, explica como é a rede urbana mundial ordenando as cidades de maior importancia (1) a menor importancia (4).

○ Metrópole rexional	○ Cidade menor	○ Metrópole nacional	○ Metrópole mundial

12. Conceptos. No seguinte texto hai un erro. Corríxeo e copia o texto debaixo correctamente.

> As cidades do mundo relaciónanse entre elas formando unha rede urbana. Nesta rede urbana existe unha xerarquía ou orde de importancia das cidades en función da maior ou menor poboación que ten cada unha.

Aplica

13. Interpreta o mapa. Observa o mapa e responde.

Poboación urbana e megacidades



- En que continente é menor a poboación urbana?
- Como son os seus países, pouco ou moi desenvolvidos?
- En que continentes é maior a poboación urbana?
- Que habitantes ten unha megacidade?
- En que continente hai máis megacidades?
- Hai algunha en Europa occidental?

5. As cidades dos países desenvolvidos

En xeral, pódense establecer dous modelos de cidades segundo o ámbito xeográfico:

- **As cidades anglosaxoas.** As cidades de Estados Unidos, Canadá, Australia e Nova Zelandia presentan un **plano regular**, pois construíronse nos séculos XIX e XX seguindo un plan urbanístico. Nelas, o centro urbano é o **Distrito Central de Negocios**, tamén coñecido polas súas siglas en inglés: **CBD**. É unha área fundamentalmente de servizos, que concentra multitude de oficinas e comercios, e mostra un aspecto moderno dominado polos rañaceos.
- **As cidades europeas.** Aínda que en Europa tamén hai cidades de recente creación, a maioría delas teñen unha longa historia, que se reflicte nas súas edificacións e no plano urbano. O **centro** é a parte máis antiga da cidade e alberga os principais monumentos históricos. Nesta zona, o **plano** é normalmente **irregular** debido á falta de planificación nas súas orixes. Aínda que o centro a miúdo acolle as actividades económicas do CBD, tamén conta con numerosos edificios antigos destinados a vivendas, moitos dos cales foron rehabilitados.

Algo común a ambos os tipos de cidades é o **forte crecemento da súa periferia**, sobre todo nas cidades norteamericanas, onde o 80 % da poboación vive nas aforas.

DICIONARIO VISUAL

Centro das cidades anglosaxoas: CBD



Centro das cidades europeas



6. As cidades dos países en desenvolvemento

Asia, América Latina e África mostran **grandes diferenzas nas paisaxes urbanas** como resultado da súa diversidade cultural e historia. Deste xeito, nas cidades musulmás os elementos urbanos máis destacados son as mesquitas e mais os bazares ou mercados, mentres que nas cidades latinoamericanas destaca unha gran praza central que está flanqueada por edificios históricos.

Pero un trazo común a todas as cidades destes países son os **fortes contrastes**, que obedecen a:

- **As diferenzas de riqueza.** Unha minoría rica ocupa os modernos edificios das mellores zonas da cidade, mentres que a maioría da poboación vive nos barrios degradados do centro e, sobre todo, nos barrios de chabolas da periferia.
- **As achegas de dúas culturas, a nativa e a estranxeira.** Moitos países en desenvolvemento foron colonizados polos europeos no pasado, e ese pasado colonial deixou a súa pegada nos edificios e no plano urbano. Así, podemos encontrar barrios típicos do país xunto a grandiosos edificios de estilo occidental.

SABÍAS QUE...

Todas as grandes cidades comparten uns mesmos problemas:

- A conxestión de tráfico, sobre todo nas «horas punta» e nas estradas que unen o centro coas áreas residenciais da periferia.
- A contaminación atmosférica.
- O elevado prezo do solo e das vivendas.
- As barriadas de chabolas e a marxinación social dos que as habitan.
- O custoso tratamento e eliminación de gran cantidade de lixo.
- O abastecemento de auga, alimentos e enerxía.

ACTIVIDADES

Comprende

14. Lembra. Observa estes esquemas de distintas cidades do mundo e responde.

Cidade de Estados Unidos



- Que parte da cidade se coñece coas siglas CBD?

- Que tipo de edificios non son propios do CBD? Marca.

  ☐ Oficinas ☐ Comercios ☐ Fábricas

- Como son os edificios no CBD das cidades estadounidenses?

- En que parte da cidade se sitúan a maioría dos barrios residenciais en Estados Unidos?

Cidade de Europa



- Cal é a parte máis antiga da cidade?

- Como é normalmente o seu plano?

- Que funcións ou usos do solo podemos encontrar na periferia urbana das cidades europeas?

Cidade de Latinoamérica



- Onde vive a poboación rica?

- E a poboación pobre?

- Como explicarías a coexistencia de edificios típicos do país e outros de estilo europeo no centro de moitas cidades latinoamericanas? Se non o lembras, relé o último parágrafo.

Paso a paso: Analizar un plano urbano

Un **plano urbano** é unha representación esquemática dunha cidade. A súa análise permite coñecer a forma da cidade, as súas funcións e estrutura interna, e algo da súa historia.

Observa este plano da cidade de Valencia.



Que pasos debes seguir?

1 Fíxate no trazado das rúas e zonas edificadas.

Observa se as rúas son anchas ou estreitas, rectas ou sinuosas.

Fíxate tamén se os edificios están amoreados ou organizados en mazás.

2 Identifica o tipo ou tipos de plano na cidade.

Se pensas que é unha cidade antiga, trata de diferenciar tres partes: o centro histórico; os ensanches do século XIX e primeira metade do século XX, que de forma planificada estenderon a cidade; e as áreas da periferia.

3 Fíxate nos edificios destacados.

Nos planos, só se sinalan os edificios que teñen maior interese ou valor histórico: a catedral, a universidade, os museos…

4 Identifica algúns usos do solo.

Localiza os polígonos industriais, as estacións de ferrocarril, os hospitais, as urbanizacións…

Esa información permitirache saber se o uso do solo é residencial, industrial ou de servizos, e de que tipo de servizos se trata (de transporte, deportivo, de ocio, cultural, sanitario…).

5 Fíxate no nome das rúas.

Os nomes das rúas e prazas achéganos á historia da cidade.

Os nomes fan referencia ao lugar a onde conducían (rúa das Hortas), a familias ilustres que viviron na localidade (praza do Conde de Miranda), aos oficios que se realizaban (Acibecharía), a un edificio público (praza do Concello)…

Faino ti

15. Describe o plano de Valencia.

- Superpón unha folla de papel vexetal sobre o plano. Colorea:
  - En vermello, a parte que consideres o centro histórico da cidade.
  - En amarelo, a zona do ensanche.
  - En verde, a periferia.
- Como son as rúas no centro urbano? Marca.
  - ☐ Sinuosas e estreitas
  - ☐ Rectas e máis anchas
- Como son as rúas no ensanche? Marca.
  - ☐ Sinuosas e estreitas
  - ☐ Rectas e máis anchas
- Como é o plano no centro e no ensanche? Une.

Centro histórico	Plano regular
Ensanche	Plano irregular

16. Analiza a estrutura interna da cidade.

- En que área da cidade se localizan os principais monumentos?

_____

- Que funcións dirías que cumpre o centro urbano? Marca.
  - ☐ Comercial e de ocio
  - ☐ Industrial
  - ☐ Política
  - ☐ Turística
- Que función principal cres que ten a zona do ensanche?

_____

- Que funcións destacarías na periferia urbana?

_____

- Escribe o nome dunha rúa que faga referencia a un personaxe destacado. Se sabes por que destacou, indícao.

_____

Resumo

CARA A UN MUNDO DE CIDADES

O espazo rural

- O espazo rural é:
- Tipos de paisaxe rural:

O espazo urbano: a cidade

Aspectos que definen a cidade

- *Tamaño da poboación.*
-
-
-

Plano urbano

- Definición:
- Tipos:

Áreas urbanas segundo a función

- *Áreas residenciais.*
-
-

A rede urbana mundial

- **Metrópoles mundiais** — Área de influencia:
- **Metrópoles nacionais** — Área de influencia:
- **Metrópoles rexionais** — Área de influencia:
- **Cidades menores** — Área de influencia:

Poboación urbana e cidades do mundo

- A poboación urbana aumenta máis nos países…
- Nos países desenvolvidos, a parte da cidade que máis crece é…
- Nos países en desenvolvemento, os fortes contrastes obedecen a…

TEMA

17

As cidades en Europa e España

A Unión Europea é unha das rexións urbanas máis importantes do mundo. Preto do 80 % da poboación comunitaria vive en cidades. A maioría destas cidades ten unha longa historia que se reflicte na súa forma, estrutura urbana e edificios.

Neste tema coñecerás como son as cidades da Unión Europea e, en particular, as cidades españolas.



VAS APRENDER A...

- Analizar a evolución das cidades europeas ao longo da historia.
- Describir o proceso de urbanización en España.
- Recoñecer a xerarquía urbana española.
- Explicar como se xestionan as cidades españolas.

1. A longa historia das cidades europeas

As cidades da Antigüidade

As primeiras cidades europeas xurdiron no segundo milenio antes de Cristo na antiga Grecia.

- **A cidade grega.** A antiga Grecia chegou a ter unha rede urbana formada por máis de 500 cidades-estado, chamadas **polis**. Estas tiñan dous centros: a **ágora** ou praza pública, onde se desenvolvía a vida comercial, cultural e política, e a **acrópole**, situada na parte máis alta da cidade e onde se levantaban os principais templos.
- **A cidade romana.** Tiña un **trazado regular** en que destacaban dúas rúas principais: o **cardo**, que atravesaba a cidade de norte a sur, e o **decumano**, que o facía de leste a oeste. No cruzamento de ambas as rúas situábase o **foro**, unha praza que acollía os edificios máis importantes. A súa planificación incluía canalizacións de auga, baños públicos, anfiteatros…

Tras a caída do imperio romano no ano 476, as cidades europeas entraron en declive.

As cidades na Idade Media e na Idade Moderna

No século XII produciuse o renacer das cidades.

- **A cidade medieval.** Presentaba un **plano irregular**, con rúas estreitas e retortas, adaptadas ao terreo. Estaba rodeada por unha muralla e no centro encontrábanse os edificios máis importantes (concello, catedral, palacios…).
- **A cidade na Idade Moderna.** Os reis e a Igrexa embelecéron e melloraron as cidades como unha forma de exaltar o seu poder. Construíronse grandes palacios con xardíns, igrexas e monumentos xunto a amplas avenidas.

As cidades na Idade Contemporánea

Desde finais do século XVIII, as cidades creceron moito.

- **A cidade industrial.** A industrialización xerou un éxodo rural e un extraordinario crecemento das cidades. Para que puidesen crecer, derrubáronse moitas murallas. Os **barrios obreiros**, de vivendas pequenas e insalubres, situábanse xunto ás fábricas. Contrastaban cos **barrios burgueses** ou **ensanches**, caracterizados polo seu trazado regular, amplas avenidas, bos servizos e edificios luxosos.
- **A cidade actual.** As cidades creceron moito, pero a maioría son de pequeno ou mediano tamaño; só unhas poucas superan o millón de habitantes. A **periferia** urbana tivo unha forte expansión coa construción de grandes barrios residenciais, polígonos industriais, parques empresariais e tecnolóxicos, e superficies comerciais e de ocio.

DICIONARIO VISUAL

Acrópole grega



Cidade medieval



Palacio con xardín



Ensanche do século XIX



ACTIVIDADES

Comprende

1. Conceptos. Relaciona cada elemento coa cidade.

Muralla	Cidade grega
Ensanche	Cidade romana
Ágora	Cidade medieval
Grandes xardíns	Cidade Idade Moderna
Foro	Cidade industrial

2. Lembra. Marca a resposta correcta.

- Que era unha polis?
  - ☐ O nome dado ás cidades romanas.
  - ☐ O nome dado ás cidades-Estado gregas, que constituían un Estado independente.
- Que son o cardo e o decumano?
  - ☐ As rúas principais da cidade romana.
  - ☐ Os barrios principais da cidade romana.
- Que é a ágora?
  - ☐ A parte máis alta da cidade grega, onde se encontraban os principais templos.
  - ☐ A praza pública da cidade grega que constituía o centro comercial, político e cultural.
- Dous elementos característicos da cidade medieval son:
  - ☐ A muralla e o trazado regular.
  - ☐ A muralla e o trazado irregular.
- A finais do século XVIII e no século XIX produciuse un extraordinario crecemento urbano en Europa debido:
  - ☐ Ás mellores condicións de vida nas cidades.
  - ☐ Á industrialización, focalizada nas cidades.
- A parte da cidade actual que máis crece é:
  - ☐ O centro.
  - ☐ O ensanche do século XIX.
  - ☐ A periferia urbana.

Razoa

3. Interpreta o gráfico. Observa o gráfico e responde.



Fonte: *Nacións Unidas 2011.*

- Cales son as tres maiores cidades da UE?

- Consideraríalas metrópoles mundiais ou nacionais? Por que?

Aplica

4. Interpreta a imaxe. Observa e responde.



- Como é o seu trazado, regular ou irregular? A que se debe?

- Que nome recibe este barrio característico do século XIX?

- Con que tipo de barrio relacionarías esta parte da cidade, cun obreiro ou cun burgués?

2. As cidades españolas

O proceso de urbanización

Ata mediados do século XX, a maioría da poboación española vivía en núcleos rurais, é dicir, de menos de 10.000 habitantes. Pero, a partir desa data, o crecemento da industria e dos servizos, así como a introdución de melloras técnicas nas actividades agrarias, orixinou un grande **éxodo rural**.

As cidades tiveron que acondicionarse para acoller esa importante poboación rural e dotarse dos recursos necesarios. Así, demoléronse ou rehabilitáronse edificios antigos, xurdiron barrios na periferia, creáronse polígonos industriais e aumentaron as actividades de servizos.

Na actualidade, unhas tres cuartas partes da poboación é urbana. As principais cidades son: Madrid, a capital do Estado, con máis de tres millóns de habitantes, e Barcelona, que supera o millón e medio. Séguenas Valencia, Sevilla, Zaragoza e Málaga, todas elas con máis de 550.000 habitantes. Só estas seis cidades acollen o 17 % da poboación do país. O resto da poboación urbana vive en cidades de mediano ou pequeno tamaño.

A xerarquía urbana española

En España, a rede urbana está formada por:

- **Dúas metrópoles nacionais: Madrid e Barcelona.** Ambas as dúas exercen unha influencia política, económica e cultural sobre o resto do país.
- **Metrópoles rexionais.** Son cidades que funcionan como centros comerciais, administrativos, culturais, educativos, etc., das súas Comunidades Autónomas.
- **Metrópoles subrexionais.** Son cidades que ofrecen certos servizos moi especializados, como universidades ou grandes hospitais, que atraen a unha importante poboación, pero dunha área máis reducida ca a da Comunidade.
- **Cidades de mediano tamaño.** Serven como centros de servizos das súas provincias.
- **Cidades pequenas.** Teñen menos de 50.000 habitantes e a súa área de influencia é a comarca.

A xestión das cidades españolas

Cada cidade está gobernada por un **concello**, formado por un alcalde e varios concelleiros. As **funcións** principais do concello son: distribuír o orzamento segundo as necesidades da cidade, reducir os problemas urbanos e elaborar o Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) para planificar o crecemento da cidade.

FÍXATE

Ao longo do século XX, a poboación española pasou de ser maioritariamente rural e dedicada ás actividades agrarias, a ser unha poboación fundamentalmente urbana e dedicada á industria e, sobre todo, aos servizos.



Fonte: *Censos INE.*

SABÍAS QUE...

O PXOU cualifica o solo en:

- **Urbano:** o que está edificado ou urbanizado.
- **Urbanizable:** o que está programado para urbanizar, o que esixe acondicionalo con infraestruturas básicas (sumidorios, iluminación, rúas...).
- **Non urbanizable:** o que non se pode urbanizar por estar protexido (como os parques naturais) ou por ter un uso agrícola ou gandeiro.

Tamén establece o uso do solo: residencial, industrial, de servizos...

A cualificación e o uso do solo pódense cambiar se o concello o considera oportuno.

ACTIVIDADES

Comprende

5. Lembra. Responde as preguntas.

- Ata cando a poboación española foi maioritariamente rural?

- Canta poboación é urbana actualmente?

- En España, cantos habitantes ten que ter un núcleo de poboación para ser considerado unha cidade?

6. Clasifica. Completa o esquema.



Aplica

7. Interpreta o mapa. Observa o mapa e responde.

Xerarquía urbana



- Cita as metrópoles nacionais e área de influencia.

- Cita tres metrópoles rexionais. Cal é a súa área de influencia?

- Enumera tres metrópoles subrexionais.

- Vives nunha cidade? Identifícala no mapa? Que lugar ocupa na rede urbana?

Resumo

AS CIDADES EN EUROPA E ESPAÑA

Trazos das cidades europeas

- Cidade grega:
- Cidade romana:
- Cidade medieval:
- Cidade da Idade Moderna:
- Cidade industrial:
- Cidade actual:

Cidades españolas e poboación urbana

- Ata mediados do século XX a poboación era maioritariamente…
- A mediados do século XX iníciase un importante…
- Hoxe, a poboación urbana supón…
- As maiores cidades son:

A rede urbana española

- **Metrópoles nacionais** — Área de influencia:
- **Metrópoles rexionais** — Área de influencia:
- **Metrópoles subrexionais** — Área de influencia:
- **Cidades medianas** — Área de influencia:
- **Cidades pequenas** — Área de influencia:

A xestión das cidades españolas

- Da xestión da cidade encárgase…
- Está formado por:
- As súas funcións principais son:


Mapa político de España
Mar Cantábrico
FRANCIA
PRINCIPADO DE ASTURIAS
Oviedo
Santander
Bilbao
Donostia/ S.Sebastián
A Coruña
Santiago de Compostela
GALICIA
Lugo
CANTABRIA
PAÍS VASCO
COMUNIDADE FORAL DE NAVARRA
Vitoria-Gasteiz
Pamplona
León
Pontevedra
Ourense
Logroño
A RIOXA
Huesca
CATALUÑA
Xirona
Palencia
Burgos
CASTELA E LEÓN
Zaragoza
Lleida
Soria
Zamora
Valladolid
ARAGÓN
Barcelona
Segovia
Tarragona
OCÉANO ATLÁNTICO
Salamanca
Guadalaxara
Ávila
Madrid
Teruel
ILLAS BALEARES
COMUNIDADE DE MADRID
Castelló
Toledo
Cuenca
Palma
Cáceres
Valencia
ESTREMADURA
CASTELA-A MANCHA
COMUNIDADE VALENCIANA
PORTUGAL
Mérida
Badaxoz
Ciudad Real
Albacete
Alacant
Murcia
Córdoba
Xaén
REXIÓN DE MURCIA
Huelva
Sevilla
ANDALUCÍA
Granada
Almería
Cádiz
Málaga
Mar Mediterráneo
OCÉANO ATLÁNTICO
CANARIAS
Santa Cruz de Tenerife
Las Palmas de Gran Canaria
Ceuta
Melilla
ALXERIA
MARROCOS
0
64 km
Límite de Estado
Límite de Comunidade Autónoma
Límite de provincia
Madrid Capital de Estado
Mérida Capital de Comunidade Autónoma
Cuenca Capital de provincia
Ceuta Cidade Autónoma


Mapa político de Europa
OCÉANO GLACIAL ÁRTICO
Círculo Polar Ártico
Meridiano de Greenwich
Mar de Noruega
Mar do Norte
Mar Báltico
Mar Caspio
Mar Negro
Mar Mediterráneo
OCÉANO ATLÁNTICO
ISLANDIA
Reykjavik
I. Feroe (Din.)
NORUEGA
SUECIA
FINLANDIA
Helsinqui
Oslo
Estocolmo
Tallin
ESTONIA
FEDERACIÓN DE RUSIA
Moscova
LETONIA
Riga
LITUANIA
Vilna
Minsk
BIELORRUSIA
DINAMARCA
Copenhague
IRLANDA
Dublín
REINO UNIDO
Londres
PAÍSES BAIXOS
Ámsterdam
BÉLXICA
Bruxelas
ALEMAÑA
Berlín
POLONIA
Varsovia
Kiev
UCRAÍNA
Luxemburgo
LUXEMBURGO
París
FRANCIA
REPÚBLICA CHECA
Praga
ESLOVAQUIA
Viena
Bratislava
MOLDAVIA
Kishiniov
LIECHTENSTEIN
Berna
Vaduz
SUÍZA
AUSTRIA
HUNGRÍA
Budapest
ROMANÍA
Bucarest
ESLOVENIA
Liubliana
Zagreb
CROACIA
Belgrado
BOSNIA-HERCEGOVINA
SERBIA
XEORXIA
Tbilisi
Bakú
ACERBAIXÁN
ARMENIA
Ereván
Andorra la Vella
ANDORRA
Mónaco
MÓNACO
San Marino
SAN MARINO
Sarajevo
BULGARIA
Sofía
Pristina
KOSOVO
Podgorica
MONTENEGRO
Skopje
MACEDONIA
Tirana
ALBANIA
Roma
CIDADE DO VATICANO
ITALIA
PORTUGAL
Madrid
Lisboa
ESPAÑA
Ankara
TURQUÍA
GRECIA
Atenas
Nicosia
CHIPRE
MALTA
La Valletta
Xibraltar (R. U.)
Ceuta
Melilla
Illas Canarias
0 230 km
Capital de Estado
KOSOVO Declarou a independencia en 2008, pero non foi recoñecida por todos os Estados do mundo
BÉLXICA País da Unión Europea
SUÍZA País europeo non comunitario


Mapa político do mundo
OCÉANO GLACIAL ÁRTICO
Círculo Polar Ártico
Trópico de Cáncer
0º Ecuador
Trópico de Capricornio
Círculo Polar Antártico
OCÉANO GLACIAL ANTÁRTICO
OCÉANO PACÍFICO
OCÉANO ATLÁNTICO
OCÉANO ÍNDICO
GROENLANDIA
ISLANDIA
NORUEGA
SUECIA
FINLANDIA
FEDERACIÓN DE RUSIA
CANADÁ
ESTADOS UNIDOS
MÉXICO
REINO UNIDO
IRLANDA
PORTUGAL
ESPAÑA
MARROCOS
ALXERIA
LIBIA
EXIPTO
SÁHARA OCCIDENTAL
MAURITANIA
MALÍ
NÍXER
CHAD
SUDÁN
ERITREA
IEMEN
CABO VERDE
SENEGAL
GAMBIA
BURQUINA FASO
GUINEA
GUINEA-BISSAU
NIXERIA
BENIN
GHANA
COSTA DE MARFIL
TOGO
SERRA LEOA
LIBERIA
CAMERÚN
REPÚBLICA CENTROAFRICANA
SUDÁN DO SUR
ETIOPÍA
SOMALIA
REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DO CONGO
UGANDA
KENYA
RUANDA
BURUNDI
GABÓN
CONGO
GUINEA ECUATORIAL
SÃO TOMÉ E PRÍNCIPE
TANZANIA
SEYCHELLES
MALAWI
COMORES
ANGOLA
ZAMBIA
ZIMBABUE
MOZAMBIQUE
MADAGASCAR
MAURICIO
BOTSWANA
NAMIBIA
SUAZILANDIA
LESOTO
SURÁFRICA
KAZAKHSTÁN
MONGOLIA
ACERBAIXÁN
XEORXIA
ARMENIA
USBEQUISTÁN
KIRGUIZISTÁN
TURQUÍA
TURKMENISTÁN
TAXIQUISTÁN
CHIPRE
SIRIA
LÍBANO
ISRAEL
IRAQ
XORDANIA
IRÁN
AFGANISTÁN
PAQUISTÁN
KUWAIT
BAHREIN
QATAR
E.A.U.
ARABIA SAUDITA
OMÁN
CHINA
NEPAL
BUTÁN
BANGLADESH
INDIA
MYANMAR
LAOS
TAILANDIA
VIETNAM
CAMBODJA
SRI LANKA
COREA DO NORTE
COREA DO SUR
XAPÓN
TAIWÁN
FILIPINAS
BRUNEI
MALAISIA
SINGAPURA
INDONESIA
PALAOS
ILLAS MARSHALL
ESTADOS FEDERADOS DE MICRONESIA
PAPÚA NOVA GUINEA
TIMOR ORIENTAL
NAURU
TUVALU
ILLAS SALOMÓN
VANUATU
FIXI
AUSTRALIA
NOVA ZELANDIA
SURINAM
GUIANA FRANCESA
GUIANA
COLOMBIA
ECUADOR
PERÚ
BRASIL
BOLIVIA
PARAGUAI
URUGUAI
CHILE
ARXENTINA
ANTÁRTIDA
0 500 km
BAHAMAS
CUBA
REPÚBLICA DOMINICANA
HAITÍ
PORTO RICO
ANTIGUA E BARBUDA
BELICE
XAMAICA
SAINT KITTS E NEVIS
DOMINICA
GUATEMALA
HONDURAS
O SALVADOR
SANTA LUCÍA
SAN VICENTE E GRANADINAS
BARBADOS
NICARAGUA
GRANADA
COSTA RICA
TRINIDAD E TOBAGO
PANAMÁ
VENEZUELA
ESTONIA
SUECIA
LETONIA
DINAMARCA
LITUANIA
PAÍSES BAIXOS
ALEMAÑA
POLONIA
BIELORRUSIA
BÉLXICA
LUXEMBURGO
REPÚBLICA CHECA
UCRAÍNA
LIECHTENSTEIN
ESLOVAQUIA
AUSTRIA
HUNGRÍA
MOLDAVIA
SUÍZA
FRANCIA
ESLOVENIA
CROACIA
ROMANÍA
SAN MARINO
SERBIA
MÓNACO
ANDORRA
BOSNIA-HERCEGOVINA
ITALIA
BULGARIA
MONTENEGRO
KOSOVO
CIDADE DO VATICANO
MACEDONIA
ALBANIA
GRECIA
ALXERIA
TUNISIA
MALTA
0 500 km
KOSOVO
A súa independencia non foi recoñecida por todos os Estados
0 1.140 km

Dirección de arte: **Xosé Crespo**

Proxecto gráfico:
Portada: **Pep Carrió**
Interiores: **Rosa Barriga, Manuel García**

Ilustración: **Domingo Benito, Carlos Fernández, Joaquín Marín, Antonio Muñoz Tenllado, Álvaro Núñez, Javier Vázquez, Pablo Vázquez**

Fotografía de cuberta: **Antonio Fernández**

Xefa de proxecto: **Rosa Marín**
Coordinación de ilustración: **Carlos Aguilera**
Xefe de desenvolvemento de proxecto: **Javier Tejeda**
Desenvolvemento gráfico: **Raúl de Andrés, Jorge Gómez**

Dirección técnica: **Ángel García Encinar**

Coordinación técnica: **Ester Marín, Jesús Muela, Manuel Baña**
Confección e montaxe: **Adela Fuentes, Manuel Baña, Fernando Calonge, Luis González**
Elaboración cartográfica: **José Luis Gil, Tania López, José Manuel Solano**
Coordinación cartográfica: **Ana Isabel Calvo**

Asesoramento lingüístico: **Luz Cures, Natalia Vázquez, Antón Palacio, Laura Sousa**
Documentación e selección fotográfica: **Nieves Marinas**

Fotografías: A. Real; Algar; D. Lezama; E. Lledó; F. Ontañón; F. Po; J. C. Martínez; J. C. Muñoz; J. Calveras/J. Sagristà; J. Escandell.com; J. Lucas; J. Rosselló; J. V. Resino; Krauel; Michele di Piccione; O. Torres; ORONOZ; R. Manent; S. Cid; S. Padura; A. G. E. FOTOSTOCK/David Martyn Hughes, Philip H. Coblentz, Florian Monheim, Michael Short; ALBUM/Universal History Archive/Universal Images Group, akg/Bildarchiv Monheim, Oronoz; ARXIU MAS; DIGITALVISION; EFE/SIPA IMAGE/Frilet; FACTEUR D'IMAGES/Fabien Malot; FLASH PRESS/Gamma/Ken Kirby; FOTOGRAFÍA F3; GETTY IMAGES SALES SPAIN/Photos.com Plus; HIGHRES PRESS STOCK/AbleStock.com; I. PREYSLER; IBIZA FOTOESTUDIO/R. MARTÍNEZ; ISTOCKPHOTO; MUSEUM ICONOGRAFÍA/J. Martin; SAFI 2000; SCALA GROUP; Sarriopapel y Celulosa S. A.; BIBLIOTECA NACIONAL DE ESPAÑA/Laboratorio Biblioteca Nacional; BLOM Sistemas Geoespaciales; BNF/Ph. Bibl. Nat. de France/Clam/Christine de Coninck; E. Molina; F. Martínez; GALERÍA DA ACADEMIA, FLORENCIA; GALERÍA DOS UFFIZI, FLORENCIA; GALERÍA NACIONAL, ROMA; HOSPITAL TAVERA, TOLEDO; M. Ortega/J. Frías; MNAC-Museu Nacional d'Art de Catalunya. Barcelona/MNAC (Calveras/Sagristà); MUSEO DE ARTE E DE HISTORIA, XENEBRA; MUSEO NACIONAL DO BARGELLO, FLORENCIA; MUSEO NACIONAL DO PRADO/Laboratorio do Museo do Prado/MUSEO DO PRADO - MADRID - DEREITOS RESERVADOS. PROHIBIDA A REPRODUCIÓN TOTAL OU PARCIAL; PINACOTECA BRERA, MILAN; Sanz Vega; SERIDEC PHOTOIMAGENES CD/DigitalVision; ARQUIVO SANTILLANA

© 2012 by Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.
Ruela de Entrecercas, 2. 15705 Santiago de Compostela
Printed in Spain

ISBN: 978-84-9972-125-5
CP: 374429
Depósito legal:

A presente obra está protexida polas leis de dereitos de autor e a súa propiedade intelectual correspóndelle a Obradoiro/Santillana. Aos lexítimos usuarios desta só lles está permitido realizar fotocopias para o seu uso como material de aula. Queda prohibida calquera utilización fóra dos usos permitidos, especialmente aquela que teña fins comerciais.